

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e seis de abril de dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asiste o deputado provincial do Grupo Popular don José Antonio Feijóo Alonso.

D. José Víctor González Vázquez, deputado do Grupo Socialista, ausentouse da sesión cando se trataba o punto catorce da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE MARZO DE 2013.-

O Sr. presidente pregúntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de marzo de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA REAL BANDA DE GAITAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, proponlle ao presidente que este punto sexa debatido conxuntamente co seguinte punto da orde do día, aínda que despois se voten por separado.

O **Sr. presidente** manifesta que non ten ningún inconveniente en debater os dous puntos conxuntamente e despois votalos por separado, sempre que os demais grupos acepten esta proposta. Tódolos grupos aceptan a proposta, polo que o Sr. presidente lle cede novamente a palabra ao Sr. secretario para que dea lectura ao ditame do punto terceiro da orde do día.

O **Sr. secretario** manifesta que o acordo é análogo ao anterior, e dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, comeza o debate coa seguinte frase *Sermos nós mesmos ou sermos de fóra*. Con estas verbas tan directas, Raúl Galego titulaba o seu artigo en *A Nosa Terra* en 1995. Son moitas as voces críticas que teñen cuestionado e denunciado ao longo de todos estes anos, a introdución dun modelo que nada ten que ver coa realidade do noso país. A nosa terra é cultura, iso é indubidable, e alá onde vaiamos achamos lendas, tradicións, arte ..., un legado histórico que a fai diferente, única e singular, e a música forma parte dese legado, dese fermoso mundo que cada vez está máis ameazado pola implantación dun tipo de bandas de gaitas, que beben dun modelo non autóctono. Este arquetipo provén de Escocia e afecta tanto á vestimenta, aos instrumentos como á estética ou as pezas que se interpretan. Se alguén representa este modelo deturpado é a Real Banda de Gaitas da Deputación. É certo que para xustificar as cousas poden utilizarse mil e unha razóns. Así, o actual director da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, para lexitimar a súa existencia non dubida en recorrer a argumentacións peregrinas baseadas en teorías que falan de que o ideario musical galego provén dunha tradición pasada e perdida, xustificando que esta nova introdución suporía tanto unha dignificación dos instrumentos como un novo entronque co mundo celta. Está claro que o actual director da Real Banda de Gaitas entende por dignificación o que para o BNG é suplantación duns instrumentos por outros que nada teñen que ver coa nosa realidade, e que o entronque co mundo celta significa reducir o campo de acción da gaita galega, que ten un marco expansivo máis aló do mundo celta. En definitiva, o modelo escollido, está a suplantando os trazos de identidade cultural que ten o noso país, permitindo a implantación progresiva dun modelo alleo coa substitución do tipo tradicional galego polo escocés. Queren deixar claro que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

esta crítica non se encamiña cara aos homes e mulleres músicos que forman parte da banda, alumnos ou non, que son partícipes deste feito, senón contra os organismos oficiais que o sustentan como a Deputación de Ourense ou a Xunta de Galiza, que subvencionan con cartos públicos un modelo alleo á nosa realidade. O BNG propúxolle ao presidente que lles abriña o debate ás entidades culturais e musicais, facendo caso omiso á súa proposta e cominandoos a alegar no período de aprobación inicial das ordenanzas, cousa que farán. Anuncia que se van abster nesta cuestión simplemente procedemental, para non contribuír, nin co seu silencio cómplice nin co seu apoio explícito, a seguir a fomentar un modelo que pon en perigo a subsistencia da cultura tradicional galega.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, lembra que foi a deputada que fala a que pediu neste salón de plenos que se fixera unha ordenanza reguladora da Real Banda de Gaitas e da Escola de Gaitas da Deputación, posto que non existía, malia que levan máis de vinte anos funcionando. O Sr. presidente comprometeuse a isto e hoxe tráense estas dúas ordenanzas reguladoras. O Grupo Socialista non vai cuestionar se o modelo é o correcto ou non, pero gustaríalles facer unha achega construtiva en relación co artigo 7º do Título II, no que se fala dos membros da Real Banda de Gaitas, dicindo expresamente que “serán membros da Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense todos os alumnos da Escola Provincial de Gaitas de Ourense que acaden o grao establecido na estrutura de ensinanzas musicais determinada pola Xunta de Goberno conforme co disposto na Ordenanza reguladora da Escola Provincial de Gaitas”. O Grupo Socialista solicita que se recolla na ordenanza que tamén poderán formar parte da Real Banda de Gaitas aquelas persoas formadas adecuadamente e que teñan unha formación cualificada e suficiente, do resto das escolas da provincia de Ourense. Reitera que non van entrar en se o modelo gusta máis ou menos, porque en cuestión de gustos cada un ten o seu particular.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, concorda coas palabras da Sra. Lama en canto ao modelo pero respecta todas as sensibilidades. A aprobación destas ordenanzas foise demorando (tralo pacto previo co BNG e co Grupo Socialista) co fin de que fosen o suficientemente estudadas e para que se puidesen presentar as propostas que se estimasen convenientes. A primeira proposta que se presenta é a que fixo hoxe a Sra. Lama, algo que lles sorprende. Os textos foron redactados polo Sr. secretario xeral, asistido dos técnicos dos servizos correspondentes e o Grupo Popular preséntaos a este pleno porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

consideran que o seu contido é o máis axeitado. Non se pode esquecer que o procedemento de aprobación destas ordenanzas é regulado e unha vez que se aproben hoxe inicialmente publicaríanse no BOP durante o prazo de 30 días hábiles, para os efectos de exame e posibles reclamacións ou alegacións. Se se presentan volverán á comisión e posteriormente ao Pleno. Se non fose así quedarían aprobadas definitivamente. Considera que a achega que fixo a Sra. Lama non está fóra de lugar, polo que a van ter en consideración.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que non están falando de gustos nin de estética, senón que estamos a falar de cultura. Ao falar de cultura hai que facer achegas políticas, que para iso son políticos, pero sería moi interesante que se fixeran achegas técnicas por parte de alguén que coñeza realmente os instrumentos e a cultura musical deste país. Pensa que habería que darlle a posibilidade de presentar propostas a outros colectivos que si realmente entenden disto. Pódese redactar unha ordenanza, pero non somos coñecedores do criterio técnico que preserva a nosa cultura musical. Pensa que era necesario o debate e agarda a que as achegas técnicas, como ben dixo o portavoz do Grupo Popular, cheguen no período de exposición pública, e que os diferentes entes que entenden de música tradicional galega fagan as súas achegas para mellorar estes textos.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que tanto en comisión como na Xunta de Portavoces algunha achega si que se fixo, incluso se falou de bolsas para certas persoas. Reitera a solicitude de que se acepte a achega que mencionou, que non a fixo ela, senón que a fixo unha persoa especialista na materia, concretamente mestre de gaita e percusión da Escola de Gaitas do Concello de Xinzo, ao que lle fixo chegar estas dúas ordenanzas para a súa revisión.

O Sr. presidente dálle a palabra ao Sr. secretario para que explique como vai quedar o texto da ordenanza en relación coa achega que fixo o Grupo Socialista, que afecta aos artigos 4º e 7º, xa que o Grupo Popular mostrou a súa conformidade coa proposta.

O Sr. secretario propón unha redacción improvisada engadíndolle unha letra c) ao artigo 4º. A letra a) refírese aos alumnos da Escola, a letra b) refírese ás persoas que foron alumnos da Escola, e engadir unha letra c) para incluír tamén ás persoas que, sen atoparse nos dous supostos anteriores, teñan acadada unha formación musical suficiente. Deixaríao así para non pechalo nin definilo de forma apriorística na ordenanza, para manter o espírito de apertura ao que anima a emenda.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

A continuación prodúcese un intercambio de palabras entre o Sr. secretario e a Sra. Lama en canto a se deben ser persoas que proveñan de escolas da provincia ou non, xa que, segundo expuxo o Sr. secretario poderíase dar a circunstancia de persoas que sexan da provincia e que teñan a suficiente formación musical adquirida fóra dela, e unha vez que se abre a posibilidade a outras persoas que teñan a formación musical suficiente debería dar igual onde fose adquirida esa formación musical.

O resultado final é engadir unha letra c) no artigo 4º, co seguinte contido: Persoas empadroadas na provincia de Ourense que malia non ter formación como alumnos da Escola, teñan unha formación musical suficiente para participar na Real Banda. Tamén se engade este texto no final do primeiro parágrafo do artigo 7º.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o texto da ordenanza, unha vez incorporada a emenda proposta polo Grupo Socialista, e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

TÍTULO I.- Disposicións xerais

Artigo 1º.- Obxecto da presente Ordenanza.

Constitúe o obxecto da presente ordenanza o establecemento do réxime xurídico específico da Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

As normas establecidas na presente Ordenanza serán ademais de aplicación ao resto de agrupacións musicais adscritas á Escola Provincial de Gaitas, en tanto estas carezan dunha normativa específica.

Artigo 2º. Denominación, natureza e fins.

1. A agrupación artística musical de gaitas, percusión, canto tradicional, pandeireta e zanfona, dependente da Deputación Provincial de Ourense coñecerase como Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, constituíndo un servizo público de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, desenvolto ao abeiro da competencia atribuída ao goberno provincial para a realización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de educación e cultura, de conformidade co disposto no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

2. A Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense dependerá da administración provincial, carecendo de personalidade xurídica propia, integrándose, para todos os efectos, na Deputación Provincial de Ourense, a cuxos órganos de goberno corresponde, en exclusiva, a adopción dos actos e disposicións precisos para o seu funcionamento, e, en particular, de calquera acto administrativo con efectos fronte terceiros.

Son fins propios da Real Banda de Gaitas:

- a) A prestación de servizos educativos no eido da música galega, como complemento e culminación da formación impartida a través da Escola Provincial de Gaitas.
- b) O fomento da creación e o desenvolvemento cultural a través da música.
- c) A participación na realización de actos musicais, culturais, recreativos e deportivos, que contribúan á proxección sociocultural da provincia de Ourense e de Galicia.
- d) A colaboración en actos institucionais e na realización de actividades de carácter benéfico.

Artigo 3º.- Ámbito territorial de actuación.

O desenvolvemento das actividades da Real Banda terá lugar preferentemente na provincia de Ourense.

Non obstante o anterior, a Real Banda poderá desenvolver actividades fóra da provincia, sempre que isto non supoña un menoscabo da satisfacción dos seus fins e obxectivos no territorio provincial.

Artigo 4º.- Natureza do vínculo dos membros da Real Banda coa Deputación.

A pertenza á Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense poderá producirse baixo as seguintes dúas modalidades:

- a) Alumnos da Escola, para os que a participación na Real Banda será obrigatoria, integrándose no seu programa formativo.
- b) Persoas que, unha vez completada a súa formación como alumnos da Escola Provincial de Gaitas, desexen voluntariamente seguir pertencendo a esta agrupación. Estas persoas terán a consideración de persoas voluntarias, rexéndose a súa relación coa Deputación Provincial de Ourense polo establecido na lexislación de voluntariado e na presente ordenanza.
- c) Persoas empadroadas na provincia de Ourense que malia non ter formación como alumnos da Escola, teñan unha formación musical suficiente para participar na Real Banda.

Artigo 5º.- Duración.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

A duración da Real Banda de Gaitas é indefinida e a súa disolución estará suxeita a ser proposta e aprobada en acordo do Pleno da Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 6º.- Patrimonio adscrito á Real Banda de Gaitas.

Os bens e dereitos adscritos á Real Banda forman parte do patrimonio da Deputación, integrándose en todo caso polos instrumentos musicais, atrás, traxes, utensilios e efectos propios da Real Banda, partituras e libros. Terán a consideración de bens de dominio e servizo público, conforme coa lexislación patrimonial aplicable ás entidades locais.

Os membros da Real Banda de Gaitas empregarán os instrumentos da agrupación exclusivamente para a realización musical e desenvolvemento das actividades da Banda, sendo só usuarios deles, sen xerar nunca propiedade sobre estes.

Non estará permitido levar aos domicilios particulares ningún instrumento nin prendas dos traxes.

Título II Dos membros da Real Banda de Gaitas

Artigo 7º.- Réxime xeral.

Serán membros da Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense todos os alumnos da Escola Provincial de Gaitas de Ourense que acaden o grao establecido na estrutura de ensinanzas musicais determinada pola Xunta de Goberno conforme co disposto na Ordenanza reguladora da Escola Provincial de Gaitas, así como as persoas que, unha vez concluída esa formación, desexen voluntariamente continuar vinculados a esta agrupación musical e as persoas empadroadas na provincia de Ourense que malia non ter formación como alumnos da Escola, teñan unha formación musical suficiente para participar na Real Banda.

Os dereitos e obrigas dos membros que o sexan na súa condición de alumnos da Escola rexeranse polo establecido na súa ordenanza específica, séndolles de aplicación o previsto na presente ordenanza no que non se opoña ou resulte incompatible coa especial natureza da súa relación coa Real Banda.

O réxime específico dos membros voluntarios da Real Banda que concluíran o seu período de formación na Escola será o establecido na presente ordenanza, e, en particular, nos artigos seguintes.

Artigo 8º.- Natureza xurídica da relación dos membros voluntarios da Real Banda coa Deputación de Ourense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

1. A pertenza voluntaria á Real Banda non constituirá en ningún caso unha relación de carácter laboral, mercantil ou administrativa de servizos coa Deputación Provincial. Os compoñentes da Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense terán a consideración de persoal voluntario, nos termos establecidos na lexislación de voluntariado de Galicia, cos dereitos e obrigas derivados do estatuto xurídico das persoas voluntarias, ademais dos establecidos especificamente na presente ordenanza.

En consecuencia, a súa participación na Real Banda non xerará dereito a ningún tipo de retribución ou compensación económica, sen prexuízo do dereito ás indemnizacións previstas no apartado f) do artigo 10.

Artigo 9º.- Do ingreso como membro voluntario da Real Banda.

Poderán ser membros voluntarios da Real Banda todas aquelas persoas que acrediten ter completado satisfactoriamente a súa formación musical a través da Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense.

A condición de membro voluntario da Real Banda obterase trala solicitude previa do interesado ao presidente da Deputación de Ourense, que tras o informe previo do director da Real Banda, resolverá ou non a súa admisión. O informe da Dirección da Real Banda expresará se o solicitante cumpre co requisito de ter completada satisfactoriamente a súa formación musical na Escola Provincial de Gaitas.

O compromiso de pertenza dos solicitantes admitidos formalizarase conforme co establecido na lexislación de voluntariado.

Artigo 10º.- Dereitos dos membros voluntarios da Real Banda de Gaitas.

Son dereitos dos membros voluntarios da Real Banda:

a) Ser tratados sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.

b) Ser informados e formados, particularmente en materia de prevención de riscos, e desenvolveren a súa actividade en condicións de seguranza, hixiene e saúde.

c) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de membros da Real Banda.

d) Recibir os medios materiais que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lles asignen.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

e) Estar asegurados mediante póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa participación na Real Banda.

f) Ser reembolsados ou compensados polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias. Para estes efectos, consideraranse gastos reembolsables aqueles que a persoa voluntaria deba realizar necesariamente para cumprir coas súas obrigas como membro da Real Banda, cando estes non poidan ser asumidos directamente pola Deputación. En ningún caso se considerarán gastos reembolsables os derivados dos desprazamentos para asistir aos ensaios ou actividades da Real Banda na localidade de Ourense.

g) Recibir certificación da súa participación nos programas e actividades da Real Banda, na que se expresen, polo menos, a súa natureza e as datas nas que se realicen, e a que o devandito certificado se remita ao Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poderen acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.

h) Renunciar libremente, logo de aviso previo con trinta días naturais de antelación mínima, á súa condición de membros da Real Banda, temporal ou definitivamente. Non se esixirá o preaviso de trinta días en supostos en que concorra causa xustificativa de forza maior, debidamente acreditada.

i) Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 11º.- Deberes dos membros voluntarios da Real Banda de Gaitas.

Son deberes dos membros da Real Banda:

a) Asistir de forma continuada ás clases e ensaios desta Real Banda, quedando establecidos nos días que estableza a Dirección conforme coas necesidades.

b) Participar nos concertos e actividades que se organicen e nos que teña que tomar parte a dita Real Banda.

c) Coidar e manter en condicións óptimas para o seu uso o instrumento, vestimenta e efectos dos que sexa usuario.

d) Absterse de toda xestión ou acto que vaia en contra dos fins da Real Banda de Gaitas ou diminúa o seu prestixio.

e) Observaren as medidas de saúde e seguranza que se adopten.

f) Rexeitar calquera contraprestación que poidan recibir pola súa actividade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

h) Utilizar debidamente a acreditación identificativa da súa condición de membro da Real Banda, así como proceder á súa devolución cando deixen de pertencer a esta.

i) Notificarlle á Deputación a súa renuncia coa antelación mínima establecida, co fin de que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para a actividade na que participen.

k) Os demais deberes establecidos polo resto do ordenamento xurídico.

Artigo 12º.- Infracción dos deberes dos membros da Real Banda.

A infracción dos deberes sinalados poderá dar lugar á expulsión temporal ou definitiva da Real Banda, tras a instrución previa do oportuno expediente. Corresponderalle á Presidencia a incoación e resolución do procedemento, que terá carácter contradictorio e será instruído por un funcionario da Deputación designado para o efecto, rexéndose supletoriamente pola normativa reguladora do procedemento disciplinario dos funcionarios públicos.

Título III .- Réxime de xestión e funcionamento.

Artigo 13º.- Modo de xestión.

A Real Banda de Gaitas de Ourense será xestionada pola Deputación Provincial mediante calquera dos modos de xestión dos servizos públicos prevista na lexislación de réxime local.

En tanto se manteña a súa xestión directa, a Deputación Provincial disporá, no seu cadro de persoal, ou no das entidades dependentes ás que corresponda a xestión, de postos e prazas axeitados para garantir unha axeitada xestión desta agrupación musical mediante profesionais debidamente cualificados, debendo existir en todo caso un posto de traballo de Director da Real Banda.

Artigo 14º.- Dirección da Real Banda.

Corresponderalle á Dirección da Real Banda desenvolver as seguintes funcións:

-Facer cumprir esta ordenanza e os acordos dos órganos da Deputación Provincial de Ourense relativos á Real Banda.

-Confeccionar unha memoria anual e unha proposta anual de actividades. A programación, de carácter anual, será aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

A citada programación anual poderá ser modificada, por razóns de oportunidade, ao longo da súa vixencia.

-A formulación de propostas para a consecución dos fins propostos pola Real Banda de Gaitas.

Título IV.- Da prestación de servizos artísticos. Prezos públicos-

Artigo 15º.- Tipoloxía dos servizos artísticos da Real Banda de Gaitas de Ourense.

1. Os servizos artísticos da Real Banda de Gaitas de Ourense clasifícanse do seguinte xeito:

- a) Participación en actos institucionais de carácter oficial.
- b) Participación en actos de carácter benéfico.
- c) Actuacións públicas promovidas pola Deputación Provincial de Ourense.
- d) Actuacións públicas promovidas polos concellos da provincia de Ourense.
- e) Actuacións de carácter privado. Para os efectos da presente ordenanza, consideraranse

actuacións de carácter privado as promovidas por administracións públicas diferentes da Deputación e dos concellos ourensáns, cando non teñan a consideración de actos institucionais ou benéficos, e, en xeral, todas aquelas que non estean incluídas nos apartados a), b) e c).

Artigo 16º. Normas xerais de solicitude, concesión e prestación de servizos artísticos.

1. A prestación dos servizos da Real Banda de Gaitas de Ourense deberá solicitarse sempre por escrito, cunha antelación mínima con respecto á data da actuación de trinta días naturais. A Presidencia poderá establecer un modelo normalizado para a realización de solicitudes.

2. O presidente da Deputación estudará coa Dirección da Real Banda as solicitudes de actuación desta, determinando en cada caso se procede a súa actuación e qué formación da Real Banda deberá actuar, tendo en conta as seguintes regras:

- A realización das actuacións previstas nos apartados a), b) e c) do artigo anterior terá preferencia sobre as do apartado d), e estas, á súa vez, sobre as do apartado e).

- Co fin de procurar a atención das diferentes solicitudes, poderá negociarse cos solicitantes o axuste das datas de actuación.

- En caso de que, excepcionalmente, tivesen que priorizarse actuacións das referidas nos apartados a), b) e c) entre si, determinando a denegación dalgunha solicitude, a Presidencia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

resolverá motivadamente, tendo en conta a diversa transcendencia social, cultural e institucional das actuacións en cada caso.

- En todo caso, as actuacións benéficas a que se refire o apartado b) regularanse mediante convenio de colaboración coa entidade promotora, para a subscripción do cal deberá acreditarse suficientemente o carácter benéfico do acto, podendo o convenio establecer os mecanismos de control oportunos.

- A autorización das actuacións solicitadas queda condicionada, en todo caso, a que estas non impidan esencialmente o cumprimento do programa anual de actividades.

3. A Presidencia establecerá as condicións mínimas que deberán reunir os lugares de actuación, con especial atención ás condicións de seguridade, condicións acústicas, estéticas e de iluminación.

4. O desprazamento dos membros da Real Banda ás actuacións realizaranse de forma conxunta e en medios de transporte contratados para o efecto pola Deputación Provincial.

5. Nas actividades que desenvolva a Real Banda fóra da provincia de Ourense, non poderá participar un número de membros inferior ao que estipule necesario a Dirección, co fin de garantir que existan unhas condicións mínimas para a coordinación e posta en común dos instrumentos imprescindibles e para manter a calidade esixible nas súas actuacións.

Artigo 17º.- Réxime económico das actuacións da Real Banda de Gaitas.

1. Os servizos prestados pola Real Banda de Gaitas quedan sometidos ao réxime económico establecido no presente artigo.

2. No suposto de actuacións de carácter benéfico, que serán aquelas que teñan como finalidade colaborar nunha causa altruísta ou humanitaria, a Deputación Provincial custeará a totalidade dos gastos que xere a actuación da Real Banda.

3. A participación en actos institucionais ou en actos públicos promovidos polos concellos da provincia de Ourense non estará suxeita a prezo público, pero a entidade promotora deberá cubrir os gastos de transporte, manutención, lavandería e demais que se orixinen co desprazamento da Real Banda, así como a aseguranza dos riscos da actuación, debéndose reflectir tales compromisos no documento de solicitude correspondente.

A asistencia de público nas actuacións de tipo institucional será gratuíta.

Nas actuacións públicas promovidas polos concellos da provincia de Ourense, estes poderán establecer prezos públicos pola asistencia ás ditas actuacións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

4. A participación en actuacións privadas estará suxeita ao pagamento dos prezos públicos que estableza a Deputación, que deberán cubrir como mínimo o 100 % do custo real do servizo.

A fixación dos prezos públicos poderá delegarse na Xunta de Goberno, que poderá establecer bonificacións para persoas cun baixo nivel de renda.

5. A Deputación Provincial poderá establecer prezos públicos pola asistencia ás actuacións públicas promovidas pola propia Deputación, podendo establecer bonificacións para persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos. En tanto non se establezan expresamente prezos públicos, a asistencia a este tipo de actuacións será gratuíta.

6. No acto polo que se autorice a actuación privada de que se trate, a Deputación procederá á liquidación do prezo público aplicable, que deberá ser aboado no prazo máximo de trinta días naturais dende a data da notificación da liquidación, e, en todo caso, ates da data prevista da actuación. A falla de pago en prazo dará lugar á anulación automática da actuación prevista.

7. A falla de prestación do servizo por causas imputables á Deputación Provincial ou por causas de forza maior debidamente acreditadas, dará dereito á devolución do 100% do prezo aboado, tras a solicitude previa do interesado.

8. A falla de prestación do servizo por causas imputables ao obrigado ao pago dará lugar á devolución do 50 % do prezo aboado, tras a solicitude previa do interesado.

Disposición derradeira.-

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día hábil contado a partir do día seguinte o da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

2º) Someter o presente acordo a información pública, por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes, que serán obxecto de resolución expresa mediante acordo do Pleno. No caso de non formularse reclamacións nin alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, procedéndose á publicación do texto íntegro da ordenanza no BOP para a súa entrada en vigor.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto anterior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

TÍTULO I: Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto da presente Ordenanza é o establecemento do réxime xurídico específico da Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 2. Definición e natureza.

1. A Escola Provincial de Gaitas constitúe un servizo público de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, desenvolto ao abeiro da competencia atribuída ao goberno provincial para a realización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de educación e cultura, de conformidade co disposto no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O obxecto principal da Escola Provincial de Gaitas está constituído polo ensino con carácter non regrado das músicas e cantos tradicionais de Galicia, cuxa finalidade fundamental é ofrecer unha formación práctica dirixida a afeccionados de calquera idade e, se é o caso, orientar aos seus alumnos cara aos estudos profesionais. A formación que ofrece a Escola de Gaitas non conduce á obtención de títulos con validez académica ou profesional, sen prexuízo da posibilidade do seu recoñecemento futuro polas autoridades educativas.

Complementariamente ao dito obxecto principal, a Escola poderá realizar todo tipo de actividades relativas ao fomento da música tradicional galega, tales como concursos, exposicións e outras análogas. As actividades concretas que integrarán o servizo determinaranse anualmente conforme co previsto no artigo 4.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

3. A Escola de Gaitas é un establecemento dependente da administración provincial e carente de personalidade xurídica, integrándose, para todos os efectos, na Deputación Provincial de Ourense, a cuxos órganos de goberno lles corresponde, en exclusiva, a adopción dos actos e disposicións precisos para o seu funcionamento, e, en particular, de calquera acto administrativo con efectos fronte terceiros.

Artigo 3. Modos de xestión.

A Escola de Gaitas, como servizo público da Deputación Provincial de Ourense, poderá ser xestionado por calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 4. Programación anual da Escola.-

1. As actividades que desenvolverá a Escola determinaranse antes do 15 de setembro de cada exercicio, para un período máximo de doce meses. A programación anual será aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, a proposta da Dirección da Escola, e incluírá as determinacións seguintes:

- Accións formativas que se desenvolverán, incluíndo o seu calendario e a relación de recursos humanos e materiais necesarios para a súa impartición.
- Prazos e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.
- Outras actividades previstas.
- Prezos públicos dos servizos previstos, fixados de conformidade co establecido no artigo 4, sempre e cando a facultade para a súa fixación fose delegada na Xunta de Goberno.

A programación poderá suxeitar o efectivo desenvolvemento das accións previstas ao cumprimento de determinadas condicións de carácter obxectivo, e, en particular, á existencia dun número mínimo de alumnos matriculados na acción formativa.

Igualmente, a programación poderá establecer requisitos específicos de acceso das persoas interesadas a determinadas accións formativas ou doutro tipo que leve a cabo a Escola. Estes requisitos deberán ter unha xustificación obxectiva e en ningún caso poderán ser discriminatorios. En particular, non se considerará discriminatoria a limitación do acceso a determinadas actividades a persoas pertencentes a colectivos específicos precisados dunha especial atención por parte das administracións públicas.

2. A programación aprobada será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

3. A programación anual poderá ser modificada por razóns de oportunidade debidamente xustificadas ao longo da súa vixencia.

4. Na primeira programación que se aprobe establecerase a estrutura xeral das ensinanzas que se impartirán na Escola Provincial de Gaitas, definindo os cursos, ciclos e etapas que a integren.

Unha vez finalizada a formación definida na dita estrutura xeral, os alumnos poderán voluntariamente permanecer nas agrupacións artísticas, instrumentais e de canto da Escola ás que se refire o artigo seguinte.

A estrutura xeral manterase, poderá modificarse ou reaxustarse nas sucesivas programacións anuais que se aproben.

Artigo 5.- Agrupacións da Escola.

Como complemento artístico do ensino académico establecido, establécense as seguintes agrupacións musicais:

- a) Banda de preparatorio.
- b) Banda Atarazana.
- c) Grupo de zanfonas.
- d) Cantareiras da Real Banda.
- e) Real Xuvenil.
- f) Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense

No acordo da Xunta de Goberno no que se estableza a estrutura xeral das ensinanzas, estableceranse os criterios de adscrición dos alumnos da Escola ás distintas agrupacións musicais, sendo a participación nestas agrupacións obrigatoria, como parte do programa formativo. A través destes acordos poderán crearse, modificarse ou suprimirse as agrupacións recollidas inicialmente na presente ordenanza.

Sen prexuízo da súa adscrición á Escola, o réxime específico de funcionamento destas agrupacións musicais poderá ser obxecto de regulación a través dunha ordenanza propia.

TÍTULO III: Proceso de admisión e matriculación.

Artigo 6. Admisión e oferta de prazos.

1. Anualmente, mediante Decreto do presidente da Deputación de Ourense, e a proposta da dirección da Escola, aprobarase a convocatoria de admisión e apertura do prazo de matrícula ordinario ou extraordinario, con indicación do número de prazos vacantes e das reservadas a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

alumnos matriculados no curso anterior, conforme co establecido na programación anual da Escola.

2. A referida convocatoria de admisión, apertura do prazo de matrícula e a oferta de prazas vacantes publicarase na sede electrónica da Deputación e no BOP.

Artigo 7. Requisitos e condicións.

Para seren admitidos, os solicitantes deberán cumprir o requisito de idade establecida para participar no curso escolar no que se solicite a praza, e aboar os prezos públicos correspondentes, así como presentar a súa solicitude dentro do prazo de matrícula establecido.

Artigo 8. Procedemento de admisión e formalización de matrícula.

1. As solicitudes de ingreso estarán a disposición dos interesados na Escola e na sede electrónica da Deputación Provincial.

2. As solicitudes presentaranse na Secretaría da Escola ou no Rexistro Xeral da Deputación de Ourense. A dita presentación das solicitudes non suporá, en ningún caso, a admisión automática.

3. Os alumnos matriculados no curso anterior terán dereito á reserva automática da súa praza, agás nos supostos en que fosen privados deste dereito mediante expediente disciplinario.

No suposto de que o número de solicitudes de alumnos sen dereito a reserva de praza sexa superior ao de prazas vacantes, a selección dos alumnos admitidos efectuarase por sorteo público, do que dará fe o secretario xeral da Deputación, e cuxo resultado se fará público a través da sede electrónica da Deputación. Os solicitantes que non obtivesen praza pasarán a integrar unha lista de espera, que terá vixencia ata a finalización do segundo trimestre do curso, podendo incorporarse ao longo dese período no momento en que se produza unha vacante.

4. Os solicitantes que obtivesen praza (ben por tela reservada, ben a través do sorteo) deberán presentar a documentación sinalada no artigo seguinte no prazo de cinco días hábiles a partir da data de publicación do resultado do sorteo na sede electrónica da Deputación.

Artigo 9. Documentación.

1. A documentación que deberá achegarse para a formalización de matrícula será a seguinte:

- Unha fotografía tamaño carné.

- Copia do DNI ou NIE. No caso de menores de 14 anos, esta documentación poderá ser substituída pola partida de nacemento ou fotocopia do libro de familia para os menores de 14 anos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

- No caso de menores de idade, autorización da nai, pai ou titor para a inscrición do menor.
 - Se é o caso, documentación acreditativa da concorrencia dos supostos de bonificación dos prezos públicos.
 - Datos bancarios e autorización de domiciliación do pagamento dos prezos públicos, no caso de que se opte por esta modalidade de pagamento.
 - Acreditación do ingreso do importe da matrícula e da primeira mensuralidade, no caso de que se opte pola modalidade de pagamento en efectivo.
 - Se ten coñecementos musicais ou de canto deberá achegar documentación que o acredite.
2. Mediante resolución expresa da Presidencia, declararanse os aspirantes admitidos e excluídos. Para estes efectos, entenderase que o solicitante que non presente a documentación no prazo fixado desiste da praza, quedando excluído por este motivo. A resolución do procedemento de admisión será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e no Boletín Oficial da Provincia.

TÍTULO IV: Dereitos e deberes dos alumnos, pais ou titores

Artigo 10. Dereitos dos alumnos.

Son dereitos dos alumnos os seguintes:

- a) Recibir unha formación que asegure, polo menos, a consecución dos obxectivos mínimos contemplados no plan de estudos da Escola.
- b) Solicitar sesión de tutoría no horario previsto para isto.
- c) Ser avaliados no seu rendemento con plena obxectividade.
- d) Ser informados sobre os sistemas e criterios de avaliación polos profesores.
- e) Solicitar cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe. En caso de que, tras as oportunas aclaracións, exista desacordo coas cualificacións finais, poderán solicitar por escrito a revisión da dita cualificación ou decisión.
- f) Utilizar as instalacións da Escola coas limitacións derivadas da programación, de actividades escolares e extraescolares e coas debidas precaucións, en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino destes.
- g) Participar no funcionamento e na vida da Escola.
- h) Ser informados das faltas cometidas e sancións correspondentes.
- i) Desenvolver a súa actividade na Escola nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Artigo 11. Deberes dos alumnos.

Son deberes dos alumnos os seguintes:

- a) Asistir a clase e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento do plan de estudos, mantendo a debida aplicación.
- b) Respetar rigorosamente os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades da Escola.
- c) Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
- d) Respetar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
- e) Avisar con antelación das ausencias que se poidan prever, especialmente se se trata de ensaios ou actividades de igual consideración.
- f) Non abandonar a Escola durante as horas lectivas, en caso de alumnos menores de idade, agás que conste permiso expreso dos pais ou tutores.
- g) Respetar o proxecto educativo e o carácter propio da Escola, de acordo coa lexislación vixente.
- h) Participar na vida e funcionamento da Escola.
- i) Participar nos concertos e actividades públicas da Escola, a través das súas agrupacións musicais, que formen parte da actividade formativa conforme coa estrutura xeral de ensinanzas e coa programación anual. A falta de asistencia a estas actividades será considerada como se faltase a unha clase.
- j) Asistir a todos os ensaios e ás actuacións correspondentes, salvo causa xustificada.
- k) Coidar e utilizar correctamente os bens, mobles, instrumentos e as instalacións da Escola, así como respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- l) Os usuarios deberán en todo momento facer bo uso tanto das instalacións como do mobiliario e material da Escola.
- m) O aboamento dos prezos públicos correspondentes.

Artigo 12. Dereitos dos pais ou tutores de alumnos menores de idade.

Son dereitos dos pais ou tutores de alumnos menores de idade os seguintes:

- a) Recibir información e orientación sobre o rendemento académico dos seus fillos.
- b) Ser informados das ausencias inxustificadas dos seus fillos.
- c) Ser informados das posibles anomalías de conduta, que requiran unha acción conxunta.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

d) Ser informados oportunamente dos prazos de matriculación.

e) Dirixirse ao profesor correspondente, no horario establecido para isto e tras a citación previa.

Artigo 13. Deberes dos pais ou titores legais dos alumnos menores de idade.

Son deberes dos pais ou titores dos alumnos menores de idade os seguintes:

a) Tratar con respecto e consideración aos profesores, persoal non docente e alumnos.

b) Acudir a cantas citacións se lles cursen pola dirección da Escola e profesores.

c) No interferir no labor dos profesores, respectando as normas relativas, tanto ao acceso ás instalacións como ao mantemento da orde dentro da Escola.

d) Respetar o proxecto educativo e as normas que rexen a Escola.

e) Recoller aos menores de idade á finalización das clases.

Artigo 14. Horarios da Escola.-

Os horarios das clases estableceranse na programación anual da Escola e serán, prioritariamente, en horario e tarde, de luns a venres.

Artigo 15. Dispensa de asistencia.

A Presidencia da Deputación, tralo informe previo da Dirección da Escola, poderá conceder dispensa de asistencia, con reserva de praza, por un período máximo dun curso escolar, por causa xustificada.

Artigo 16. Calendario escolar.

A Escola Provincial de Gaitas seguirá o calendario escolar que determine a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense a través da programación anual da Escola.

TÍTULO IV: Réxime disciplinario.

Artigo 17. Amoestacións.

Os profesores, no exercicio das súas funcións docentes, poderán efectuar as amoestacións orais privadas que estimen pertinentes e os correspondentes apercebimentos a aquel alumno que pola súa actitude entorpeza ou dificulte o bo funcionamento da clase, sen que isto poida considerarse unha sanción, nin tipificarse como infracción administrativa.

Artigo 18. Réxime xeral.

1. Os alumnos non poderán ser sancionados por comportamentos ou condutas distintas das tipificadas como faltas na presente Ordenanza.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

2. A imposición das sancións previstas na presente Ordenanza deberá ser proporcional ás faltas cometidas e terá como obxectivo último contribuír á mellora do proceso educativo dos alumnos e garantir a orde no funcionamento do servizo educativo.

3. As faltas tipificadas na presente Ordenanza clasifícanse exclusivamente en graves e moi graves.

4. Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para a imposición de sancións deberán ter en conta a idade dos alumnos e o nivel escolar en que se atopen.

Artigo 19. Réxime disciplinario.

1. O procedemento disciplinario rexerase polo disposto na presente Ordenanza e con carácter supletorio polo disposto no Título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais disposicións que resulten de aplicación.

2. Non poderán impoñerse sancións sen a tramitación do correspondente expediente contradictorio previo. Cando se trate de alumnos menores de idade porase en coñecemento dos seus pais ou titores.

Artigo 20. Procedemento disciplinario.

1. A incoación do expediente por feitos que poidan constituír falta disciplinaria será acordada pola Presidencia a pedimento da Dirección da Escola.

2. A instrución do expediente levarase a cabo por un funcionario da Deputación Provincial de Ourense que determine o presidente da institución.

3. O alumno e, se é o caso, os seus pais ou representantes legais, poderán recusar ao instrutor nos supostos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.

4. Excepcionalmente, ao iniciarse o procedemento, en calquera momento da súa instrución, poderán adoptarse polo órgano competente as medidas provisionais que se consideren oportunas, entre elas a suspensión temporal do dereito de asistencia á Escola ou o cambio provisional de grupo do alumno.

5. Iniciado o expediente daráselle audiencia ao alumno, e, se é menor de idade aos seus pais ou representantes legais, comunicándolle, en todo caso, as condutas que se lle imputan e a proposta de sanción que se eleve ao órgano competente para a súa resolución.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

6. A resolución, que en todo caso deberá ser motivada, deberá conter os feitos que se lle imputan ao alumno, os fundamentos xurídicos en que se basea a imposición da sanción, as circunstancias atenuantes ou agravantes, se é o caso, e o contido da sanción con expresión da data a partir da cal esta produce os seus efectos.

7. A resolución notificaráselles de modo fidedigno ao interesado ou aos seus representantes legais.

8. Contra a dita resolución o interesado poderá interpoñer os recursos previstos no ordenamento xurídico.

Artigo 21.- Esixencia de responsabilidade patrimonial por danos ou prexuízos.

No suposto da comisión de faltas disciplinarias que impliquen a produción de danos ou perdas economicamente avaliábeis á administración provincial, a Deputación poderá esixir a responsabilidade patrimonial correspondente. O exercicio desta acción administrativa levarase a cabo a través do propio procedemento disciplinario, como cuestión acumulada ao seu obxecto. A resolución que se adopte terá carácter executivo, conforme coas normas xerais sobre executividade dos actos administrativos.

Artigo 22. Potestade disciplinaria e órganos competentes.

A competencia para sancionar as infraccións tipificadas na presente Ordenanza correspóndelle á Presidencia da Deputación ou órgano no que delegue o exercicio desta competencia.

Artigo 23. Faltas graves e moi graves.

1. Son faltas graves:

a) As faltas de asistencia a clase nun número de cinco ao trimestre, que non estean xustificadas.

b) Os actos de indisciplina e os que perturben o desenvolvemento normal das actividades da Escola.

c) Os actos de incorrección ou desconsideración con compañeiros ou outros membros da comunidade educativa.

d) Os danos causados nas instalacións, material da Escola ou nos bens e pertenzas dos membros da comunidade educativa.

e) Os actos individuais ou colectivos que alteren o normal desenvolvemento das actividades da Escola.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

f) O incumprimento dos acordos e resolucións adoptados polos órganos de goberno da Deputación respecto do funcionamento da Escola, e das instrucións de funcionamento do servizo impartidas pola dirección da Escola ou polo profesorado.

2. Son faltas moi graves:

a) Os actos de indisciplina, inxurias ou ofensas moi graves contra os membros da comunidade educativa.

b) O acoso físico ou psicolóxico aos compañeiros, docentes ou persoal ao servizo da Escola.

c) A subtracción de bens da Escola ou de calquera membro da comunidade educativa.

d) A falsificación ou subtracción de documentos académicos.

e) O uso, a incitación a el ou a introdución na Escola de obxectos ou sustancias prexudiciais para a saúde ou perigosas para a integridade persoal dos membros da comunidade educativa.

f) Os danos graves causados por uso indebido nos locais, mobiliario, material e documentos da Escola, ou nos bens pertencentes a outros membros da comunidade educativa.

g) Os actos individuais ou colectivos que alteren gravemente o normal desenvolvemento das actividades da Escola.

h) As faltas tipificadas como graves se concorren circunstancias de colectividade e/ou publicidade intencionada.

Artigo 24. Imposición de sancións.

Por faltas graves:

1. Prohibición temporal de participar nas actividades extraescolares da Escola, como máximo durante todo o curso escolar no que se produza a falta.

2. Cambio de grupo do alumno.

3. Privación de asistencia á Escola por un período dun a sete días lectivos, sen que isto comporte a perda da avaliación continua.

4. Realización de tarefas que cooperen á reparación en horario non lectivo do deterioro ou dos danos causados.

Por faltas moi graves:

1. Privación de asistencia á Escola por un período superior a sete días lectivos, e inferior a un mes, sen que isto comporte a perda da avaliación continua.

2. Restauración íntegra dos bens que fosen deteriorados e asunción dos custos que desta se deriven.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

3. Perda do dereito á reserva de praza para o curso seguinte, debendo superar o correspondente proceso de admisión se quixesen continuar os seus estudos na Escola.

4. Inhabilitación definitiva para cursar estudos na Escola.

Artigo 25. Graduación da sanción.

1. Considéranse circunstancias atenuantes:

a) O espontáneo recoñecemento da falta.

b) Non ter sido sancionado con anterioridade con resolución administrativa firme, en vía administrativa, polas faltas tipificadas nesta Ordenanza.

c) No caso de que existisen danos nos bens mobles ou inmobles, a súa reparación por vontade propia do causante antes de recaer a resolución do expediente.

d) Non ter tido intención de causar mal, dano ou prexuízo tan grave como o ocasionado.

2. Considéranse circunstancias agravantes:

a) A comisión dunha falta tipificada contra os alumnos en quen concorran algunha ou varias das seguintes circunstancias: que sexan menores de idade, que presenten algún grao de discapacidade física ou psíquica, ou que se incorporasen recentemente á Escola.

b) A premeditación ou acordo previo.

A concorrencia dunha ou máis circunstancias agravantes ou atenuantes será tida en conta na resolución do expediente para os efectos de elevar ou diminuír a graduación da sanción.

Artigo 26. Aplicación fóra do recinto escolar.

A comisión da falta fóra do recinto escolar non será óbice para a aplicación da presente Ordenanza cando esta se efectúe durante o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares programadas pola Escola.

Artigo 27. Anotación das sancións.

Das sancións impostas pola comisión de faltas graves ou moi graves deixarase constancia no expediente académico individual do alumno.

Artigo 28. Cancelación.

1. A cancelación das anotacións sobre sancións existentes no expediente académico individual do alumno poderá efectuarse de oficio polo órgano competente ou a pedimento do profesor, do alumno ou dos seus representantes legais.

2. Para obter a cancelación será en todo caso necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

- a) Que o alumno cumprise a sanción imposta.
- b) Que desde o cumprimento da sanción imposta ao alumno transcorrese o prazo de seis meses para as faltas graves e un ano para as faltas moi graves.
- c) Que o alumno, durante os prazos sinalados no parágrafo anterior, non cometese unha nova infracción constitutiva de falta.

3. A solicitude de cancelación formalizarase por escrito ante a Presidencia da Deputación, quen obterá da dirección da Escola a elaboración dun informe sobre o cumprimento dos requisitos enumerados no apartado anterior. Recibido o informe, con carácter previo á resolución, daráselle audiencia ao interesado.

Artigo 29. Prescrición de infraccións e sancións.

- 1. As infraccións moi graves prescribirán ao ano e as graves aos seis meses.
- 2. As sancións por infraccións moi graves prescribirán ao ano e as graves aos seis meses.

TÍTULO V: Prezos públicos

Artigo 30. Prezos públicos polos servizos prestados pola Escola.

Os servizos educativos prestados pola Escola Provincial de Gaitas serán gravados mediante prezos públicos de xeral aplicación, que se determinarán mediante as seguintes regras:

a) Dado o carácter de interese cultural, social e educativo das actividades desenvoltas pola Escola, os prezos non terán que cubrir integramente os custos do servizo. Non obstante o anterior, deberán cubrir cando menos e como regra xeral, o 60 % dos custos do servizo, excepto nos casos previstos no apartado c).

b) Na fixación dos prezos públicos por accións formativas poderase esixir unha tarifa en pago único en concepto de matrícula e unha tarifa de pago periódico polos servizos efectivamente recibidos.

c) Na fixación das tarifas poderán establecerse bonificacións dirixidas a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos, así como a membros de familias numerosas.

d) Os prezos públicos esixiranse en réxime de autoliquidación, que se realizará no momento da inscrición nas actividades gravadas. O pago dos prezos públicos será requisito inescusable para a admisión nas actividades ou servizos gravados, e o cesamento no seu pagamento determinará a suspensión automática no dereito á recepción do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

e) A fixación dos prezos dos diferentes servizos e actividades poderá delegarse na Xunta de Goberno, suposto no que se incluíra na programación anual da Escola. En caso de non ser delegada, serán establecidos mediante acordo do Pleno da Deputación.

f) O pagamento dos prezos poderá realizarse en efectivo ou mediante domiciliación en entidade de crédito. A Presidencia poderá autorizar outros medios de pagamento.

Disposición final . Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día hábil contado a partir do día seguinte o da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

2º) Someter o presente acordo a información pública, por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes, que serán obxecto de resolución expresa mediante acordo do Pleno. No caso de non formularse reclamacións nin alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, procedéndose á publicación do texto íntegro da ordenanza no BOP para a súa entrada en vigor.

4º.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PROVINCIAL DE TELEASISTENCIA NO FOGAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que esta ordenanza nace como consecuencia das políticas de recortes postas en marcha polo goberno do Partido Popular no Estado e que se concretan na retirada dos orzamentos xerais do Estado da partida destinada a teleasistencia, nunha decisión política que ten unha especial incidencia na poboación rural, e de xeito moi especial na nosa provincia, onde o envellecemento da poboación é maior que noutros territorios do Estado. Como sempre, e coa excusa da crise, o goberno central escúdase na aplicación de criterios de racionalidade e eficiencia administrativa e deixa desprotexidos a milleiros de persoas maiores de 65 anos, que contaban cun servizo que lles permitía un certo grao de independencia. Esta decisión aféctalles máis aos concellos máis pequenos. Estamos diante dun engano dobre, xa que a Xunta propuxo asinar coas deputacións un protocolo de colaboración que era un engano semellante ao do servizo de axuda no fogar, co que deixou sen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

servizo a todos os concellos menores de 20.000 habitantes, ao retirar toda partida orzamentaria e cargando co custo do servizo aos concellos e ás deputacións. Nun contexto de crise como o actual é preciso poñer en marcha políticas responsables, apostando polo mantemento dos servizos públicos aplicando fórmulas innovadoras, eficaces e eficientes que permitan minimizar os custos para o que a xestión compartida se configura como a única solución posible para continuar prestando servizos públicos, polo que a solución non pode estar na abdicación de responsabilidades para con este servizo do Goberno central e da Xunta de Galicia. De aí que, aínda recoñecendo o esforzo económico que fai esta institución para continuar con este servizo aos cidadáns, non poden compartir que sexa esta institución a que teña que asumir en solitario, cos seus propios recursos, unha competencia que non depende dela, que si terían que asumir, como ata o de agora, o Goberno central e a Xunta de Galicia.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que é necesario o mantemento do servizo de atención inmediata a través da teleasistencia. Contribuír ao desenvolvemento normal da vida cotiá dos maiores, persoas enfermas ou afectadas por unha discapacidade é un reto que deben afrontar as institucións. O Partido Socialista está de acordo co incremento da calidade de vida dos que máis o necesitan, como é o caso, e levan anos chamando á atención sobre a necesidade de mellorar substancialmente a teleasistencia domiciliaria, con numerosas preguntas e propostas. Segundo o Partido Socialista, o fundamental é facilitarlles un servizo de calidade aos que máis o necesitan. Parece que nos últimos tempos a Deputación de Ourense se erixe en asumir competencias doutras institucións e na gran prestadora de servizos. Están de acordo co BNG en que asumir isto en solitario é unha responsabilidade demasiado alta e debería contarse coa colaboración doutras institucións. Esperan que estas pretensións e este cúmulo de regulacións a todo tipo de actividades ás que estamos asistindo nos últimos meses, non queden só en papel mollado e que non teñan unha vixencia a curto prazo como se temen. Con esta nova ordenanza os concellos perden o protagonismo financiador á teleasistencia, pero teñen que facer igual os deberes, porque teñen que seguir facendo os trámites burocráticos. Nesta nova etapa que inaugurou José Manuel Baltar, semella que pretende dar pasos de xigante desde a historia do caderno do seu pai ata o iPad do que non se despega, pero ten que decatarse de que os usuarios da teleasistencia son persoas maiores e en moitas ocasións soas; viven no medio rural; teñen dificultades para desprazarse e non entenden as novas tecnoloxías. Unha das novidades, segundo palabras textuais, é a incorporación do uso intensivo das novas tecnoloxías

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

e o establecemento da tramitación telemática das solicitudes. Pensa que este é un cambio demasiado drástico para un veciño, por exemplo, da Veiga, que é igual que se lle falasen en chinés. Con todo, confían no éxito dunha iniciativa tan nova, pero ao mellor poderían financiar paralelamente a impartición de cursos de alfabetización dixital ao longo e ancho da provincia dirixidos aos maiores, para que se poidan informar dos experimentos que intenta facer o Sr. presidente coas novas tecnoloxías. Espera que isto non quede só nun adorno da verdadeira esencia desta ordenanza. Ao mellor detrás da proximidade do mantemento do servizo para os actuais usuarios ou da supresión do cofinanciamento dos concellos, se agoche o verdadeiro obxectivo desta ordenanza, porque cos señores do Partido Popular non hai sorpresas e tiñan moi clara a finalidade e detrás de cada decisión de acto que adoptan sempre se agocha a palabra que ataca de fronte ao Estado de Benestar, o “copago”. No texto da ordenanza indícase que se introduce o copago como medio de racionalización de uso do servizo. Pregúntase cómo llelo van explicar aos maiores do medio rural e se lles van informar por vía telemática este novo machadazo a unhas economías xa de por si empobrecidas. Tamén se pregunta como lles van dicir ás persoas con algunha discapacidade ou enfermas que tamén teñen que pagar agora polo botón - transmisor. En previsión da resposta do señor Álvarez Dobaño, de que todo se fará en función do nivel de renda e antes de que nos sature coa acostumada ladaña de cifras, datos e alusións contra os que considera os grandes culpables da crise, adianta que a postura do Grupo Socialista neste tema vai estar condicionada á futura ordenanza fiscal que fixará os prezos e as tarifas. En principio, non cren que a solución sexa o copago nun momento tan delicado como o que estamos vivindo na provincia. A renda neste caso non debería ser o único elemento definitorio, posto que o nivel de ingresos das persoas que solicitan o servizo de teleasistencia acostuma ser o dun pensionista medio. Queren que lles aclare se a continuidade do servizo estará garantida, porque na propia ordenanza se di que a Deputación dotará economicamente o financiamento do servizo, pero “sempre tendo en conta as disponibilidades financeiras da institución provincial”. Tamén se fala de que o número de vacantes se determinará en función das disponibilidades orzamentarias, actualizándose cada mes. Para finalizar, pregunta se isto vai significar que o mantemento do servizo terá unha espada de Damocles.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que xa case non tiñan que intervir, xa que a Sra. Morenza dixo o que ía dicir el, pero cre que se equivocou. Reitera os argumentos feitos nos dous puntos anteriores a respecto da redacción da ordenanza.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Non lle consta que os grupos da oposición fixeran ningunha achega. En canto ao copago, lémbrale á Sra. Morenza que xa existía unha taxa e ademais está criticando algo que aínda non se aprobou. En canto aos trámites informáticos, pensa que está ben avanzar neste campo para axilizalos e en relación coas dispoñibilidades orzamentarias, manifesta que ten que ser así, porque as cousas non son como queremos, e menos ultimamente. O Grupo Popular considera que este servizo é básico e, se se dá o caso, sería dos últimos que se suprimirían. Está de acordo co Sr. Iglesias Pérez en que este servizo deberían mantelo a Xunta e o Goberno central, pero quen empezou rebaixando o financiamento, cada ano en menos, non foi o Partido Popular.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, só quere aludir ao criterio economicista do portavoz do Grupo Popular. É certo que o mundo se move rápido, pero sempre se move a peor para os máis febles, e na nosa provincia os máis febles son as persoas maiores do rural e os mozos e as mozas. Para finalizar di que manteñen a abstención, aínda que saben que se ten que dar este servizo tan necesario, pero non comparten que teña que ser única e exclusivamente a Deputación a que teña que soportar o custo do servizo, e moito menos os veciños e veciñas que o van precisar.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que non sabe como lles van explicar aos maiores da provincia a diferenza entre o moito copago e o pouco copago e que canto menos hai máis se paga. Pregunta se existe unha data precisa para a instalación dos avances tecnolóxicos, detectores de fumes, etcétera, e se isto o vai ter que pagar o usuario. Na ordenanza non se menciona o número de beneficiarios, nin de mínimos nin de máximos, e queda ao albedrío das dispoñibilidades financeiras. Para finalizar di que se fala na ordenanza de que este servizo vai destinado ás persoas que vivan soas ou que pasen a maior parte do día soas, e isto non é ningunha novidade.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, en canto ao criterio economicista di que a el non lle gustan os números, pero a realidade imponse e non queda outro remedio que combinar o criterio económico coas necesidades. Dille á Sra. Morenza que, en canto ao copago, ninguén falou de ningunha cantidade e antes de criticar hai que saber o que se pagaba antes e o que se vai pagar agora. Na ordenanza dise que o servizo de teleasistencia, na medida que os avances tecnolóxicos o permitan, poderase complementar coa instalación nos domicilios dos usuarios dos dispositivos públicos que poderán incorporar detectores de fumes, caídas ou gases, sensores de ocupación de habitación, de apertura de electrodomésticos básicos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

para a vida diaria ou localizadores vía satélite de usuarios e di que no seu concello houbo problemas co servizo de teleasistencia, debido precisamente a problemas tecnolóxicos. Para finalizar di que o Grupo Popular tratará de ir mellorando pouco a pouco este servizo.

Intervén o **Sr. presidente** para dicirlle á Sra. Morenza que son asumidores de competencias, pero que esta asunción vén derivada dunha lei autonómica do goberno anterior da Xunta de Galicia. En canto á brincadeira que fixo a Sra. Morenza con respecto ás novas tecnoloxías dille que hai que ler todo e lembra que as comisións informativas están para que os grupos fagan as achegas oportunas. Non sabe que lle pasa á Sra. Morenza cos veciños da Veiga e dille que no seu grupo está o alcalde de Petín que utiliza o iPad dunha forma magnífica. Para acceder a este servizo non hai que ter un teléfono intelixente e hai que ler todo o artigo 8º da ordenanza, que di que o procedemento para o acceso ao servizo se fará a través dos servizos sociais do concello onde figure empadroado o solicitante; a través da Área de Benestar da Deputación Provincial ou directamente de forma telemática. O que está claro é que se non hai ordenanza critican e se a hai tamén.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Servizo Provincial de Teleasistencia no Fogar da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto regular a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, do servizo de teleasistencia no fogar aos cidadáns empadroados nos municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes, que por razón de idade, enfermidade ou concurrencia de discapacidade, precisen a asignación deste recurso para mellorar a súa calidade de vida e apoiar a permanencia no seu contorno habitual.

Artigo 2. Definición do servizo.

1. O servizo de teleasistencia no fogar é un servizo de atención inmediata que permite a mobilización de recursos sociais ante unha situación de emerxencia domiciliaria, mediante o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

emprego de dispositivos telemáticos de uso sinxelo. O servizo préstase a través da liña telefónica, utilizando un equipamento de comunicacións e informático específico, localizado nun centro de atención e no domicilio do usuario, permitindo, con só accionar un botón - transmisor, entrar en contacto verbal (mediante sistema de mans libres) con persoal especialmente formado para dar resposta á necesidade presentada mediante a utilización dos seus propios medios e/ou, mobilizando outros recursos materiais e humanos dispoñibles.

O servizo de teleasistencia, a medida que os avances tecnolóxicos o permitan, poderase complementar coa instalación nos domicilios dos usuarios de dispositivos periféricos que poderán incorporar detectores de fumes, caídas ou gases, sensores de ocupación de habitacións, de apertura de electrodomésticos básicos para a vida diaria ou localizadores vía satélite de usuarios.

2. A finalidade do servizo é posibilitarlles ás persoas maiores, enfermas ou afectadas por discapacidade que non precisan de atención permanente e presencial dispoñer da seguridade de que, ante unha situación de emerxencia domiciliar que implique risco para a súa saúde ou seguridade, poidan contactar de forma inmediata co centro de atención, garantindo unha comunicación permanente as vinte e catro horas do día todos os días do ano.

3. As comunicacións entre o usuario e o centro de atención, serán dos seguintes tipos:

- a) De emerxencia. En resposta a demandas de atención recibidas a través da liña telefónica.
- b) De seguimento. O persoal do centro de atención contactará cos usuarios para poder facer un seguimento, e poder estimar a necesidade de intervención anticipada a situacións de risco.

Artigo 3. Financiamento do servizo.

O servizo de teleasistencia no fogar financiarase con fondos propios da Deputación Provincial e coas taxas dos usuarios do servizo, que serán obxecto de regulación na correspondente ordenanza fiscal.

A Deputación de Ourense dotará economicamente no seu orzamento anual os créditos correspondentes ao financiamento do servizo, sempre tendo en conta as dispoñibilidades financeiras da institución provincial.

Artigo 4- Requisitos do usuarios do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

1. As persoas que desexen acceder á condición de usuario do servizo deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Vivir soas ou pasar unha grande parte da xornada diaria no domicilio sen compañía ou con persoas en situacións semellantes ao solicitante.

b) Estar en situación de risco por razón de idade, enfermidade ou discapacidade, sexa esta de carácter crónico ou transitorio.

c) Ter liña telefónica e subministración de enerxía eléctrica no domicilio para o que solicitan o servizo.

d) Ter calidades físicas, psíquicas e sensoriais así como capacidade de comprensión e de discernimento para entender o funcionamento básico do servizo e poder utilizalo. Non obstante, exceptúanse deste requisito aos usuarios indirectos.

e) Non ter aprobado o Programa Individual de Atención (PIA), definido dentro do procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

f) Estar empadroadas nun concello de menos de 20.000 habitantes que estea adherido ao servizo provincial.

2. A adquisición da condición de usuario obtérase, trala solicitude previa do interesado, mediante resolución da Presidencia da Deputación, priorizando a asignación deste recurso en atención á valoración que resulte da aplicación do baremo sociosanitario que cubran os servizos sociais municipais ou provinciais conforme co establecido no anexo I e seguindo o procedemento regulado na presente ordenanza.

Artigo 5. Clases de usuarios do servizo.-

Os usuarios do servizo poderán selo baixo as seguintes modalidades:

a) Usuario directo. Persoa recoñecida como beneficiaria do servizo e á que se lle asigna un terminal propio de usuario e unha unidade de control remoto.

b) Co - usuario directo. Persoa recoñecida como beneficiaria do servizo e que convive con outro usuario directo, asignándoselle unha unidade de control remoto adicional e facendo uso da mesma terminal de usuario que o usuario directo co que convive.

c) Usuario indirecto. Persoa recoñecida como beneficiaria do servizo e que convive cun usuario directo, pero carece de capacidades para poder comprender o funcionamento ou usar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

unha unidade de control remoto. A atención a estes usuarios realizarase a través dos usuarios directos cos que conviva.

Artigo 6. Funcionamento do servizo.

O servizo prestarase dende o centro de atención da entidade que desenvolva a súa xestión técnica, abordándose as situacións que se presenten coa intervención do seu persoal, ou mobilizando recursos de titularidade pública dispoñibles no contorno ou privativos do propio usuario.

Para tal fin, o centro de atención disporá dunha base de datos exhaustiva e actualizada sobre os recursos existentes no contorno do usuario e das súas zonas de influencia, e unha base de datos das persoas cos medios e recursos privados cos que conta e aos que podería acudir en caso de necesidade ou emerxencia.

O apoio directo aos usuarios préstase directamente por parte do centro de atención. En consecuencia, ante calquera situación de crise, o centro de atención permanecerá en contacto co usuario ata a resolución, protocolizando un sistema de seguimento da emerxencia ata a total normalización da situación producida.

Artigo 7. Modos de xestión do servizo.

O servizo poderá xestionarse de modo directo ou indirecto, conforme con calquera das fórmulas legais establecidas na lexislación de réxime local e na lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, a realización de todos os actos que impliquen exercicio de autoridade só poderá levarse a cabo mediante xestión directa a cargo da propia Deputación Provincial. En particular, entenderanse comprendidos nesta disposición todos os actos de concesión, denegación, suspensión ou extinción do servizo, así como a emisión de informes de carácter preceptivo e os informes de valoración das solicitudes.

Título II. Procedemento de acceso ó servizo.

Artigo 8. Solicitude do usuario.

1. O procedemento para o acceso ao servizo de teleasistencia no fogar iniciarase a pedimento de parte. Os cidadáns que desexen acceder ao servizo poderán solicitalo a través dalgunha das seguintes vías:

- a) A través dos servizos sociais do concello onde figure empadroadado o/a solicitante.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

b) A través da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense, de forma presencial ou directamente de forma telemática.

2. En todos os casos, a solicitude cursarase telematicamente, tramitándose a través do Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense, localizado na sede electrónica da Deputación. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 27.6 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, o estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido no parágrafo seguinte, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios.

3. A solicitude telemática poderá levarse a cabo por calquera dos seguintes modos:

a) Polo propio solicitante, ou o seu representante, en ámbolos dous casos empregando o DNI electrónico da persoa que formula a solicitude. Poderán empregarse ademais outros sistemas alternativos de identificación electrónica que sexan autorizados pola Presidencia conforme co establecido no artigo 4.1 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos provinciais.

b) Por funcionarios do concello do solicitante ou da Área de Benestar da Deputación, autorizados polo solicitante para realizar a solicitude no seu nome, ao abeiro do establecido no artigo 4.4 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos provinciais.

Unha vez completado correctamente o proceso, xerarase o documento acreditativo da solicitude rexistrada de forma telemática, do que se fará entrega ao interesado, e no que constará un número de referencia que lles permitirá facer un seguimento constante do estado da solicitude a través da sede electrónica da Deputación.

4. A solicitude acompañarase obrigatoriamente da seguinte documentación:

a) Copia do DNI do solicitante e, se é o caso, do seu representante.

b) Poder co que actúe o representante, se é o caso.

c) Copia da tarxeta de asistencia sanitaria do solicitante.

d) Informe médico do solicitante emitido polo médico do servizo público de saúde, ou o que corresponda nos casos en que o solicitante sexa beneficiario dunha mutualidade do sistema de clases pasivas, segundo formulario normalizado.

e) Documento de autorización, asinado polo solicitante ou polo seu representante, para que a Deputación de Ourense lle solicite datos fiscais á administración tributaria para os efectos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

de cálculo da capacidade económica, así como a autorización para consultar datos de recoñecemento da situación de dependencia coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

A aplicación informática a través da que se xestione a solicitude telemática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia da documentación anexa prevista no presente apartado, de xeito tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que a dita deficiencia sexa emendada.

Non obstante o anterior, a Deputación Provincial eximirá aos solicitantes da presentación dos documentos sinalados nos apartados a) e c) no momento no que a administración provincial dispoña de acceso telemático aos ditos documentos mediante convenio coas administracións competentes.

Artigo 9. Informe social.

Recibida a solicitude, a Deputación de Ourense solicitará dos servizos sociais do concello onde estea empadroado o solicitante a emisión do informe social, conforme co informe de modelo social unificado establecido por orde da Consellería de Traballo e Benestar do 1 de abril de 2013 (ou modelo que o substitúa no futuro) en formato normalizado, no prazo de dez días hábiles. Transcorrido o dito prazo sen que se teña achegado o documento, o informe social será elaborado polos propios servizos da Deputación, continuándose o procedemento coa valoración da solicitude regulada no artigo seguinte.

Non será necesaria a realización deste trámite cando o interesado achegue o informe social coa súa solicitude.

Artigo 10. Valoración de solicitudes.

1. A valoración das solicitudes corresponderalles aos servizos sociais da Deputación de Ourense, unha vez emitido o informe social polos servizos municipais ou provinciais, segundo o caso.

2. A valoración das solicitudes determinará a concesión da alta no servizo, en función do número de vacantes existentes en cada mensuralidade, unha vez excluídas as prazas reservadas para os supostos previstos no artigo 11. O número total de vacantes determinarase en función das disponibilidades orzamentarias existentes, actualizándose automaticamente o día primeiro de cada mes en función das baixas producidas no mes anterior. Ademais, ese número poderá modificarse ao longo do exercicio, como consecuencia de modificacións orzamentarias.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

O número de vacantes dispoñibles para cada mensuralidade será público e accesible de xeito permanente a través da sede electrónica da Deputación.

3. A valoración realizarase mensualmente, referida a todas as solicitudes cuxo informe social fose recibido ou emitido polos servizos provinciais no mes natural anterior. O correspondente informe outorgaralles a puntuación correspondente conforme co establecido no baremo recollido no anexo I da presente ordenanza. A puntuación obtida será pública e accesible a través da sede electrónica da Deputación, que as publicará utilizando o número de referencia asignado para protexer a intimidade e protección dos datos dos solicitantes.

Como resultado da valoración, as solicitudes formarán unha lista ordenada por puntuación, na que se incluírán as solicitudes obxecto de valoración nesa mensuralidade e as solicitudes valoradas en mensuralidades anteriores que quedasen en situación de espera ao non ter obtido a puntuación suficiente para obter a alta.

O informe de valoración conterá unha proposta de concesión de alta como usuarios aos solicitantes que obtivesen maior puntuación, ata esgotar o número de prazas dispoñibles nesa mensuralidade.

No suposto de solicitudes con idéntica puntuación, terá preferencia para a concesión da alta no servizo a que fose presentada con anterioridade.

As solicitudes que non obtivesen puntuación suficiente para a obtención da alta quedarán en lista de espera, concorrendo automaticamente aos procesos de concesión de novas altas nos meses sucesivos, ata obter a alta solicitada.

4. A alta no servizo e a declaración na situación de espera será establecida en cada mensuralidade por resolución da Presidencia, na que igualmente se resolverán todas as incidencias producidas nese período. As altas serán efectivas o primeiro día natural do mes seguinte ao da resolución.

A resolución da Presidencia non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Os solicitantes en lista de espera poderán en calquera momento solicitar unha nova valoración, se entenden que a súa situación socio – sanitaria sufriu variacións substanciais que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

puidesen modificar a valoración inicial. Esta solicitude tramitarase conforme co establecido no artigo 8, pero só será necesario achegar a seguinte documentación:

- A esixida no apartado b), se a solicitude inicial non se tivese formulado a través de representante ou se formulase a través dun representante diferente.

- A esixida no apartado d), se a información contida no informe médico sufrise modificacións relevantes para a valoración.

As solicitudes de nova valoración seguirán a mesma tramitación que as solicitudes iniciais, polo que, unha vez que o informe social se reciba ou emita polos servizos provinciais, serán obxecto de valoración conforme co establecido no apartado 3.

Artigo 11. Atención de situacións de puntual e crítica emerxencia.

A Deputación de Ourense reservará anualmente prazas de usuario para posibilitar a atención en situacións de puntual e crítica emerxencia detectadas polos servizos sociais dos concellos nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Ausencia temporal, por causa grave xustificada, da persoa que atende regularmente a outra persoa que se encontra en situación de emerxencia.

b) Situacións temporais de convalecencia médica nas que o solicitante sufra unha situación de risco e/ou incapacidade.

b) Outras situacións, valoradas como de obxectiva emerxencia, por parte dos servizos sociais municipais.

En todos os casos, deberá acreditarse que a necesidade de alta no servizo non admita dilación na súa concesión, ou que esta supuxese unha grave situación de risco para a saúde ou a seguridade do solicitante.

A concorrencia desta situación, acreditada no informe social, e logo de ser comprobadas as circunstancias polos servizos sociais da Deputación, determinará o acceso directo ao servizo, que será acordado por resolución da Presidencia, sempre dentro das dispoñibilidades dos equipos reservados para emerxencias, con carácter provisional e por un período máximo de tres meses. Durante este período o interesado deberá solicitar a instalación definitiva dunha terminal a través de trámite ordinario, agás no suposto de que a necesidade temporal que deu lugar á alta directa non exceda do período trimestral sinalado.

Artigo 12. Suspensión temporal do servizo

1. A prestación do servizo poderá suspenderse temporalmente nos casos seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

a) Cando o usuario se ausente do seu domicilio por tempo superior a dous meses consecutivos.

b) Cando o usuario sufra a perda temporal dalgún dos requisitos de acceso ao servizo por un tempo superior a dous meses consecutivos.

A suspensión poderá tramitarse de oficio ou a instancia de parte. En todo caso, o usuario terá a obriga de comunicar a circunstancia da súa ausencia temporal cando se dea o suposto previsto na letra a).

2. A suspensión levantarase automaticamente cando remate a súa causa, acordándose o seguimento da prestación unha vez conste acreditada esta circunstancia.

3. No suposto no que a causa temporal de suspensión devese definitiva, acordarase a extinción da prestación do servizo, conforme co establecido no artigo seguinte.

Artigo 13. Extinción da prestación do servizo.

1.- A extinción da prestación do servizo de Teleatención provincial no fogar producirase nos seguintes supostos:

- a) Por defunción do usuario.
- b) Por petición expresa do usuario.
- c) Pola perda, con carácter permanente, dalgún dos requisitos para poder obter a consideración de usuario do servizo.
- d) Por inadecuada manipulación ou incorrecta conservación do equipo individual asignado.
- e) Por inadecuada utilización do servizo.
- f) Pola falta de pagamento en período voluntario dun mínimo de tres cotas mensuais das taxas establecidas.
- g) Por calquera outro incumprimento grave das obrigas que lle corresponden ao usuario conforme coa presente Ordenanza.
- h) Por ausencia do domicilio por tempo superior a dous meses sen que conste a comunicación desta circunstancia.

2.- A extinción acordarase a pedimento do usuario no suposto previsto no apartado b), e de oficio no resto dos casos.

3. A solicitude de baixa deberá presentarse por escrito ou telematicamente, achegando o poder do representante en caso de que se actúe ao seu través e este non constase xa no expediente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

4. Agás nos supostos recollidos nos apartados a) e b), a extinción da prestación do servizo esixirá a previa tramitación de expediente contradictorio con audiencia do usuario.

Artigo 14. Obrigas do usuario do servizo.

Os usuarios do servizo provincial de teleasistencia domiciliaria asumirán as seguintes obrigas:

a) Utilizar correctamente o terminal e as unidades de control remoto do servizo, segundo as instrucións recibidas por parte do persoal responsable da instalación ou revisión periódica, procurando a correcta conservación dos elementos que o integran, non podendo efectuar manipulacións indebidas sobre el.

b) Manter ao seu alcance, durante todo o tempo no que estean no domicilio, a unidade de control remoto do servizo.

c) Poner en inmediato coñecemento da entidade prestadora do servizo calquera avaría ou anomalía que detecte e que poida afectar ao correcto funcionamento do sistema.

d) Facilitar o acceso á súa vivenda dos supervisores do servizo, que debidamente acreditados como tales, poidan proceder a revisar e comprobar o correcto funcionamento das terminais ou mantemento periódico.

e) Devolver en perfecto estado de conservación e uso os equipos instalados cando se extinga a prestación do servizo..

f) Poner en coñecemento inmediato do concello da súa localidade ou directamente dos servizos sociais da Deputación calquera variación das circunstancias persoais, sociais ou sanitarias que motivaron a adxudicación do servizo.

g) Solicitar e xustificar a suspensión do servizo cando concorran circunstancias que imposibiliten a súa prestación temporal durante un período superior a dous meses.

h) Permitirlles e facilitarlles o acceso á súa vivenda aos servizos sociais municipais e/ou provinciais que, debidamente acreditados, poidan facer comprobacións periódicas do mantemento das circunstancias persoais que motivaron a adxudicación do servizo.

Artigo 15. Adhesión dos concellos ó servizo.

1. Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso) na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

2. A comunicación da adhesión deberá remitírselle á Deputación Provincial por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común .

Non obstante o anterior, e para o suposto de que a Presidencia estableza como obrigatoria a comunicación telemática da adhesión, esta deberá realizarse a través do rexistro electrónico de entrada da Deputación Provincial.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

3. A adhesión entenderase automaticamente concedida polo mero transcurso do prazo de dez días hábiles dende a recepción da solicitude pola Deputación. O dito prazo entenderase interrompido no caso de que a Deputación requira expresamente a emenda de deficiencias na solicitude.

4. Mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido na presente ordenanza ou no modelo de adhesión.

Artigo 16. Obrigas dos concellos adheridos ao servizo.

As obrigas dos concellos que se adhiran ao servizo serán as seguintes:

a) Cumprir o procedemento establecido na presente ordenanza para a tramitación de solicitudes de servizo, e as instrucións que para a súa aplicación se poidan desenvolver pola Deputación Provincial.

b) Realizar o informe social nos prazos previstos neste procedemento á petición da Deputación de Ourense ou, se é o caso, activar o procedemento para que sexan os servizos sociais provinciais os que se responsabilicen desta función.

c) Colaborar activamente nos protocolos de seguimento e avaliación do servizo que se desenvolvan pola Deputación de Ourense así como no control do bo funcionamento do sistema de teleasistencia.

d) Comunicarlle á Deputación Provincial, de forma inmediata, calquera variación que coñezan en relación coas circunstancias que motivaron a adxudicación do servizo a favor dalgún usuario.

e) Facilitarlle á Deputación de Ourense os datos que lle fosen requiridos e que se refiran a peticiónarios ou usuarios do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

f) Cumprir as normas de publicidade e información sobre o servizo que se definan dende a Deputación Provincial co fin de identificar a este servizo como servizo provincial.

Disposición transitoria 1ª.-

Aquelas persoas que na data de entrada en vigor da presente ordenanza fosen usuarias do servizo de teleasistencia domiciliaria no marco do convenio suscrito entre o IMSERSO e a FEMP, entenderanse automaticamente adscritas ao novo servizo, sen necesidade de ningún trámite, séndolles de aplicación integramente o disposto nesta ordenanza.

As persoas que voluntariamente queiran causar baixa neste servizo por entender que non precisan do recurso e/ou non desexan asumir as obrigas que se derivan desta ordenanza, poderán solicitar a súa baixa en calquera momento conforme co establecido no artigo 13.

Disposición transitoria 2ª.-

Os concellos que na data de entrada en vigor da presente ordenanza xa estivesen adheridos ao servizo de teleasistencia domiciliaria no marco do convenio suscrito entre o IMSERSO e a FEMP, entenderanse automaticamente adheridos ao novo servizo, sen necesidade de ningún trámite, ata tanto non manifesten expresamente a súa vontade de separarse do servizo.

Disposición transitoria 3ª.-

Aquelas solicitudes de acceso ao servizo, que á data de entrada en vigor da presente ordenanza, estivesen en trámite e pendentes de resolución, aplicaráselles o procedemento establecido no artigo 10, resolvéndose en igualdade de oportunidades coas novas solicitudes presentadas ao abeiro desta ordenanza.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango xerárquico que contradigan, se opoñan ou resulten incompatibles co establecido na presente ordenanza. En particular, quedan derogadas e sen efecto as normas aprobadas ao abeiro do convenio de colaboración entre o IMSERSO e a FEMP que permitiu o funcionamento da teleasistencia domiciliaria dende o ano 1998 ata o 2012 na provincia de Ourense.

Disposición Final.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

2º.- Someter este acordo a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións. Se se presentan reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno desta Deputación Provincial. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

BAREMO SOCIOSANITARIO

USUARIO:

DNI:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

.- IDADE, ESTADO DE SAÚDE E NIVEL DE AUTONOMÍA (20 PUNTOS, 40%)

1.1-IDADE (2 PUNTOS, 4%)

- Menor de 650 puntos
- De 65-75..... 1 punto
- De 75-85..... 1,5 puntos
- Máis 85.....2 puntos

1.2 -AUTONOMÍA PERSOAL,SATISFACCIÓN ABVD (10PUNTOS, 20%)

	Válese: Desenvolvemento adecuado tarefa	Precisa axuda (Apoio puntual tarefa)	Axuda total (Apoio constante)
Comer e beber	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Lavarse	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Vestirse	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Micción e Defecación	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Coidados corporais(1)	0puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Desprazamento Fogar	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Desprazamento Fora fogar	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Tarefas domésticas	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Toma de decisións(2)	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>
Mantemento saúde(3)	0 puntos <input type="checkbox"/>	0,5 puntos <input type="checkbox"/>	1 puntos <input type="checkbox"/>

(1) .Cortar as uñas ,lavar o pelo, peitearse,lavar os dentes

(2). Presenta iniciativa, coherencia e control das tarefas mencionadas

(3). Seguimento das pautas terapéuticas indicadas

1.3-SITUACIÓN DE VIVENCIA PSICOLÓXICA EN RELACIÓN COA SOIDADE (2 PUNTOS, 4%)

- Tranquilidade0,5 puntos
- Preocupación 1 puntos
- Angustia grave2 puntos

1.4 GRAO DE DISCAPACIDADE (6 PUNTOS, 12%)

- Dende o 33% ata o 65%..... 2 puntos
- Dende o 65% ata o 75%..... 4 puntos
- Máis do 75% 6 puntos

TOTAL NESTE APARTADO.....

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

2.- SITUACIÓN DE CONVIVENCIA (15 puntos; 30%)

2.1 UNIDADE DE CONVIVENCIA (9 PUNTOS, 18%)

- Persoas que conviven con familiares..... 3 puntos
- Persoas que viven soas 7 puntos
- Persoas que viven con familiares con graves dificultades físicas, psíquicas ou sensoriais 9 puntos

2.2 PRESTACIÓN DE APOIO DOS FAMILIARES /NON PROFESIONAIS
PRESTACIÓN APOIOS FAMILIARES COS QUE CONVIVE (2 PUNTOS,4%)

- Diarios 0,5 puntos
- Semanais 1 puntos
- Esporádicos 1,5 puntos
- Non recibe 2 puntos

PRESTACIÓN DE APOIO FAMILIARES COS QUE NON CONVIVE (2 PUNTOS, 4%)

- Diarios 0,5 puntos
- Semanais 1 puntos
- Esporádicos 1,5 puntos
- Non recibe 2 puntos

PRESTACIÓNS DE APOIOS VECIÑAIS (2 PUNTOS, 4%)

- Diarios 0,5 puntos
- Semanais 1 puntos
- Esporádicos 1,5 puntos
- Non recibe 2 puntos

TOTAL NESTE APARTADO

3.- VIVENDA (10 PUNTOS, 20%)

3.1 ÁMBITO DA VIVENDA (2 PUNTOS; 4%)

- Urbano..... 0,5 puntos
- Semiurbano 0,5 puntos
- Urbano, zona marxinal 1,5 puntos
- Rural 1 puntos
- Rural illado..... 2 puntos

3.2 CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE (5 PUNTOS; 10 %)

- Dispón de todos os servizos que garantan unhas boas condicións (auga quente, calefacción, lavadora automática)..... 0 puntos
- Dispón dos servizos mínimos e aceptables (auga corrente,baño, ducha , frigorífico) 1 puntos
- Non dispón dos equipamentos mínimos (auga corrente,baño, ducha , frigorífico) 3 puntos
- Vivenda deteriorada(gretas, goteiras, humidade...) 5 puntos

3.3 BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS (1 PUNTOS,2%)

- Non existen 0 puntos
- Exteriores 0,5puntos
- Interiores 0,5 puntos
- Ambas 1 puntos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

3.4 ACCESIBILIDADE A SERVIZOS E RECURSOS DA COMUNIDADE(CENTRO MÉDICO, CONCELLO (2 PUNTOS, 4%)

Boa..... 0 puntos

Regular..... 1 puntos

Mala 2 puntos

TOTAL NESTE APARTADO

4.- SERVIZOS/PRESTACIÓNS SOCIAIS DISPOÑIBLES (5 PUNTOS;10%)

Dispón de servizos sociais de proximidade

(axuda no fogar, centro de día).....2 puntos

Non dispón de servizos sociais

(axuda no fogar, centro de dia).....5 puntos

TOTAL NESTE APARTADO

PUNTUACION TOTAL DA AVALIACIÓN

Asdo: O/a traballador social n.º de colexiado.....

5º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2012.-

A Sra. interventora dá conta da liquidación do orzamento de 2012, aprobada por resolución da Presidencia de data 21 de marzo de 2013, co seguinte contido:

“En uso das atribucións conferidas polos artigos 191.3 e 192.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, unha vez visto o preceptivo informe de Intervención, e a proposta da Presidencia do Organismo Autónomo, **ACORDO:**

1º.- Aproba-la liquidación do orzamento xeral de 2012 da Excm. Deputación Provincial, cos seguintes resumos e magnitudes principais a fin de exercicio:

a) Entidade local	
ORZAMENTO DE GASTOS	
Créditos orzamentarios iniciais	71.023.057,00 €
Créditos orzamentarios definitivos	94.065.142,03 €
Obrigas recoñecidas netas	71.773.571,25 €
Obrigas pendentes de pagamento	13.009.518,54 €
ORZAMENTO DE INGRESOS	
Previsións iniciais	71.023.057,00 €
Previsións definitivas	94.065.142,03 €
Dereitos recoñecidos netos	75.039.942,07 €
Dereitos pendentes de cobro	5.660.816,45 €
RESULTADO ORZAMENTARIO	
Dereitos recoñecidos netos (+)	75.039.942,07 €
Obrigas recoñecidas netas (-)	71.773.571,25 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Resultado orzamentario	3.266.370,82 €
Gastos financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais (+)	5.300.525,03 €
Desviacións de financiamento negativas (+)	103.413,37 €
Desviacións de financiamento positivas (-)	1.275.976,92 €
Resultado orzamentario axustado	7.394.332,30 €
REMANENTE DE TESOURERÍA	
Fondos líquidos (+)	9.551.765,30 €
Dereitos pendentes de cobro (+)	25.186.116,59 €
Obrigas pendentes de pagamento (-)	20.275.096,99 €
Remanente de Tesourería total	14.462.784,90 €
Saldo de dubidoso cobro	1.130.829,32 €
Exceso de financiamento afectado	908.490,20 €
Remanente de Tesourería para gastos xerais	12.423.465,38 €
b) Inorde	
ORZAMENTO DE GASTOS	
Créditos orzamentarios iniciais	2.023.218,73 €
Créditos orzamentarios definitivos	3.375.508,14 €
Obrigas recoñecidas netas	2.357.734,81 €
Obrigas pendentes de pagamento	449.751,29€
ORZAMENTO DE INGRESOS	
Previsións iniciais	2.023.218,73 €
Previsións definitivas	3.375.508,14€
Dereitos recoñecidos netos	2.737.595,06 €
Dereitos pendentes de cobro	775.653,52 €
RESULTADO ORZAMENTARIO	
Dereitos recoñecidos netos (+)	2.737.595,06€
Obrigas recoñecidas netas (-)	2.357.734,81 €
Resultado orzamentario	379.860,25 €
Gastos financiados con remanente de Tesourería (+)	310.938,76 €
Desviacións de financiamento negativas (+)	164.113,68 €
Desviacións de financiamento positivas(-)	76.156,15
Resultado orzamentario axustado	778.756,54 €
REMANENTE DE TESOURERÍA	
Fondos líquidos (+)	513.589,53 €
Dereitos pendentes de cobro (+)	1.434.536,99 €
Obrigas pendentes de pagamento (-)	1.167.204,93€
Remanente de Tesourería	780.921,59 €
Saldos de dubidoso cobro	73.963,82
Exceso de financiación afectada	51.696,99
R.T. para gastos xerais	655.260,78

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

2º.- Que se lle dea conta ó Pleno provincial de acordo cos artigos 193.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2002, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990”.

Os membros da Corporación quedan informados.

6º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE VEEA EN MATERIA DE RECADACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DE XESTIÓN DO CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acepta-la delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Vereas ten atribuídas en materia de recadación da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga, da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais e de xestión do canon da auga da Xunta de Galicia, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 13 de marzo de 2013. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

7º.- EXPEDIENTE N.º 1/2013 DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2013 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

A continuación dá conta dunha emenda realizada pola Presidencia no día da data, e pide desculpas pola présa, pero o escrito do Concello de Laza entrou onte a última hora da mañá. Neste escrito o concello pide o cambio de finalidade dunha subvención nominativa que figura no expediente. Esta subvención tiña por obxecto o campo de fútbol 7 en Laza e solicita o cambio para unha pista multideportiva no campo do Toural en Laza

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que alguén lle dixo que o que hoxe se trae para aprobación é un EMC (engano de moito carallo) e el pensa que o que agochan esas siglas é, en todo caso, un expediente de manexo caciquil. Resumíndoo nunha frase, poderíamos concluír que: detrás de min virá quen bo me fará. O expediente de modificación de créditos inclúe partidas para o pagamento de diversas indemnizacións derivadas de diversas sentenzas por despedimentos que, a bo seguro, non han ser as últimas. Isto revela que os contratos que se fixeron nesta Deputación adoecen do máis mínimo rigor, de aí os fallos condenatorios e que a irresponsabilidade no manexo do diñeiro público está a ter graves consecuencias. Hai un uso e un abuso das subvencións nominativas que arrepía. O uso é claramente partidario, pois a práctica totalidade das subvencións van destinadas a concellos do Partido Popular, baste aportar algúns datos que corroboran o dito: os concellos do Partido Popular levan máis de 1.600.000 euros en subvencións, fronte aos 75.000 dos concellos do PSdeG-PSOE, e os 30.000 do BNG. O abuso neste tipo de subvencións é evidente, conculcando por enésima vez o establecido nas bases de execución do orzamento para 2013 que explicitan que o procedemento ordinario de concesión será o de concorrencia competitiva, debendo xustificarse debidamente os supostos de concorrencia non competitiva. Pregúntalle ao Sr. presidente cal vai ser o criterio para o reparto dos fondos destinados a concellos para protección e defensa civil, cuxo crédito extraordinario ascende a 209.000 euros e tamén para limpeza viaria cuxo montante ascende a 360.000 euros. Pregunta tamén se llos vai dar aos concellos do PP. Gustaríalles que clarificara estas cuestións neste Pleno. Queda claro que non se establecen criterios para a concorrencia competitiva, como se aprecia no reparto de diñeiro a concellos para PAIs e garderías, onde todos os concellos beneficiarios, agás un (que por certo non é nin do PSOE nin do BNG), son do PP. Pregúntase se os outros concellos da provincia non están a facer importantes esforzos económicos para paliar os recortes nas achegas por parte da Xunta, en materia de educación infantil. No que atinxe ao reparto dos fondos para actividades culturais

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

e recreativas, o criterio brilla pola súa ausencia. Con todos os respectos, di que non se pode comparar un festival de teatro do concello de Riós, cun festival consolidado e de referencia internacional como o de Ribadavia, por non falar doutros certames aos que se lles nega tanto o pan como o sal. Anuncia que votarán en contra deste expediente e di que lles merece a súa atención a subvención de 150.000 euros a unha empresa privada, Manzaneda Estación Invernal, SA, para un proxecto de innovación. Desde o BNG entenden que podería ser discutible unha achega tan xenerosa a esta empresa porque aínda recoñecendo que a boa marcha da empresa ten un impacto importante, tanto directo como indirecto, na economía da comarca, e por ende da provincia, abre unha espita para calquera outro proxecto de semellantes características tamén presentados por empresas privadas. Pero en todo caso, o que si lles parece cuestionable, é que a Deputación, que rexeitou no seu día unha proposta do BNG para permanecer no accionariado de MEISA, lle outorgue unha subvención de diñeiro público a unha empresa privada sen que haxa un mecanismo público para o seu control, como sería no caso de permanecer dentro do accionariado, porque non podemos esquecer que estamos a falar de darlle diñeiro público a unha empresa privada, por máis que o seu destino sexa plausible.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. secretario que está desculpado pola présa da emenda que se trouxo, pero que ese argumento podería valer tamén para cando o portavoz popular se referiu ás achegas que pode facer a oposición como nos textos das ordenanzas ou similares. Isto o único que demostra é que non hai ningún tipo de criterio á hora de facer este tipo de modificacións orzamentarias para outorgar subvencións nominativas. Con todos os respectos para o concello de Laza, pregúntalle ao Grupo Popular se é que descubriu agora que en Laza só nacen seis nenínos ao longo do ano, e un campo de fútbol 7 é para sete contra sete, que son catorce, e agora déronse conta de que hai que facer unha pista multideportiva para que xoguen cinco contra cinco, ou incluso ao baloncesto un contra un. Empraza ao grupo de goberno para que poñan a traballar ao asesor deportivo da Deputación (que para iso cobra) para que visite os concellos e así poder priorizar os investimentos. O Grupo Socialista vai seguir a mesma liña, porque levan máis de vinte anos dicindo que nunca lles gustou esta forma de repartir. Subscribe o dito polo portavoz do BNG de que isto é unha forma caciquil de reparto de diñeiro público, aínda sabendo que poden existir necesidades puntuais que son para as que se dan as subvencións nominativas, pero a través de criterios lóxicos e non vir agora cunha emenda como a que se acaba de presentar, que só é o albo das risas para o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

grupo de goberno e non para o concello que a pide. Pensa que o grupo de goberno se contradí, xa que no punto que se tratou sobre a ordenanza da teleasistencia se falou de que hai que adaptarse ao diñeiro que hai e agora traen esta modificación orzamentaria para dar subvencións que non son prioritarias. O Grupo Socialista sempre di (sen moito éxito) que a excepcionalidade nesta Deputación converteuse en norma. Están totalmente en desacordo con esta modificación de créditos e unha das razóns é porque o Sr. presidente anunciara que isto ía mudar (incluso o di tamén algún asesor da Presidencia), pensa que isto igual muda ao acabar a lexislatura, pero ao mellor quen muda é o Sr. presidente e o seu grupo de goberno. A realidade é que si mudou, pero para peor, e basta con ver esta modificación. Lonxe de ter unha folla de ruta e intentar que os concellos reciban unhas cantidades equitativas e que respondan a unhas necesidades marcadas pola ponderación de reparto do diñeiro público, non existe criterio, mellor dito, si existe un criterio que é o da afinidade política. Hai catro meses que se aprobou o orzamento e agora tráese esta modificación orzamentaria con peores criterios que os que tiña o anterior presidente (que xa é difícil). Hai unha modificación de 1.780.000 euros, e no seu reparto ideolóxico a discriminación das persoas que non están sendo gobernadas polo Partido Popular supérase dun xeito indignante. Ao Sr. presidente gústanlle moito os números e dá moi ben os datos porcentuais e dille que os concellos gobernados polo Partido Popular reciben o 93,4% desta modificación orzamentaria, os do Partido Socialista reciben o 4,10%, e os do BNG o 1,68%. Contra isto non poden utilizar o argumento de sempre que é que non veñen aquí a solicitar nada. O que debe ocorrer é que ninguén teña que vir aquí facer cola, senón que se teñan uns criterios xustos e obxectivos para dar subvencións, priorizando. Con todo o respecto di que isto é intolerable e o Grupo Socialista non vai caer na trampa deste expediente, no que se fai unha mestura de subvencións nominativas con convenios para os novos grupos GES (antigos GRUMIR). Anuncia o voto en contra do seu grupo a non ser que se acepte unha proposta para que se voten por separado os diferentes puntos desta modificación, e recibirán o voto a favor do seu grupo nas cousas que son xustas e xustificadas. O Grupo Socialista contribúe para que se fagan cousas positivas na provincia, pero non contribúen a que se fagan velorios (con todos os respectos) cando hai outras necesidades das persoas que aínda están vivas. Auméntanse as retribucións de persoal en 115.000 euros, que veñen dadas polo que xa se dixo antes. O Sr. presidente di que está facendo unha política baseada na austeridade e isto non é certo, porque se se analiza polo miúdo esta modificación orzamentaria, hai datos que son

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

verdadeiramente lamentables, cando nesta provincia hai 32.000 desempregados e 11.400 familias que están na situación de que non lles entre un só ingreso na súa casa, cun 24% de taxa de paro nesta provincia. Se non se dan as subvencións nominativas por concorrencia competitiva e con prioridades para xerar beneficios para os cidadáns, estase a caer na mesma política que había antes. O Grupo Socialista non vai entrar nese xogo e non lle valen as trampas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o Grupo Popular ten pouco que dicir, porque sempre é a mesma cinta raiada. A oposición ten un criterio onde goberna e outro onde non goberna. O Sr. Gómez Pérez anticipou que isto ía mudar, pero levan escoitando esa historia hai moitos anos, e iso só está na man dos cidadáns. O Grupo Popular entende que a proposta da Presidencia, ditaminada favorablemente na comisión informativa correspondente, é a axeitada neste momento. Todos sabemos que o orzamento é unha cousa, a liquidación outra e o remanente de tesourería, se se ten, está para distribuílo. O orzamento de 2012 foi moi ben xestionado pola Presidencia, polo grupo de goberno e co cualificado asesoramento da Sra. interventora e do resto persoal desta casa, e froito disto é o remanente de tesourería existente e que agora se distribúe. Esta distribución é discutible, como todo, pero ao Grupo Popular tócalle gobernar e aos demais estar na oposición. O modelo que implantou o novo presidente, co apoio do grupo de goberno, está funcionando ben, e progresivamente irase vendo o seu funcionamento. Á marxe dos suplementos do capítulo I, consecuencia do que xa se falou, estas axudas responden a peticións que fixeron os distintos concellos no ámbito da súa autonomía municipal e que o Sr. presidente, co apoio do equipo de goberno, atendeu practicamente no 100%. O que non fai os deberes igual aproba o exame, pero por chorra. Pon un exemplo dun concello e dunha deputación na que goberna a oposición: na Deputación de Lugo no ano 2012, houbo 1.320.000 euros de reparto de subvencións nominativas, das cales 125.000 foron para un concello do PP e repartida en tres anos (2012, 2013 e 2014); no Concello de Ourense: máis de 1.000.000 de euros en convenios ou subvencións nominativas. Le textualmente o que dixo o Sr. alcalde de Ourense (naquel momento voceiro do Grupo Socialista e co apoio explícito do BNG): *polo tanto, o que hai que matizar, eu creo que ambos réximes de dar subvencións, sexan en concorrencia competitiva, ou sexan, como chaman vostedes a dedo, pero eu digo, subvencións nominativas mediante un convenio, son ambas totalmente transparentes ata o punto que esta á que vostedes se refiren continuamente, aparece nos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

orzamentos do Estado, con nomes e apelidos. Vostedes as poden coñecer. Regúlanse mediante un convenio que regula as obrigas das partes. Están sometidas a fiscalización. Isto foi o que dixo don Agustín.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, espera que o Sr. Dobaño non lle diga que vén cos deberes sen facer, porque el si os fixo. En todo caso, quen ten os deberes ben feitos é o Sr. presidente, que está pasando de cacique bo a cacique boísimo, superior, cacique mellor. Reitera unha pregunta que fixo antes que é cal vai ser o criterio do Sr. presidente para o reparto dos fondos destinados a concellos para protección e defensa civil, cuxo crédito extraordinario ascende a 209.000 euros e tamén para limpeza viaria cuxo montante ascende a 360.000 euros. O BNG ten os deberes feitos, porque cada vez lle dan máis a razón de que as deputacións son un casarío administrado (esta principalmente) polo Partido Popular para os seus beneficios e para o seu caciqueo. Con respecto a meter a todos no mesmo saco co de “y tu más” di que el di o mesmo que dixo un compañeiro do Sr. Álvarez Dobaño noutra ocasión “a min non me metades no mesmo saco”. Di que se o Partido Popular non sabe facer oposición onde o BNG goberna (supostamente na sombra) que aprendan a facela. Esta Deputación é desde hai máis de 20 anos un casarío administrado por un cacique mellor.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que el non trae ningún guión e a argumentación do Sr. Álvarez Dobaño si que é sempre o mesmo. Xa sabía que lle ían falar do Concello de Ourense, pero aquí se está a debater a xestión da Deputación de Ourense. Para debater no Concello de Ourense o Partido Popular xa ten unha persoa que ten un soldo desta casa para facer alí a oposición, que é a persoa que tiña que levar estas cuestións orzamentarias, que para iso é o vicepresidente económico da Deputación. Reitera que non se ten que vir aquí a pedir, o que hai que facer é vir con proxectos interesantes e serios que dinamicen a provincia e presentarllos ao Sr. presidente, e iso non significa vir aquí a pedir e a chorar, que son cousas distintas. Esa é a política que emprega o Partido Popular para seguir onde está. O concello de Ribadavia veu aquí pola Mostra Internacional de Teatro, que ten un orzamento de máis de 200.000 euros conseguidos por moitos medios, e esa mostra de teatro (como xa se dixo antes) non se pode comparar con outras doutros lados da provincia, e a Deputación dálles o mesmo ou máis a eses outros sitios que a Ribadavia. O seu alcalde veu aquí pedir porque non lle quedou outro remedio, pero se estas subvencións fosen por concorrencia competitiva seguramente o Concello de Ribadavia recibiría máis diñeiro. O Grupo Popular desta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Deputación dedícase a facer oposición doutras deputacións, e como exemplo fala do aforro enerxético e pregunta se o aforro enerxético desta Deputación depende do número de enchufes que ten cada concello do Partido Popular, porque na Deputación de Lugo hai unhas bases de concorrencia competitiva para aforro enerxético, e todos os concellos (de calquera partido político) que cumpren con esas bases reciben as mesmas subvencións. Di que todos sabemos o que hai nas administracións e está de acordo en que o Sr. presidente ten que ter a capacidade de poder dispoñer dunha cantidade para subvencións excepcionais en determinados momentos, pero non está de acordo co que se fai nesta Deputación, porque de 1.700.000 euros que se reparten os concellos do PP reciben 1.600.000 euros, ou que haxa mancomunidades que reciben diñeiro e outras non. Pregúntase se os que non veñen a pedir aquí serán parvos. A modernidade da que fala a boca chea o Sr. presidente non é esta, porque levamos catro meses e o resultado é peor. Non cuestiona a xestión dos técnicos en canto ao remanente positivo de tesourería, pero quen ten que cualificar a prioridade das cousas é o grupo de goberno. Como o Grupo Popular non mude o criterio o Grupo Socialista sempre vai cuestionar as cousas que non lles gustan, e moitas cousas deste expediente non lles gustan. Para finalizar reitera a proposta que fixo anteriormente de votar os puntos por separado.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, en canto á proposta do Grupo Socialista de votar por separado, manifesta que esa ocorrencia non tería nin xeito nin maneira. Lébralle ao Sr. Rodríguez Puga que as alcaldías de cada concello as deciden os cidadáns, e que as axudas que van para os concellos onde goberna o Partido Popular son para todos os veciños, tamén as reciben os votantes do BNG. En canto á pregunta que fixo o Sr. Rodríguez Puga sobre os GES, contéstalle que un dos vicepresidentes da FEGAMP é membro do BNG e foi un dos que negociou cos organismos pertinentes da Xunta de Galicia, a implantación e o financiamento dos GES nas catro provincias (cre que 25 e á provincia de Ourense tócanlle 6). Ese convenio di, entre outras cousas, que o 60% dos custos os financiará a Xunta de Galicia, o 20% os concellos e o outro 20% as deputacións provinciais. Esta Deputación, ao igual que as outras, xoga de rebote. En canto á subvención que se concede para a Estación de Manzaneda, manifesta que como sempre: pau se remas, pau se non remas, porque sempre se dixo que había que axudar ao desenvolvemento desta estación porque era un sector estratéxico. En canto ao cambio relativo ao concello de Laza, manifesta que todos sabemos que hai cuestións de tipo político ou organizativo que hai que cambiar ás presas e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

correndo, pero non podemos esquecer que a finalidade da subvención segue sendo para unha instalación deportiva. Non nos podemos rir dos concellos pequenos, que xa teñen bastante desgraza con ter só seis nenos en vez de vinte e tres, pero eses nenos tamén teñen dereito a practicar deporte. Di que aquí ninguén ven mendigar, senón que os alcaldes (por escrito, por teléfono, ou en persoa) veñen xestionar os problemas dos seus concellos, como é a súa obrigación, igual que fan os membros do goberno central cando viaxan a Bruxelas e a outros sitios, supón que irán para pedir algo e non de visita turística. Para finalizar manifesta que esta é a proposta do grupo de goberno, coa súa responsabilidade de gobernar. Pídelle á oposición que non se enfaden cando el fala do seu modelo de goberno, o Grupo Popular está orgulloso da forma de goberno dos seus compañeiros alá onde teñen responsabilidades e a oposición parece que se avergonza dos seus. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que o BNG nuns sitios goberna ao sol e noutros á sombra e seguro que o entende moi ben.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que esta modificación implica unha serie de investimentos en corenta e seis concellos da provincia, á parte do Plan provincial de cooperación que vén noutro punto da orde do día. Isto é algo positivo e tramitaranse mediante a fórmula de convenios, que parece que gusta máis que mediante subvención nominativa. O goberno do Grupo Popular da Deputación atendeu todas as solicitudes e de todos os que viñeron a pedir ninguén chorou. Dille ao Sr. Gómez Pérez, por se lle preocupa, que o alcalde de Ribadavia cando veu pedir para os tres eventos non chorou en absoluto, e tamén lle di que só pediu para iso, non presentou ningún outro proxecto. O Sr. Gómez Pérez dixo que podía ser inxenuo e a Presidencia pensa que é bastante inocente, xa que o seu alcalde o utiliza no Concello, na Deputación o utiliza quen coordina o grupo provincial e no partido tamén o utilizan de ariete, así están todos contentos e a Presidencia da Deputación tamén está contenta. En canto ás aclaracións que solicitou o Sr. Rodríguez Puga sobre a limpeza viaria e os GES, contesta, en canto á limpeza viaria, que esas axudas si van ser por concorrencia competitiva (360.000 euros) e no referente aos GES di que xa explicou o Sr. Álvarez Dobaño que o 20% se achegaría desde a Deputación para este novo proxecto, coñecido polo vicepresidente da FEGAMP que é do mesmo grupo político que o Sr. Rodríguez Puga, e que como alcalde de Allariz aínda non lle solicitou nada á Deputación, imaxina que igual pensa que xa están suprimidas as deputacións porque así o solicitan no seu debate político. Gustaríalle saber a que concellos se lles nega o pan e o sal, como dixo o Sr. Rodríguez Puga, imaxina que non será ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

de Castrelo de Miño porque neste expediente se atende a súa solicitude. Esquécense pronto de ex - compañeiros que hai un ano militaban no BNG e que foi voceiro nesta Deputación (o Sr. Jardón Pedras) e que tamén recibe a axuda solicitada. En canto á Estación de Manzaneda, xa o dixo claro o Sr. Álvarez Dobaño, mal se axudas e mal se non axudas, sempre se fan mal as cousas. O Grupo Popular ten que gobernar e estes investimentos van en función dunha serie de solicitudes e nisto consiste xestionar. Son subvencións que critica a oposición aquí, pero que practica onde goberna, a isto chámase incoherencia, pero contra isto o grupo de goberno non ten nada que facer, senón gobernar con coherencia.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda formulada, que queda aprobada co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2).

A continuación somete a votación o ditame coa emenda incorporada e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
419.13/130.00	Retribucións básicas. Centro ecuestre explotación agropecuaria Antela	44.303,96
453.11/130.00	Retribucións básicas. Vías e obras provinciais	50.983,03
453.11/131.00	Retribucións básicas. Vías e obras provinciais	29,02
920.16/130.10	Retribucións básicas. Imprenta provincial	4.373,73
450.12/130.10	Retribucións básicas. Cooperación provincial	10.381,09
934.11/130.10	Retribucións básicas. Tesourería	1.162,65
166.12/130.10	Retribucións básicas. Cooperación municipal	875,55
920.01/130.10	Retribucións básicas. Secretaría Xeral	2.092,77
161.11/130.10	Retribucións básicas. Servizo de augas e medio ambiente	697,59
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO GASTOS CORRENTES		114.899,39 €

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTO

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/762.01	A Concellos. Cooperación provincial	612.205,00

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
-------------------	------------------	------------------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
134.11/462.00	A Concellos. Protección e defensa civil (Convenio Xunta grupos de emerxencias)	209.000,00
163.11/462.00	A Concellos. Limpeza Viaria	360.000,00
161.11/467.00	Consorcio Augas de Valdeorras	70.000,00
432.12/480.01	A familias e institucións sen fins de lucro. Ordenación e promoción turística	12.000,00
179.16/463.00	A Mancomunidade de Ourense. Actuacións relacionadas co medio ambiente	50.000,00
433.00/489.01	Outras transferencias. Desenrolo empresarial	25.000,00
SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		726.000,00

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTO

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
341.11/762.00	A Concellos. Instalacións deportivas fomento do deporte	241.912,00
450.12/780.08	A familias e institucións sen fins de lucro. Cooperación provincial	50.000,00
341.11/770.00	Proxecto innovación OCA Nova Manzaneda	150.000,00
432.11/766.00	A Asociación de municipios "Portas Galicia". Plan de competitividade turística	19.255,67
SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		431.167,67

RESUMO

Suma suplementos de crédito	528.949,39
Suma concesión de créditos extraordinarios.....	1.385.322,67
TOTAL.....	1.914.272,06

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	840.899,39 €
Recursos procedentes do alleamento da finca Santamarina, afectados a gastos de investimentos (*). Subconcepto 600.00	1.073.372,67 €

2º.- Aproba-la modificación das Bases de execución do orzamento, que afecta ao apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos; no cadro adxunto inclúense tanto aquelas consignadas nas aplicacións orzamentarias iniciais de forma xeral, como novos convenios financiados con remanente de tesourería para gastos xerais.

Con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/462.01. A Concellos. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
---------------------	-------------------	----------------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Concello de Vilar de Santos	Funcionamento PAI	9.600,00
Concello de Rairiz de Veiga	Funcionamento PAI	16.000,00
Concello de Cea	Funcionamento PAI	16.000,00
Mancomunidade Conso-Frieiras	Funcionamento PAI	32.000,00
Concello de Ramirás	Funcionamento PAI	8.000,00
Concello de Celanova	Funcionamento gardería	28.000,00
Concello Punxín	Transporte colectivo persoas dependentes	4.200,00
Concello de Sandiás	Funcionamento PAI	8.000,00

- Con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/480.01. Atencións benéficas e sociais nominativas. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Feaps Special Olympics Galicia	(Convenio con Fademga) Organización actividades 2013	10.000,00

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/462.01. A Concellos. Actividades culturais e recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Riós	Festival das Artes Escénicas Abelardo Gabriel	10.000,00
Concello de Ribadavia	Mostra Internacional Teatro	15.000,00
Concello de Celanova	Raigame Romaría Etnográfica	11.500,00
Concello de Vilar de Santos	Funcionamento museo	6.000,00
Concello de Ribadavia	Feira do Viño do Ribeiro 50ª edición	6.000,00
Concello de Beariz	Festa Porco Celta	6.000,00
Concello de O Carballiño	Festa do Polbo	10.000,00

- Con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/770.00. A empresas privadas. Fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Manzaneda Estación Invernal S.A	Proxecto innovación OCA Nova Manzaneda	150.000,00

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.01. A Familias e Institucións sen fins de lucro. Outras transferencias. Culturais e recreativas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Beneficiario	Finalidade	Importe
Sarabela Teatro	Potenciación das Artes Escénicas	29.000,00
Coral de Ruada	Gastos funcionamento 2013	6.000,00
Asociación cultural FETEGA	Festival de Teatro Galego do Carballiño	6.300,00
Fundación Festa da Historia	XXII Edición Festa da Historia	10.500,00
Federación AVV Limiar	Gastos funcionamento 2013	14.000,00
Federación veciñal Miño	Gastos funcionamento 2013	6.000,00
Federación de Libreiros	Feira do Libro	6.000,00
La Región	Foro La Región	49.000,00
La Región	Universitas Emprende	29.000,00
Civitas Limicorum	Festa do Esquecemento	12.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria 432.12/480.01 A familias e institucións sen fins de lucro. Ordenación e promoción turística:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Centro comercial Aberto Ourense	Funcionamento e programación	12.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria 179.16/463.00 A Mancomunidade de Ourense. Actuacións relacionadas co medio ambiente:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Mancomunidade de Ourense	Gastos de funcionamento 2013	50.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria 432.11/766.00 A Asociación de municipios “Portas Galicia”. Plan de competitividade turística

Beneficiario	Finalidade	Importe
Portas de Galicia	Resto 2ª anualidade	19.255,67

Con cargo á aplicación orzamentaria 433.00/489.01 Outras transferencias. Desenvolvemento empresarial

Beneficiario	Finalidade	Importe
Cámara de Comercio	Gastos de funcionamento	25.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/762.00. A Concellos. Instalacións deportivas fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Castrelo de Miño	Reparación pista de remo	30.000,00
Concello Laza	Pista multideportiva no campo do Toural	30.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Concello Xinzo de Limia	Reparación Campo fútbol Boado	20.000,00
Concello Padrenda	Complexo piscinas	59.912,00
Concello Baltar	Urbanización Piscina	47.000,00
Concello Baños de Molgas	Arranxos campo de fútbol	25.000,00
Concello de Baltar	Polideportivo	30.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello Porqueira	Limpeza viarios	13.000,00
Concello Pontedevea	Limpeza vías municipais	6.000,00
Concello A Veiga	Colocación barreiras de seguridade	5.120,00
Concello de Parada do Sil	Proxecto arqueolóxico tumbas antropomorfas de San Vítor de Barxacova	8.000,00
Concello Nogueira de Ramuín	Melloras urbanas	140.000,00
Concello de Monterrei	Centro social a Pousa	35.000,00
Concello Avión	Cofinanciamento AGADER: - Centro de rehabilitación para persoas maiores e con problemas de mobilidade - Ampliación das instalación do centro de día e comedor social - Limpeza, afirmado e recollida de pluviais no aparcamento de Caseiro	15.000,00 30.000,00 15.000,00
Concello Larouco	Cofinanciamento AGADER obra equipamento e acondicionamento de telecentros de Freixido, Seadur e Larouco	9.000,00
Concello A Peroxa	Cofinanciamento AGADER: adecuación, instalacións campo de fútbol	20.000,00
Concello Riós	Alumeado en Veiga do Seixo	23.000,00
Concello Cenlle	Cofinanciamento AGADER obra Acondicionamento de área termal e paseo fluvial en Barbantes	29.000,00
Concello Verín	Estudio rehabilitación área termal	35.000,00
Concello Paderne Allariz	Infraestrutura eléctrica	40.786,00
Concello Lobeira	Alumeado Facós	67.000,00
Concello Sandiás	Pista polideportiva	45.000,00
Concello Sandiás	Vivendas sociais Couso e Piñeira	14.683,00
Concello Toén	Centro social Mugares	60.000,00
Concello Gomesende	Traída a Feardos	35.000,00
Concello Larouco	Peche polideportivo	50.000,00
Concello Melón	Rede viaria local	50.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Concello Melón	Acondicionamento equipamento ximnasio	41.600,00
Concello A Rúa	Rede viaria Roblido	36.250,00
Concello Barbadás	Rede viaria municipal	50.000,00
Concello Muíños	Rehabilitación velorio parroquia Requiás Guntumil	28.740,00
Concello O Barco	Rehabilitación fortaleza primeira fase	44.000,00
Concello Xinzo de Limia	Mellora do saneamento e acceso ó núcleo de Rebordechá	74.871,00
Concello Trasmiras	Escola de Música	13.000,00
Concello O Carballiño	Zona infantil Veracruz	50.000,00
Concello Ramirás	Acceso e praza en Vilaflor	20.000,00
Concello de Baños de Molgas	Reparación danos zona recreativa	60.155,00
Concello de Lobios	Rede viaria	50.000,00
Concello de Lobios	Abastecemento Gustomeao	30.000,00
Concello de Padrenda	Pavimentación accesos Crespos	58.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/780.08. A familias e institucións sen fins de lucro. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Balneario de Cortegada	Reformas edificio novo Balneario	50.000,00

3º.- Os convenios do capítulo 7 serán xestionados a través da central de Contratación da Deputación Provincial de Ourense trala aceptación previa da subvención polo concello respectivo e a formalización do pertinente documento.

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- EXPEDIENTE N.º 2/2013 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS DO EXERCICIO 2013 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO PARA REDUCIÓN DE ENDEBEDAMENTO NETO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, antes de entrar no asunto e como por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

prescrición médica non é bo calar por problemas cardíacos, quere dicir con respecto á sombra do PP, xa que tanto repite o de gobernar á sombra o Sr. Álvarez Dobaño: á sombra somos do PP exclusivamente, a cidadanía xa o sabe, e por iso acude ao BNG a pedirilles as cousas. En segundo lugar pídelle que non siga poñendo modelos do “y tu más” nesta Deputación, xa que polo de agora noutras deputacións aínda non imputaron a ninguén por prevaricación. Continúa co punto da orde do día e di que o domingo 7 de abril, o Secretario de Estado de Administracións Públicas, Antonio Beteta, anunciou que o goberno autorizaralles aos concellos (entenden que por extensión tamén ás deputacións) incluídos no plan de pago a provedores que tiveran superávit a que poidan investir en novos servizos para os seus territorios. Se isto é así, os 5.303.510,99 euros de superávit que se destinan ao pago de débeda, poderían dedicarse a investimento produtivo na nosa provincia. Esta situación, á que o BNG se opuxo no seu momento, é consecuencia directa da Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira das administracións públicas, que é consecuencia, a súa vez, da modificación da sacrosanta Constitución, esa que non se pode tocar para nada pero que tanto o PP como o Partido Socialista modificaron en dúas tardes de verán. Esta lei obriga ao déficit cero en todas as administracións públicas para o ano 2020 e antes desta data as administracións que contén cun plan económico - financeiro e non o cumpran poderán ser multadas có 0,2% do seu PIB nominal.

Deste xeito o Estado español convértese en pioneiro en atender os ditados dos poderes económicos trasladados á Unión Europea e coa desculpa de garantir a sostibilidade orzamentaria das Administracións Públicas e fornecer a confianza na estabilidade da economía do Estado, tenta controlar e reducir ao mínimo a capacidade de goberno das comunidades autónomas e dos propios concellos, atentando gravemente contra a independencia de ambas administracións. Ademais, os pretendidos efectos positivos da política de estabilidade orzamentaria como guía prioritaria da acción de calquera administración pública, especialmente na versión inflexíbel que se desprende do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que se incorporou á reforma da Constitución e á reforma da Lei de estabilidade orzamentaria en 2012, na que se fundamenta esta proposta, non foron demostrados. Pola contra, constatáronse graves efectos negativos sobre a marcha da economía e o benestar, particularmente: impide avanzar nunha converxencia real de territorios e economías con situacións de partida diverxentes; renuncia á planificación económica plurianual, por basearse nun cómputo en prazos anuais que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

deixa á marxe os efectos intertemporais do investimento e o gasto público; limita a capacidade de manobra dos poderes públicos dirixida a dinamizar e incentivar os sectores económicos en momentos de baixa ou negativa actividade económica; e implica unha contención do gasto público que obriga a acometer profundos recortes na provisión de bens e servizos públicos ligados ao estado do benestar. A consecuencia inevitable desta dinámica é a privatización de actividades e servizos vinculados directamente ás necesidades básicas da poboación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que polo menos el fai ben o traballo de ariete, pero o do Sr. Baltar Blanco como presidente é nefasto. A el non utiliza ninguén, en cambio o Sr. presidente utiliza aos demais para logo renegar deles e iso é peor e para inxenuidade a súa, que vai a programas de televisión e logo se arrepite e o crédito que perdeu nese programa xa non o vai gañar. Non lle pode ir dicindo a el se se fala ou non co seu alcalde e o que debería facer é preguntarse a el mesmo se se fala cos seus deputados, porque o deputado Sr. Freire Couto dixo nunha entrevista para un xornal (na que lle meteron goles en fóra de xogo) que o Sr. presidente non controla a dinámica de funcionamento desta administración. Cre que é moi mal presidente porque xa leva máis de catrocentos días e se ten problemas cos seus deputados debe resolvelos e non dicirlle a el o trato que ten ou non ten co seu alcalde, que de todos é sabido que é bo e non teñen ningún tipo de problema. En canto ao punto da orde do día, di que lle gustaría que este tema o explicara o vicepresidente económico e non o Sr. Álvarez Dobaño, que se ten que comer os marróns dos que cobran. Anuncia a abstención do seu grupo neste punto. Isto está marcado por lei e é mellor que se empregue nisto que no que se acaba de votar no punto anterior. Non cuestionan como se chegou a ese superávit por parte da interventora, senón que cuestionan a forma de facelo do grupo de goberno. Aquí se dixo que había o superávit e o remanente de tesourería porque se estaban a xestionar ben os recursos, pero o que hai que ver é se se executaron todos os proxectos que viñan reflectidos no orzamento e cales se deixaron de executar e se son importantes para a provincia ou non. En canto ao concello de Laza di que el respecta aos concellos pequenos, xa que procede dun que non é moi grande, pero habería que ver que prioridades teñen e non se vai construír un campo de fútbol 7 se os meniños non teñen nin escola. Reitera a abstención do seu grupo porque consideran que é unha medida mellor que outras que se adoptan con este diñeiro.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non vai entrar nos cualificativos que se oíron, porque tanto o Sr. vicepresidente como o Sr. presidente son

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

primeiros espadas e xa dirán eles o que teñan que dicir. En canto a este expediente n.º 2/2013 di que é unha consecuencia clara da normativa vixente e non é un capricho do equipo de goberno. En febreiro do ano 2012 tiñamos un endebedamento do 116% e hoxe estamos no 84%. Lembra que cando o Sr. presidente presentou o Plan Ourense 92 xa falou de rebaixar a débeda ao final da lexislatura en 15 puntos, e en moito menos tempo xa se rebaixou en 32 puntos. Reitera que isto é consecuencia dun modelo de xestión adaptado ás circunstancias que nos ocupan, que non son as de anos atrás, e a actual conxuntura económica esíxenos austeridade e unha optimización clara dos recursos tanto materiais como persoais. Isto é o que está a facer o grupo de goberno e é o resultado de que hoxe poidamos cumprir coa normativa vixente e amortizar totalmente tres préstamos chamados ICO, e amortizar parcialmente outros dous máis, rebaixando a débeda en 5.303.000 euros. Previsiblemente hoxe se dea resposta a algo que se di na Lei de orzamentos do Estado para este ano, entrelazado co artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria que obriga a facer isto. O Sr. presidente e o seu equipo de goberno entenden que está a facer o correcto neste momento.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que a profunda e prolongada crise económica que atravesamos non será superada se se profunda en acollerse a receitas económicas fracasadas, pois máis de cinco anos de austeridade abundan. Unha estratexia acertada de recuperación económica obriga a asumir a capacidade de intervención pública na economía a través dos orzamentos públicos, que sitúen por riba a creación de emprego digno e o aumento dos niveis de benestar social, e non pagar as débedas coa banca como prioridade, que é o que vai acontecer de levarse adiante esta proposta. E, así e todo, podería ser discutible se dedicar o superávit ao pago da débeda é oportuno ou non, se fora para pagar débeda que ten que ver con investimento produtivo, non co pago de facturas produto dunha política irresponsable, como a que se acometeu nesta institución ao longo de máis de 20 anos. Falando en prata, vanse pagar *pufos* de anos atrás, iso é no que se vai empregar este diñeiro.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, sabe que isto está regulado por lei. Non vai dicir *pufos* pero hai que pagar moitas cousas que hoxe están en interdito. Preocúpalle a forma de xestionar e pensa que se tiña que ter pronunciado algunha persoa ou empresa que tivese algún tipo de negocio ou calquera outra cuestión económica con esta casa. O Sr. presidente fala na prensa de que todo se está a facer moi ben, e a través do plan de provedores pagouse, pero como ben di o portavoz do BNG os *pufos* veñen herdados e ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

mellor non queren ser responsables deles. Agora prescriben débedas que se adquiriran de boa fe con esta casa, e esa é unha actitude política que non se debe facer. Pon isto como exemplo porque aquí se fala do que fan outras administracións, e isto sen entrar no tema de persoal porque ás claras se ve o que se fai nesta Deputación. O concello de Ribadavia pagoulles a todos os provedores que tiñan débedas de máis de vinte anos (con distintos gobernos) porque entenderon que os provedores non son responsables das herdanzas doutros gobernos. Os gobernos están para asumir o bo e o malo, e aquí bo pouco hai e do malo queren desvincularse, pero o van ter difícil porque as relacións de parentesco son evidentes aínda que non guste. Anuncia a abstención do seu grupo, porque saben que isto hai que aprobalo por imperativo legal. Pídelle ao grupo de goberno que non venda cuestións que se lles poden volver en contra cando a xente veña reclamar facturas que están no caixón.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, non sabe ao que se refire o Sr. Rodríguez Puga cos *pufos*. Neste expediente amortízanse préstamos ICO que se formalizaron no seu momento (como na práctica totalidade do Estado español) para o pagamento de facturas. Se se teñen dúbidas de que algunha desas facturas fose un *pufos* o que hai que facer é denunciar. Manifesta que non lle consta que haxa queixas pola declaración de prescrición de débedas, en todo caso, as que se declararon foi porque os servizos técnicos de intervención así o consideraron conveniente, porque as normas están para cumprilas, tanto para os que as aplican como para os que a padecen. Neste expediente amortízanse tres préstamos ICO (que se refiren ao pagamento de facturas no seu momento), e tamén se amortizan dous préstamos con dúas entidades financeiras, que formalizaron no seu día para investimentos.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que cando fala o portavoz popular o fai en nome de todo o grupo de goberno, incluídos o presidente e o vicepresidente. Dille ao Sr. Gómez Pérez que entra moi pronto ao trapo e deséxalle todos os éxitos posibles xa que o seus éxitos son os éxitos deles tamén.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
011.11/913.03	Amort. Préstamo Caixa Galicia 2000	756.752,50 €
011.11/913.19	Amort. Préstamo BBVA investimentos 11/2010	858.836,10 €
011.11/913.20	Amort. Préstamo BBVA ICO 2011	813.460,15 €
011.11/913.21	Amort. Préstamo Santander ICO 2012	2.800.895,74 €
011.11/913.22	Amort. Préstamo Santander ICO II 2012	73.566,50 €
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO GASTOS CORRENTES		5.303.510,99 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	5.303.510,99 €
--	----------------

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

9º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2013.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que o BNG sempre estivo convencido de que este plan era moi necesario e esencial para os concellos da provincia. Anuncia o voto a favor do seu grupo, pero queren deixar constancia no Pleno de dúas cuestións. En primeiro lugar, e en relación coa modificación de que baixo certas premisas os concellos poden destinar os cartos a outras cuestións diferentes, desexan que non se converta en norma e que acabe desvirtuando este plan. En segundo lugar, e con respecto ás obras de arranxos na rede viaria, desexan que estes arranxos os realicen veciños e veciñas da provincia, e non empresas como as que están realizando as obras do trazado do AVE.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. presidente que el non entra ao trapo, senón que quen entra e el e iso gústalle porque confirma que o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

portavoz socialista está facendo ben o seu papel, aínda que o Sr. presidente pretenda ser máis simpático (algo que non consegue) e só faltaría que o portavoz popular non falase en nome de todo o grupo. Esta institución non está para dar exemplos de nada e o Sr. presidente moito menos. Os seus éxitos non significan ningún problema para a provincia, en cambio os do Sr. presidente, acadados da forma como a que di algún xuíz, si. El non ten interese en acadar un poder que non merece, pero o Sr. presidente si. Anuncia que votarán a favor do plan, e non ten ningún problema en recoñecer que isto se fai ben, ademais de que se tiveron en conta propostas que fixo o Grupo Socialista.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que este plan é a consecuencia dunhas bases aprobadas no seu día. Respectouse ao máximo a autonomía dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes (que son todos menos Ourense). En canto á medida excepcional que recolle este ano o plan (que financia ao 100% a Deputación) manifesta que se acolleron nove concellos que están en insuficiencia financeira manifesta. Para o ano que vén xa se verá e lembra que isto non é un capricho do presidente nin do equipo de goberno, senón que se consensuou nos órganos correspondentes.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e por unanimidade dos vinte e tres deputados presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2013 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactado, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	2.508.967,74 €	960.834,88 €	3.469.802,62 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	278.775,00 €		278.775,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	1.200.000,00 €		1.200.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

TOTAL	3.987.742,74 €	960.834,88 €	4.948.577,62 €
--------------	-----------------------	---------------------	-----------------------

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	2.230.191,34 €	830.334,55 €	3.060.525,89 €
Rede Viaria Deputación	69.577,78 €		69.577,78 €

2º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

10º.- APROBACIÓN INCIAL DA RELACIÓN DE ESTRADAS DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE MANZANEDA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente, no exercicio da competencia delegada polo Concello de Manzaneda mediante acordo plenario do 30 de marzo de 2012, a relación de estradas de titularidade municipal do Concello de Manzaneda, conforme co documento elaborado polo Servizo de Vías e Obras da Deputación, integrada polas seguintes estradas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	LONXITUDE DA ESTRADA (m)	COTA MÁXIMA (M)	COTA MÍNIMA (M)	RADIO MÍNIMO (M)	ANCHO MEDIO ((m)
OU- 44001	MANZANEDA (OU-0701)- ESCOURIDO	1.907	782,74	669,90	17,26	4,81
OU- 44002	(OU—0702) ACCESO A ROZAVALES	237	740,05	732,17	31,16	3,50
OU- 44003	MANZANEDA (OU-0701)- PONTE BIBEI (L. CONCELLO DE TRIVES)	5.592	654,79	356,09	10,17	6,00
OU- 44004	MANZANEDA (OU-0701)- GABINO GARCÍA	243	672,31	654,79	67,53	6,35
OU- 44005	MANZANEDA (OU-0701)- ESTACIÓN CABEZA DE MANZANEDA (1º TR.)	9.361	1.373,71	692,02	12,68	3,97
OU- 44006	VARIANTE PARADELA (CARRETERA VELLA)	560	990,80	950,90	38,16	4,50
OU- 44007	VARIANTE PARADELA DE ARRIBA	274	1.012,04	1.008,20	50,18	3,50
OU- 44008	MANZANEDA (OU-0701)- SOUTIPEDRE (OU- 0701)	9.075	815,10	581,64	11,78	4,00
OU- 44009	(OU- 44008) RAMAL A SAN PEDRO	515	667,63	624,78	16,29	3,50
OU- 44010	PLACIN (OU- 0701- A MADROA	3.004	868,71	622,43	10,23	4,50
OU- 44011	(OU- 44010) RAMAL A TOUZA	165	776,37	764,07	83,35	3,50
OU- 44012	(OU- 44010) RAMAL A CUBEIROS	468	764,07	726,41	7,21	3,50
OU- 44013	(OU- 44010) RAMAL A FACEIRA	85	757,34	751,70	100,20	3,50
OU- 44014	(OU- 44010) RAMAL A BORRUGA	89	686,17	681,40	21,38	3,50
OU- 44015	CESURIS (OU-44008)- CIMADEVILA DE LANGULLO	1.915	667,74	600,79	10,07	3,50
OU- 44016	(OU- 0701) RAMAL A PLACIN	143	860,47	855,50	81,57	3,25
OU- 44017	(OU- 0701) RAMAL A REQUEIXO	1.124	931,65	890,12	48,80	3,50
OU- 44018	(OU- 0701) RAMAL A TRABAZOS	1.667	909,02	820,83	11,06	4,00
OU- 44019	(OU- 44018) ENLACE TRABAZOS (OU- 44020)	265	914,18	909,95	65,88	3,50
OU- 44020	SAN MIGUEL (OU- 0701)- SAN VICENZO	3.457	952,96	877,45	13,06	4,00
OU- 44021	(OU- 44020) RAMAL A REBODEPÓ	2.960	964,30	876,94	23,53	3,50
OU- 44022	(OU- 0701) CARRETERA A BIDUEIRA	893	871,31	816,01	26,53	3,33
OU- 44023	(OU- 0701 RAMAL A BIDUEIRA)	1.047	858,24	843,61	17,13	3,25
OU- 44024	CIMADEVILA (REIGADA)	153	853,68	841,98	21,61	3,00
OU- 44025	A REIGADA	127	831,35	830,70	41,64	3,00
OU- 44026	(OU- 0701) REIGADA- DERNADO (LÍMIE CONCELLO DO BOLO)	6.140	1.060,89	831,23	16,34	3,92
OU- 44027	(OU- 0701) PONTE REIGADA- ENCORO DO BAO (LÍMIE CONCELLO DO BOLO)	3.043	778,64	574,38	6,29	4,00
OU- 44028	(OU- 0701) ANTIGUA CARRETERA (OU- 0701)	336	651,76	640,17	12,50	3,75
OU- 44029	CAMIÑO SEOANE	393	684,50	667,66	24,69	3,50
	Lonxitude total das estradas provinciais.....	55.238				
	Número de estradas municipais.....	29				

2º.- Elevarlle ao Consello da Xunta de Galicia a dita relación de estradas, para a súa aprobación ao abeiro do artigo 6.b) da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

11º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA, POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, PARA A EXECUCIÓN DA OBRA BEIRARRÚAS NA CASTELLANA, N.º 70/PB/2012, NO MUNICIPIO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar parcialmente a alegación formulada polo propietario da parcela afectada, consonte co informe emitido polo técnico inspector do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Estimar parcialmente a alegación presentada polo interesado no referente ó valor do terreo obxecto da expropiación.

O terreo conta con servizos urbanísticos e a súa valoración faise conforme co artigo 22 punto 2 do Real decreto 1492/2011 para valoración no solo urbanizado non edificado mediante a aplicación da expresión c onde:

V_s = Valor solo urbanizado non edificado en €/m² de solo.

E_i = Edificabilidade en metros cadrados edificables por metro cadrado de solo.

V_{RSi} = Valor de repercusión do solo.

O valor de repercusión do solo estimouse no proxecto mediante a expresión

$$V_{RSi} = \frac{V_v}{K} - V_c \text{ onde}$$

V_v = Valor venda do m² construído.

V_c = Valor construción do m² incluíndo custos, impostos e honorarios.

K = Factor que se estima en 1,30

Na valoración realizada pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia en xuño de 2012 tómase un valor de repercusión do solo de 60 €/m² conforme co establecido na Orde do 28 de decembro de 2011 da Consellería de Facenda, considerándose este valor como axeitado e establecéndose como valor de repercusión do solo á valoración da expropiación.

Con respecto á edificabilidade, no planeamento do Concello de San Cibrao fíxase unha edificabilidade de 0,70 m²/m² que haberá que reducir por criterios de sostibilidade segundo o artigo 46.2 da LOUPMRG a 0,50 m²/m².

1) Valoración do solo

Segundo os criterios antes expostos, a valoración do solo afectado pola expropiación será a seguinte:

Solo afectado: 290 m² dos cales 275 m² corresponden a solo urbano de execución directa e 15 m² a solo urbanizable delimitado.

Valor de repercusión do solo: 60 €/m².

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Edificabilidade: 0,50 m²/m² en solo urbano non consolidado e 0,40 m²/m² en solo urbanizable delimitado segundo LOUPMRG.

Custos de urbanización pendentes de materialización 3 €/m².

Para o solo a expropiar que está clasificado como urbano no planeamento municipal teremos:

$$V_s = \sum E_i \times V_{RSi} = 0,50 \text{ m}^2/\text{m}^2 \times 60 \text{ €/m}^2 = 30 \text{ €/m}^2$$

Cun valor total de:

$$V_{\text{solo urbano}} = 275 \text{ m}^2 \times 30 \text{ €/m}^2 = 8250 \text{ €}.$$

Con respecto ao solo clasificado como urbanizable no planeamento teremos o seguinte:

$V_s = \sum E_i \times V_{RSi}$. A edificabilidade bruta é de 0,4 m²/m² á que aplicándolle un 10% de cesión queda unha edificabilidade neta de 0,36 m²/m².

$$V_s = 0,36 \text{ m}^2/\text{m}^2 \times 60 \text{ €/m}^2 = 21,60 \text{ €/m}^2.$$

$$V_{\text{solo urbanizable}} = 21,60 \text{ €/m}^2 \times 15 \text{ €/m}^2 = 324 \text{ €}.$$

Aínda cando non están completos os servizos urbanísticos xa que faltan por executar, a beirarrúa neste tramo, dada a pequena entidade da contía destes servizos no tramo afectado, non se considera para os efectos de dedución na valoración.

2) *Mantéñense as mesmas valoracións no referente aos peches e arborado así como a afección considerada.*

3) *Valoración total da expropiación:*

Solo Urbano	8.250,00 €
Solo urbanizable	324,00 €
Obras e instalación	346,40 €
Arborado	<u>104,80 €</u>
Valoración.....	9.024,20 €
5% de afección.....	<u>45,26 €</u>
Total valoración.....	9.476,46 €”

2º.- Aprobar definitivamente o expediente expropiatorio de taxación conxunta para a execución da obra de “beirarrúas na Castellana”, no municipio de San Cibrao das Viñas.

3º.- Declarar a necesidade de ocupación, con carácter de urxencia, dos bens e dereitos afectados pola devandita expropiación.

N.º PARCELA EXPTE.	REFERENCIA CATASTRAL	TIPO PARCELA	PROPIETARIO	M ² EXPROP
1	7617604NG9871N0001DO	SOLO URBANO	RAMON GONZALEZ GONZALEZ	275
2	7617604NG9871N0001DO	SOLO URBANIZABLE	RAMON GONZALEZ GONZALEZ	15

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

4º.- Notificarlles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

12º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO ESTABLECEMENTO DE MEDIDAS PARA COMPENSAR OS DANOS PROVOCADOS POLAS CHUVIAS NO SECTOR AGRARIO DA COMARCA DA LIMIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que non hai moito, representantes das comunidades de regantes da Limia, Corno do Monte, San Salvador de Sabucedo, Lamas e Ganade lle presentaron un escrito ao xefe territorial de Medio Rural en Ourense para solicitar que se teña en conta á comarca limiá na toma de medidas urxentes para paliar os danos producidos nos campos por culpa das chuvias dos últimos meses. Segundo os datos que achegan, se perderon máis do 90% das 8.000 hectáreas de cereal de inverno. O Instituto Galego do Campo constatou que das arredor de 16.000 hectáreas en produción de cereal nas terras da Limia, unha importante porcentaxe do sementado en inverno, dáse por perdido. Co cereal de inverno xa perdido os agricultores enfróntanse a outra situación que aínda agrava máis, se cabe, o problema. O cereal de primavera xa tiña que estar sementado o cal non foi posible pola cantidade de auga que existía nas terras e no mellor dos casos, de mellorar o tempo, vai ter que facerse moito máis tarde do habitual. Un problema, o do retraso na sementeira, que tamén afecta a outros cereais como o centeo, que case non naceu, e que pode afectar de xeito importante á pataca, pois o retraso na sementeira vai facer que saian ao mercado máis tarde e polo tanto poden ter problemas de competencia no mercado. En definitiva, estamos diante dun nove golpe para a economía da comarca, que ten sufrido os embates da crise de xeito importante, e que nos últimos anos viu agravada a súa situación por distintas vicisitudes. En 2010 varios concellos da provincia, a maioría da comarca da Limia, foron declarados zona catastrófica, cuestión que se materializou a través da aprobación do Decreto 344/2010, do 19 de marzo, que deu cumprimento á Lei 3/2010, do 10 de marzo, pola que se aprobaron medidas urxentes para paliar os danos producidos por incendios forestais e outras catástrofes naturais ocorridas en varias comunidades autónomas -no caso galego pola afectación do ciclón Xynthia e no 2011 como consecuencia da vaga de lumes. Daquela, moitos dos afectados e afectadas atopáronse cun gran problema, dado que preto dun 80% carecían de seguro agrario, e o dito decreto establecía que neses casos as axudas só podían acadar o 35 % do investido. Por todo o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

anterior exposto, o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego, somete á consideración do pleno a adopción dos seguintes acordos: O Pleno da Deputación insta ao Goberno Galego a adoptar as seguintes medidas en relación cos danos ocasionados no sector agrario da comarca da Limia polas adversas condicións meteorolóxicas dos últimos meses: 1.- Establecer medidas específicas de axuda para os agricultores e gandeiros para facer fronte ás perdas ocasionadas nos cultivos cerealísticos. 2.- Incrementar as axudas para os/as produtores/as que subscriban seguros agrarios que cubran os danos causados por este tipo de adversos meteorolóxicos. 3.- Instar ao goberno do Estado para establecer mediante o correspondente Decreto a declaración de zona catastrófica e as axudas correspondentes tanto polos danos ocasionados nos cultivos de inverno como polo lucro cesante para os cultivos que se van retrasar ou impedir.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, anuncia que o seu grupo, e ela especialmente dada a comarca que representa, non poden estar en contra da moción. Dos datos que lle facilitan os técnicos do Instituto do Campo que manexan cifras da oficina de extensión agraria, pois é neste organismo onde se manexan a datos reais de sementeira, polos indicadores da PAC, están en condicións de afirmar que o número de hectáreas de media destinado ao cultivo do cereal na Limia (contando tamén coa parte pertencente ao concello de Xunqueira de Ambía), é en torno ás 16.500 hectáreas. Desas 16.500 hectáreas, como norma xeral, un 40% seméntase de cereal de inverno e o resto de cereal de primavera, o que nos deixaría unha superficie media de cereal de inverno de 6.600 hectáreas. Se ben as previsións a principio de campaña facían pensar nun incremento na sementeira de inverno (debido a moi boa colleita do ano pasado) ao final, e debido a que as precipitación comezaron xa a principios de novembro, non se puido sementar todo o desexado e quedaron nunhas escasas 4.000 hectáreas, e destas a porcentaxe afectada polas inundacións, segundo as cifras dos organismos que citou, e dun 70%. Segundo o indicado, quedarían para plantar de cereal de primavera por enriba das 13.000 hectáreas, o cal, e tendo en conta que as datas coincidirán coa sementeira da pataca, provocará que as plantacións vexan reducida a súa produción, e se de media nun ano bo a produción do cereal de primavera anda polos 2.500-3.500 kg/ha, as previsións máis optimistas marcarían unha produción máxima de 2.000 kg/ha. No referente á pataca, realizar previsións faise máis complicado, xa que pese a que a data de plantación efectivamente vai ser máis tardía que en campañas anteriores (a día de hoxe, toda a parte de Trasmiras, Vilaseca, Solveira xa tiña que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

estar practicamente plantada na súa totalidade), o comportamento da climatoloxía ao longo do ciclo produtivo do cultivo será o que máis vaia influír na produción final. De todos os xeitos están en condicións de afirmar que o descenso na produción sería en torno a un 30%. Resumindo, unha colleita escasa en volume e seguramente en calidade, todo malia que o ano pasado o prezo de centeo alcanzou os 0,19 céntimos quilo e o trigo pagouse a unha media de 0,24 céntimos, segundo datos que lles pasan os organismos antes citados. O panorama para os agricultores e tamén para os gandeiros que dependen do cereal para as súas explotacións en función do número de cabezas, non é esperanzador. Nada novo no panorama cíclico que se vén repetindo ano si e ano tamén. Un sector que non conta con contratos homologados, como vimos demandando dende o grupo Socialista en múltiples ocasións. As explotacións deberían ser rendibles e sen estar subvencionadas, dende logo que si, pero todos sabemos que de non percibir axudas non serían capaces de sobrevivir. Aplaudimos a vontade de apoiar esta moción por parte do Grupo do PP, que xa manifestou o seu voto a favor en comisión, xa que estamos para defender aos veciños e veciñas que representamos. Desde o Grupo Socialista non queren pensar que poida ser unha fachada, detrás da que se agochan intereses de querer quedar ben cunha comarca e co sector afectado, onde curiosamente o mesmo grupo do PP da Xunta de Galicia pretende acabar co sector en pro dunha explotación mineira que afectará gravemente non só ás explotacións agrogandeiras da Limia, senón as propiedades e o modo de vida de moitas familias. E en relación con esa explotación mineira dille ao deputado e alcalde de Xinzo de Limia, don Antonio Pérez Rodríguez, que cumpra coa súa palabra se isto se leva adiante.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dálle as grazas á Sra. Lama por aplaudir que apoien esta moción, pero eles non sabían moi ben como ía votar hoxe o Grupo Socialista, porque na comisión informativa ela se abstivo, e as grazas debe dalas o BNG, que é o autor da moción. Adianta que tamén votarán a favor da moción e di que na provincia de Ourense a Limia é, sen dúbida, a comarca na que se produciron máis inundacións provocadas polas chuvias, que encharcaron grandes zonas de cultivo de cereal, aínda que non podemos esquecer a existencia da Lagoa de Antela, algo que facilita estas inundacións. Son conscientes de que na Limia hai danos tanto en cereal do inverno como no de primavera, e sobre os de primavera é difícil pronunciarse, dado que aínda sería posible sementar e recoller no caso de mellorar as condicións do terreo e a meteoroloxía. En canto aos cereais do inverno, non teñen datos, xa que non están cuantificadas as hectáreas afectadas, pero segundo os datos achegados

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

polos propios agricultores afectados, os danos poderían referirse a unhas 8.000 hectáreas de cereal do inverno. Xa se dixo que o cereal de primavera xa tiña que estar sementado, o que non foi posible debido ás condicións meteorolóxicas e, se mellora o tempo, vai ter que facerse máis tarde do normal. Quere deixar claro que, de establecerse unha orde de axudas polas condicións climatolóxicas acaecidas durante o outono – inverno pasados, deben terse en conta varias circunstancias. Unha delas sería condicionar as axudas á decisión positiva sobre a súa compatibilidade cos seguros agrarios, segundo os termos establecidos no regulamento 794/2004, e polo tanto, habería que solicitar a dita compatibilidade baseándose no disposto nas directrices comunitarias para as axudas estatais ao sector agrícola e forestal 2007-2013. Non podemos esquecer que dado que España ten o sistema de seguros agrarios máis desenvolvido de Europa e que nos autorizan por este concepto axudas estatais de máis de cincocentos millóns de euros, non sería estraño que se denegara a compatibilidade das axudas. Pensa que nisto teñen que estar todos xuntos para loitar ao máximo para que non se produza esta denegación. En conclusión, hai que recoñecer que os danos producidos polas chuvias acaecidas durante todo o outono – inverno pasados están espallados por toda Galicia, aínda que a zona máis afectada é A Limia. En canto aos danos da Limia, di que é moi difícil predicir se nun terreo que está agora encharcado se tiña intención de sementar ou non os cereais de inverno; nesta zona, os danos son moi difíciles de avaliar, e neste caso si que hai coberturas de seguros agrarios suficientes para poder paliar este tipo de danos. O grupo de goberno entende que os agricultores deben mentalizarse da importancia do seguro ante as dificultades de poder establecer liñas de axudas como as que reclaman. Para ter constancia do problema no seu conxunto, dá o seguinte dato: fronte as 8.000 hectáreas que din afectadas, só 175 foron aseguradas en Ourense, dato ilustrativo sen lugar a dúbidas. Reitera que votarán a favor dos acordos presentados polo grupo do BNG. Para finalizar, manifesta que corren tempos moi difíciles para todos, especialmente para os agricultores e labregos e o grupo de goberno do Partido Popular, co seu presidente, estarán aí dándolles o apoio claro e decidido aos agricultores e labregos da Limia e ás súas reivindicacións.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, dille ao portavoz popular que lle permita que non lle dea as grazas, en todo caso alégrense de que todos estean de acordo neste tema, e as grazas, posto que eles son emisarios políticos dun problema que ten a cidadanía, llas darán os veciños e veciñas gandeiros e agricultores da Limia, cando se leven a cabo os acordos que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

estamos a punto de aprobar. É certa a posibilidade desa incompatibilidade nas axudas, pero o BNG estará ao lado para impedir que haxa reticencias neste sentido e para loitar por esas axudas. Falouse dos tempos difíciles para os agricultores e gandeiros, pero hai que ter en conta que coa política agraria comunitaria, A Limia e o resto de Galicia saíron prexudicadas con certos acordos, este é o problema que herdamos hoxe e o por qué estamos onde estamos.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que moitas veces a cobertura dos seguros agrarios depende da declaración de zona catastrófica, xa que se non hai esta declaración non se pode demostrar que houbo danos no cultivo. Independentemente de que poidan ser compatibles con outras axudas, pensa que cando existe un problema o normal é atallalo da mellor maneira posible e non recorrer (como se facía hai anos desde esta institución) a dar esmolos (daquela céntimos de peseta) para ter contento a un sector que por desgraza ao mellor ten que empezar a camiñar por outra senda, que é a de facer explotacións rendibles en termos económicos, porque non só os agricultores o están a pasar mal.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, pídlle ao Sr. Iglesias Pérez que sexa algo máis suave e non leve á rixidez todo isto e pide tamén cortesía política. O grupo de goberno debe coñecer os problemas da provincia e apoiar na medida do posible. En canto aos seguros di que teñen as súas peculiaridades, pero nese ámbito adianta que a iniciativa do Sr. presidente da Deputación, se van arbitrar algún tipo de medidas de información e colaboración neste sentido. O grupo de goberno está no camiño de poder axudar no que poida.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, e por unanimidade dos vinte e catro (24) deputados presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

O Pleno da Deputación insta ao goberno galego a adoptar as seguintes medidas en relación cos danos ocasionados no sector agrario da comarca da Limia polas adversas condicións meteorolóxicas dos últimos meses:

1º.- A establecer medidas específicas de axuda para os agricultores e gandeiros para facerlles fronte ás perdas ocasionadas nos cultivos cerealísticos.

2º.- A incrementar as axudas para os/as produtores/as que subscriban seguros agrarios que cubran os danos causados por este tipo de adversos meteorolóxicos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

3º.- Instar ao goberno do Estado para establecer mediante o correspondente Decreto a declaración de zona catastrófica e as axudas correspondentes tanto polos danos ocasionados nos cultivos de inverno como polo lucro cesante para os cultivos que se van retrasar ou impedir.

13º.- CREACIÓN DO OBSERVATORIO DA SOSTIBILIDADE DA PROVINCIA DE OURENSE E PARA A INCLUSIÓN NA REDE DE OBSERVATORIOS DA SOSTIBILIDADE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta, en relación co punto anterior e sen acritude, que o agradecemento non depende da afinidade política, senón da coherencia do que se está aprobando, que é importante para os veciños e veciñas da Limia. Reitera que o BNG se alegra de que todos estean de acordo. En relación co punto da orde do día, di que o BNG sempre está de acordo con toda iniciativa que teña que ver coa sostibilidade ambiental, coa mellora das sinerxías que existen entre o ser humano e a natureza, e sobre todo nun medio rural como o galego. Está moi ben crear o observatorio, pero as medidas deben encamiñarse a facer realmente o que isto significa, facer sostible a nosa acción política e cada unha das iniciativas que se tomen deben plasmarse na compoñente ambiental presente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que votarán a favor. As iniciativas relacionadas co medio ambiente son interesantes e, por exemplo, no seu concello xa están adheridos a varias das cuestións que se formulan neste observatorio. Parécelle ben que se fagan todos os observatorios do mundo, agora ben, xa chegou o momento de que eses observatorios (non fala deste en concreto) sexan formas de transmitirlle á sociedade que os observatorios serven para facer despois actuacións concretas. Di isto porque na modificación orzamentaria que se aprobou anteriormente falábase de pagarlle a unha empresa por outro observatorio económico que se fixo, no cal os datos que dá a empresa xa veñen reflectidos en todas as administracións públicas e ben se podían facer por calquera departamento desta casa. Os observatorios están ben e pódese mellorar a xestión, pero pide que non sirvan para despois vender cousas que facemos, senón para facer actuacións concretas para os concellos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que todos están a favor do medio ambiente e lembra que esta iniciativa é unha consecuencia máis do Plan Ourense 92

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

que presentou o Sr. presidente no seu momento e que está guiando as súas actuacións e as do equipo de goberno. Alégranse de que se implicara nesta iniciativa a Universidade de Vigo no seu Campus de Ourense.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e por unanimidade dos vinte e catro deputados presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Crear o Observatorio da Sostibilidade da Provincia de Ourense, coas seguintes funcións e organigrama:

Funcións:

- Recompilación de información ambiental, económica e social relevante da provincia de Ourense.
- Selección e cálculo dunha batería de indicadores representativa e concordante cos compromisos de Aalborg.
- Deseño de plans de desenvolvemento estratéxico no ámbito provincial, comarcal e municipal.
- Realización, monitorización e seguimento da A21 provincial-intermunicipal.
- Elaboración do informe anual sobre o estado ambiental, social e económico da provincia, das súas comarcas e dos municipios integrados na Rede de municipios.
- Creación e mantemento dun sistema de información xeográfica provincial (XIS).
- Asistencia técnica para a realización das A21 locais.
- Cooperar eficazmente cos municipios ourensáns e organismos supramunicipais.
- Facilitar a consecución de financiamento para a posta en marcha de proxectos a través da realización de accións integradas nos concellos que conforman a rede.
- Por a disposición dos ourensáns información sobre o estado de sostibilidade da provincia e dos seus municipios.
- Fomentar e facilitar a participación da poboación na xestión municipal a través dos procesos de A21.
- Impulsar a implicación e sensibilización da poboación a través do coñecemento das accións/proxectos que van ser levados a cabo no seu territorio.

Organigrama:

Presidente: Don José Manuel Baltar Blanco. *Presidente da Deputación Provincial de Ourense.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Director: Don Javier Bobe Vázquez. *Enxeñeiro xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense.*

Coordinadora xeral: Dona María Sabas Álvarez. *Xefa da Sección de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense.*

Coordinador do eixo económico-social: Don José Manuel Rodríguez González. *Director xerente do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE) e Coordinador do Observatorio económico da provincia de Ourense.*

Coordinador do eixo ambiental: D. Pedro Araujo Nespereira. *Decano da Facultade de Ciencias do Campus de Ourense (UVigo)*

Coordinador da xestión de datos: D. Rafael Outomuro Nieves. *Director da enquisa de infraestruturas e equipamentos locais.*

2º.- Aprobar a adhesión deste observatorio á rede de observatorios de sostibilidade, aprobando expresamente o documento marco para o funcionamento da dita rede, aprobado polo Observatorio de la Sostenibilidad de España.

14º.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS, PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL SOBRE A REFORMA DO GOBERNO LOCAL EN ESPAÑA.-

Trala ratificación por unanimidade da inclusión deste asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á moción conxunta redactada o día 23 de abril (consultada cos portavoces dos grupos), co seguinte contido: *Con data 19 de marzo de 2013, o Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense presentou unha moción sobre a reforma da Lei de bases do réxime local prevista polo goberno central, para o seu debate e votación polo trámite de urxencia no Pleno ordinario do 22 de marzo. Non obstante o anterior e dada a complexidade e transcendencia do asunto, na citada sesión ordinaria o Grupo Socialista aceptou proceder ao seu estudo na comisión informativa ordinaria do mes de abril, que tivo lugar o día 18 do citado mes. Na dita comisión, a Presidencia formulou unha proposta alternativa para o seu estudo na Xunta de Portavoces, no sentido de crear unha comisión informativa especial que realizase un estudo do anteproxecto de lei, co fin de poder elaborar unha proposta fundamentada de alegacións ao dito anteproxecto. A dita proposta tratouse na Xunta de Portavoces do día 22 de abril, concretándose nunha proposición conxunta dos tres grupos políticos nos termos que se dirán. Polo exposto, e trala ratificación da inclusión do asunto na orde do día e conforme co*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

acordado polos representantes dos grupos na Xunta de Portavoces, proponse a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo: Crear unha comisión informativa especial co obxecto de estudar o anteproxecto de Lei de racionalización e sostibilidade da administración local e formular unha proposta de alegacións ao dito anteproxecto para a súa aprobación polo Pleno. A dita comisión informativa especial axustarase ás seguintes regras: a.- A comisión estará integrada polo presidente e un representante de cada grupo político e de conformidade co establecido no artigo 6.1 do Regulamento Orgánico da Deputación a comisión funcionará en réxime de voto ponderado. b.- A designación dos representantes da comisión corresponderalle a cada grupo político, mediante escrito dirixido á Presidencia polo portavoz de cada grupo, no que se poderán incluír os suplentes que se consideren necesarios. c.- A comisión reunirse con periodicidade semanal ata a total conclusión dos seus traballos, debendo formular unha proposta de alegacións ao anteproxecto de lei con antelación suficiente para o seu tratamento no pleno ordinario do mes de maio. A data e hora das reunións acordaraa a Presidencia, trala audiencia previa dos grupos políticos. Unha vez convocada a primeira reunión non será necesario realizar convocatoria formal das seguintes sesións, que se entenderán automaticamente convocadas para a mesma data e hora, agás que por razóns de forza maior houbera que modificar a data e hora de celebración ou fose preciso convocar unha sesión adicional”.

Intervén o **Sr. presidente** para matizar que tiña entendido que o prazo era de dous meses, para o Pleno do mes de xuño.

Tras un cambio de impresións entre os voceiros dos grupos, a proposta queda igual que estaba para o mes de maio.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que para o seu grupo as diferenzas son moitas e de calado importante, aínda así o BNG ten vontade de diálogo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o Grupo Socialista foi o autor da moción (que quedou enriba da mesa) que deu lugar a esta proposta á que votarán a favor. Supoñen que haberá un cambio no borrador inicial, algo que non está na man do Partido Socialista, porque non se poden quitar conclusión de algo que non se sabe se vai ser así ou non. Pensa que poñer datas é aventurarse un pouco, porque ao mellor esa proposta de reforma queda enriba da mesa, porque non saíu como esperaba o goberno central. O Partido

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Socialista está completamente en desacordo co borrador sobre a reforma, porque o que se expón nel é inaceptable. Outra cousa é que se presente un novo borrador e a partir de aí facer as alegacións baseándonos nas singularidades da nosa provincia. A representación das provincias son da FEMP e da FEGAMP e desde alí se farán alegacións máis globais. Cren que a administración se ten que reformar pero o problema grave é garantir que teña un financiamento axeitado.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a filosofía desta proposta é precisamente o diálogo. Con esta proposta preténdense dúas cousas claras: a primeira é facer achegas a ese borrador de texto legal como entidade e desde o punto de vista da Deputación Provincial. E en segundo lugar, poder trasladar desde aquí as achegas que fagan os pequenos concellos de menos de 20.000 habitantes (todos os da provincia menos Ourense), para enriquecer na medida do posible ese texto legal. A Deputación ten que liderar isto para que non se diga que somos o concello dos concellos e non facer nada ao respecto.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, e por unanimidade dos vinte e tres (23) deputados presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Crear unha comisión informativa especial co obxecto de estudar o anteproxecto de Lei de racionalización e sostibilidade da administración local e formular unha proposta de alegacións ao dito anteproxecto para a súa aprobación polo Pleno.

A dita comisión informativa especial axustarase ás seguintes regras:

- a) A comisión estará integrada polo presidente e un representante de cada grupo político e de conformidade co establecido no artigo 6.1 do Regulamento Orgánico da Deputación a comisión funcionará en réxime de voto ponderado.
- b) A designación dos representantes da comisión corresponderalle a cada grupo político, mediante escrito dirixido á Presidencia polo portavoz de cada grupo, no que se poderán incluír os suplentes que se consideren necesarios.
- c) A comisión reunirse con periodicidade semanal ata a total conclusión dos seus traballos, debendo formular unha proposta de alegacións ao anteproxecto de lei con antelación suficiente para o seu tratamento no pleno ordinario do mes de maio. A data e hora das reunións acordaraa a Presidencia, trala audiencia previa dos grupos políticos. Unha vez convocada a primeira reunión non será necesario realizar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

convocatoria formal das seguintes sesións, que se entenderán automaticamente convocadas para a mesma data e hora, agás que por razóns de forza maior houberse que modificar a data e hora de celebración ou fose preciso convocar unha sesión adicional.

15º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU - 1201 BANDE-BARXÉS, COMPRENDIDAS NOS PROXECTOS DE OBRA N.º 93/PB/2012 E 3/16/2011 DO PLAN ESPECIAL DE REDE VIARIA LOCAL DE 2011.-

O Sr. secretario anuncia que a inclusión deste asunto na orde do día precisa da súa ratificación, e seguidamente dá lectura á proposta da Presidencia en data 18 de abril de 2013.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, que é aceptada co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista (20) e a abstención dos deputados do BNG (2).

A continuación somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista (20) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Resolver as alegacións formuladas polos propietarios e respecto das parcelas que a continuación se relacionan, consonte co informe emitido polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras, nos seguintes termos:

1.- D.^a Blanca Medela Martínez, en relación coas parcelas n.º 19 e 64 do expediente expropiatorio.

a.- Acórdase estimar a súa reclamación en relación coa parcela n.º 19, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

“A reclamante solicita a expropiación da totalidade do predio.

Este predio ten unha lonxitude de 590 m2, dos que se expropian inicialmente 233,86 m2 (o que supón un 39,64 %), quedando só 356,14 m2 dispoñibles de monte, e divididos en dúas parcelas. Considerando que está dúas superficies non permiten unha explotación axeitada do predio,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

propoñemos a ocupación da totalidade. Isto supón un incremento de superficie e de bens a indemnizar.

A nova medición dos bens, queda reflectida no seguinte cadro

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
590,00 m2	Monte	2,00	1.180,00
13,00 uds.	carballos 10 cm< Φ \leq 0,50 m.	36,06	468,78
8,00 uds.	carballos $\Phi \leq$ 0,10 m	6,00	48,00
		Suma	1.696,78
		5% afección	<u>84,84</u>
		Total	1.781,62

b.- Acórdase estimar a súa reclamación en relación coa parcela n.º 64, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

A reclamante solicitada a expropiación da totalidade do predio.

Este predio ten unha lonxitude de 178 m2, dos que se expropian inicialmente 138,26 m2 (o que supón un 77,67 %), quedando só 39,74 m2 dispoñibles de monte. Considerando que está superficie non permite unha explotación axeitada do predio, propoñemos a ocupación da totalidade. Esta decisión supón a indemnización por maior superficie e bens.

A nova medición dos bens, queda reflectida no seguinte cadro

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
178,00 m2	Monte	2,00	356,00
11,00 uds.	carballos 10 cm< Φ \leq 50 cm	36,06	396,66
		Suma	752,66
		5% afección	<u>37,60</u>
		Total	790,26

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

2.- D.^a Josefa Salgado Feijóo, en relación coas parcelas n.º 39, 46, 77 e 91 do expediente expropiatorio.

a.- Acórdase estimar parcialmente a súa reclamación en relación coa parcela n.º 39, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

Con data 21/02/2013 presentou reclamación ás medicións dos bens afectados, reclama a consideración de terreos de labor con regadío, tres motas de carballo e un muro.

En relación do uso como terras de labor con regadío, propoño a non aceptación xa que tanto este predio como os da zona teñen uso de monte

Aceptase a valoración do muro e só un carballo.

A nova relación dos bens, queda reflectida no seguinte cadro

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
20,62 m2	Monte	2,00	41,24
1,00 ud.	carballos $\Phi \leq 0,10$ m	6,00	6,00
2,52 m3	muro de pedra sobre pedra	33,66	84,82
		Suma	132,06
		5% afección	<u>6,60</u>
		Total	138,66

b.- Acórdase estimar parcialmente a súa reclamación en relación coa parcela n.º 46, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

Con data 21/02/2013 presentou reclamación ás medicións dos bens afectados, solicitando a expropiación da totalidade do predio de labradío por quedar “impracticable para futuros labores de forestación” (209 m2 pois exprópanse inicialmente 186,13 m2.) e a inclusión duns carballos e un muro de cachotería tradicional de 15,80 .

Non se admite a consideración do predio como de labranza. Os usos na zona son de monte.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Admítese a expropiación total xa que a superficie afectada é de 186,13 m² e a totalidade do predio ten 209 m² e a inclusión das árbores.

Non se admite indemnización por un muro xa que unha vez vista a zona non se detectou tal obra. A nova medición dos bens, queda reflectida no seguinte cadro

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
209,00 m ²	Monte	2,00	418,00
11,00 uds.	carballos 10 cm $\Phi \leq 0,50\text{ m}$	36,06	396,66
		Suma	814,66
		5% afección	40,73
		Total	855,39

c.- Acórdase estimar a súa reclamación en relación coa parcela n.º 77, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

Con data 21/02/2013 presentou reclamación ás medicións dos bens afectados, solicitando a inclusión duns carballos e un muro de cachotería tradicional.

De acordo coas comprobacións realizadas in situ, trala convocatoria previa dos afectados, acéptanse as alegacións que non supoñen modificación, quedando a medición tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
54,40 m ²	Monte	2,00	108,80
2,00 uds.	carballos 10 cm $\Phi \leq 0,50\text{ m}$	36,06	72,12
1,20 m ³	muro de pedra sobre pedra	33,66	40,39
		Suma	221,31
		5% afección	11,07
		Total	232,38

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

d.- Acórdase desestimar a alegación en relación coa parcela n.º 91, xa que a dita alegación se limita a sinalar que “se ve afectada nunha pequena superficie na marxe norte”, afectación que xa figura incluída na relación de bens e dereitos inicial. Conforme co informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense, a relación de bens afectados é a seguinte:

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
33,94 m2	Monte	2,00	67,88
		Suma	67,88
		5% afección	<u>3,39</u>
		Total	71,27

3.- D.^a Benita López Feijóo, en relación coas parcelas n.º 7, 8, 37, 38, 41, 50, 60 e 78 do expediente expropiatorio.

a.- Acórdase estimar parcialmente a súa reclamación en relación coa parcela n.º 7, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

Con data 21/02/2013 presentou reclamación ás medicións dos bens afectados, solicitando a expropiación de 590 m2 (todo o predio n.º 7 e parte do n.º 8), muro de cachotería tradicional de 30,80 m2, e a inclusión de 26 abetos, 28 eucaliptos e 6 árbores ornamentais.

O titular do predio n.º 7 é dona Benita López Feijóo e o titular da parcela n.º 8 é Veciños de Xordos.

En relación coas árbores informamos que unha vez visitada a zona, trala citación previa dos afectados e na súa presenza, acórdase incluír na valoración os 26 abetos solicitados e os 28 eucaliptos reclamados, por estar nos predios números 7 e 8 e ningunha árbore ornamental. A continuación analízanse os dous predios.

1.- Predio n.º 7.- Entendo que procede a expropiación da totalidade do predio n.º 7 de 403 m3, xa que está afectado o 91,34 % da superficie e o resto non valería para unha posible explotación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

No predio número 7 detectáronse 13 abetos e 13 eucaliptos con diámetros de ata 50 cm. O resto das árbores detectáronse na parcela 8, coa excepción das especies ornamentais.

Acéptase o incremento de medición do muro, que se distribúe entre o predio n.º 7 (9,5 m³) e o predio n.º 8 (10,5 m³), mantendo a superficie solicitada de 30,80 m².

A nova medición de bens do predio n.º 7, queda reflectida no seguinte cadro:

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
403,00 m ²	Monte	2,00	806,00
13,00 uds.	abetos 10 cm< Φ ≤ 0,50 m	20,00	260,00
13,00 uds.	eucaliptos 10 cm< Φ ≤ 0,50 m	20,00	260,00
9,50 m ³	muro de pedra sobre pedra	33,66	319,77
		Suma	1.645,77
		5% afección	<u>82,29</u>
		Total	1.728,06

b.- Acórdase estimar parcialmente as alegacións do reclamante en canto á parcela n.º 8, dividíndoa en dúas parcelas diferentes (8A e 8B) ambas a nome de Veciños de Xordos, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

A reclamante informou verbalmente de que o predio n.º 8 é parcialmente da súa propiedade pero sen achegar documentación xustificativa. A existencia dun muro dentro deste segundo predio avala esta reclamación polo que se propón dividir a propiedade numerada como 8 en dúas a 8A e a 8B, ambas a nome de “Veciños de Xordos”, á espera da documentación solicitada. En caso de presentar título de propiedade, o expediente 8A coas súas medicións tramitaríase a nome de Benita López Feijoo e o 8B a nome de “Veciños de Xordos”.

Propónse a indemnización da totalidade do predio n.º 8A, xa que queda unha superficie mínima sen afectar, que non é rendible para a súa explotación.

Propónse aceptar o incremento do muro tradicional solicitado.

A nova medición dos bens do predio n.º 8A, queda reflectida no seguinte cadro:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
187,00 m2	Monte	2,00	374,00
13,00 uds.	abetos 10 cm< Φ \leq 0,50 m	20,00	260,00
15,00 uds.	eucaliptos 10 cm< Φ \leq 0,50 m	20,00	300,00
10,50 m3	muro de pedra sobre pedra	33,66	353,43
		Suma	1.287,43
		5% afección	<u>64,37</u>
		Total	1.351,80

A relación de bens do predio n.º 8B, queda reflectido no seguinte cadro:

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
117,00 m2	Monte	2,00	234,00
		Suma	234,00
		5% afección	<u>11,70</u>
		Total	245,70

c.- Acórdase estimar parcialmente as alegacións presentadas en relación coa parcela n.º 37, e dividila en dúas parcelas: 37A e 37B que quedará a nome do titular catastral (herdeiros de Juan Álvarez González) ata que a reclamante presente por escrito a documentación xustificativa da propiedade, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

Con data 21/02/2013 presentou reclamación ás medicións dos bens afectados, solicitando a expropiación de 850 m2 (correspondentes o predio n.º 38 e parte do predio 37) como terras de labor con regadío e a inclusión dun muro de cachotería de 13,75 m3, 25 castiñeiros da mais de 40 cm. e 14 árbores froiteiras.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

En relación coa consideración de terras de labor, entendemos que non é aplicable este criterio xa que este non é o uso habitual na zona nin nos predios valorados.

Seguidamente paso a analizar cada un dos predios:

1. Predio nº 37

No expediente de expropiación figura como titular herdeiros de Juan Álvarez González, pero reclama D^a Benita López Feijoo.

O reclamante informa verbalmente que parte do predio nº 37 é da súa propiedade e ademais define os lindes. Por este motivo entendo que procede a división deste expediente en dous, sen modificar o titular:

- 37A a nome de herdeiros de Juan Álvarez González mentres non presente D.^a Benita López Feijoo a documentación xustificativa da propiedade.*
- 37B quedará a nome do titular catastral (herdeiros de Juan Álvarez González)*

En relación coa consideración de terras de labor, entendemos que non é aplicable este criterio xa que este non é o uso habitual na zona nin nos predios valorados.

Semella razoable a expropiación da totalidade da finca 37 A xa que está afectada unha superficie de 279 m² o que supón o 83,28 % dos 335 m² totais.

En relación coa medición de árbores propoñemos a aceptación da súa reclamación incluíndo 21 castiñeiros de varios tamaños e 10 froiteiras no predio n.º 37 e 6 castiñeiros de ata 50 cm., 2 carballos e 4 froiteiras na finca n.º 38.

Dos 13,75 m³ de muro reclamado se propón aceptar parcialmente as medicións de acordo cos datos aportados polo equipo de medición desprazado a zona con 8,64 m³ no predio nº 37A e 4,25 m³ no predio 38

Polo tanto a medición do predio 37A queda reflectida no seguinte cadro :

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
335,00 m ²	Monte	2,00	670,00
18,00 uds.	castiñeiros 10 cm $\Phi \leq 0,50$ m	36,00	648,00
3,00 uds.	castiñeiros $\Phi > 0,50$ m	72,10	216,30
10,00 uds.	Froiteiras	14,42	144,20

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

8,64 m3	muro de pedra sobre pedra	33,66	290,82
		Suma	1.969,32
		5% afección	<u>98,47</u>
		Total	2.067,79

A medición do predio 37B, queda reflectida no seguinte cadro:

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
67,00 m2	Monte	2,00	134,00
		Suma	134,00
		5% afección	<u>6,70</u>
		Total	140,70

d.- Acórdase estimar a alegación en relación coa parcela n.º 38, baseándose no citado informe do enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras:

En relación co predio 38 aceptamos a alegación no sentido de expropiar a totalidade da superficie xa que están afectados 309,65 m2 o que supón un 60,13 % dun total de 515 m2. Ademais inclúense os bens referidos no punto anterior (referente á parcela 37), tales como as árbores e o muro.

A nova medición do predio 38 queda reflectida no seguinte cadro :

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
346,85 m2	Monte	2,00	693,70
6,00 uds.	castiñeiros 10 cm< Φ \leq 0,50 m	36,00	216,00
2,00 uds.	carballos 10 cm< Φ \leq 0,50 m	36,00	72,00
4,00 uds.	Froiteiras	14,42	57,68
4,25 m3	muro de pedra sobre pedra	33,66	143,06

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

		Suma	1.182,44
		5% afección	<u>59,12</u>
		Total	1.241,56

e- Acórdase estimar parcialmente a reclamación en relación coa parcela n.º 41, así como manter como propietaria do predio a dona Benita López Feijóo (que é a nome de quen figura no Catastro) facéndose constar que a interesada informa que o dito predio non é da súa propiedade. Todo isto baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

Con data 21/02/2013 presentou reclamación as medicións dos bens afectados, solicitando a expropiación de 120 m2. e a inclusión de 8,5 m3. de muro de cachotería tradicional, 2 carballos centenarios, 5 cerdeiras e 2 castiñeiros.

Trala visita a finca previa convocatoria e na presenza dos representantes se informa de que dito predio non é propiedade de D^a Benita López Feijoo. Polo que propoño o mantemento do propietario do catastro ata de se realice por escrito dita afirmación.

Realizada a medición comprobamos que a superficie afectada é de 121.55 m2 e non 120 m2.

O titular do predio afirma que se trata de terreo de labranza con regadío pero non procede a consideración deste tipo de uso por non ser o habitual na zona nin estar dedicada a eses usos o predio, se valora como monte.

En relación coas árbores coas árbores non se acepta a totalidade das reclamacións, so se valoran 9 carballos medianos.

Unha vez realizada a medición do muro in situ, compróbase que o seu volume é de 8,64 m3, polo que se propón aceptar a súa solicitude.

A nova medición dos bens, queda reflectida no seguinte cadro :

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
121,55 m2	Monte	2,00	243,10
9,00 uds.	carballos 10 cm$\Phi \leq 0,50 \text{ m}$	36,06	324,54
8,64 m3	muro de pedra sobre pedra	33,66	290,82
		Suma	858,46

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

		5% afección	42,92
		Total	901,38

f.- Acórdase desestimar a alegación en relación co predio n.º 50, xa que a dita alegación se limita a sinalar que “se ve afectada minimamente nunha das súas marxes”, afectación que xa figura incluída na relación de bens e dereitos inicial. Conforme co informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense, a relación de bens afectados é a seguinte:

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
22,29 m2	Monte	2,00	44,50
		Suma	44,58
		5% afección	2,23
		Total	46,81

g.- Acórdase estimar parcialmente a reclamación referida á parcela n.º 60, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

Con data 21/02/2013 presentou reclamación as medicións dos bens afectados que define como labradío de regadío, eucaliptos e muro de cachotería tradicional.

Tras unha convocatoria previa e en presenza dos representantes da propiedade se propón a non admisión do uso do terreo como de labor xa que na zona todo é monte.

Admítese a inclusión dun muro de cachotería tradicional de 4,8 m3.

A medición queda tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
54,00	Monte	2,00	108,00
6,00 uds.	eucaliptos 10 cm$\Phi \leq 0,50 \text{ m}$	20,00	120,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

2,00 uds.	eucaliptos 50 cm< Φ	40,00	80,00
4,80 m3	muro de pedra sobre pedra	33,66	161,57
		Suma	469,57
		5% afección	<u>23,48</u>
		Total	493,05

h.- Acórdase desestimar as reclamacións en relación co predio n.º 78, baseándose no seguinte informe emitido en data 22 de abril de 2013 polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense:

Con data 21/02/2013 presentou reclamación ás medicións dos bens afectados que define como terrero con 30 m2, 4 motas de carballo e 2 m3 de muro de cachotería tradicional.

Non se admiten as reclamacións e mantense a seguinte medición inicial.

Medición	Descrición do ben	Prezo unitario	Importe euros
12,04	Monte	2,00	24,08
1,60 m3	muro de pedra sobre pedra	33,66	53,86
2,00 uds.	carballos 10 cm< Φ \leq 0,50 m	36,06	72,12
		Suma	150,06
		5% afección	<u>7,50</u>
		Total	157,56

2º.- Aprobar os proxectos técnicos que comprenden as obras de acondicionamento e mellora da estrada provincial OU-1201 Bande-Barxés, que constitúen o obxecto do expediente expropiatorio, co seguinte detalle:

- Proxecto de acondicionamento e mellora da estrada OU-1201, pq 1,160 ao 2,100, redactado por don José Manuel González Sánchez en novembro de 2011, clave 3/16/2011.
- Proxecto de acondicionamento da estrada OU-1201 Bande-Barxés, pq 2,080 a 2,400, redactado por don José Manuel González Sánchez e novembro de 2012, n.º 93/PB/2012.

3º.- Aprobar o anexo de expropiacións dos ditos proxectos, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens e dereitos afectados pola dita expropiación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

4º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, ao figurar incluídas no Plan especial de investimentos na rede viaria provincial e municipal de 2011, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense na sesión ordinaria do 29 de abril de 2011, e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de estradas de 2012, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense na sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2012.

5º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, que a continuación se relacionan.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Nº Parcela	Parcela/ Poligono Catastro	Tipo Parcela	Propietario Expediente	M² Exp
00000004	0123 / 041	RUSTICA	VECIÑOS DE XORDOS	652,95
00000005	0369 / 042	RUSTICA	VECIÑOS DE XORDOS	1.085,10
00000006	0371 / 042	RUSTICA	CARMEN GONZALEZ CABANELAS	491,81
00000007	0372 / 042	RUSTICA	BENITA LOPEZ FEIJOO	403,00
0000008A	0373 / 042	RUSTICA	VECIÑOS DE XORDOS	187,00
0000008B	0373/ 042	RÚSTICA	VECIÑOS DE XORDOS	117,00
00000009	0374 / 042	RUSTICA	PILAR RODRIGUEZ MARTINEZ E OUTROS	170,45
00000010	0137 / 041	RUSTICA	ANTONIO RODRIGUEZ QUINTAS	35,13
00000011	0156 / 041	RUSTICA	HROS. DE CASTOR MARTINEZ LORENZO	75,38
00000012	0155 / 041	RUSTICA	HROS. DE SILVERIO BALADO MARTINEZ	49,70
00000013	0154 / 041	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	47,54
00000013	0154 / 041	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	47,54
00000013	0154 / 041	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	47,54
00000014	0153 / 041	RUSTICA	HROS. DE CASTOR MARTINEZ LORENZO	10,48
00000015	0152 / 041	RUSTICA	PILAR RODRIGUEZ MARTINEZ E OUTROS	4,72
00000016	0157 / 041	RUSTICA	JULIA RODRIGUEZ QUINTAS	3,44
00000017	0158 / 041	RUSTICA	JOSE B. RODRIGUEZ FERNANDEZ	1,54
00000018	0163/ 041	RÚSTICA	DESCOÑECIDO	10,31
00000019	0569 / 042	RUSTICA	BLANCA MEDELA MARTINEZ	590,00
00000020	0570 / 042	RUSTICA	AMADORA E MARIA RODRIGUEZ GONZALEZ	141,87
00000021	0571 / 042	RUSTICA	FELISA LOPEZ GONZALEZ	145,18
00000023	0573 / 042	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	94,34
00000023	0573 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	94,34
00000023	0573 / 042	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	94,34
00000024	0101 / 041	RUSTICA	DOMINGO VAZQUEZ RODRIGUEZ	126,35

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

00000025	001200000NG85B		DESCOÑECIDO	8,44
00000026	0591 / 042	RUSTICA	ROSA RODRIGUEZ FERNANDEZ	52,88
00000027	0593 / 042	RUSTICA	RICARDO FEIJOO GONZALEZ	165,49
00000029	0595 / 042	RUSTICA	MANUEL FERNANDEZ RODRIGUEZ	151,86
00000030	0597 / 042	RUSTICA	PILAR RODRIGUEZ MARTINEZ E OUTROS	153,58
00000031	0608 / 042	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	54,37
00000031	0608 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	54,37
00000031	0608 / 042	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	54,37
00000032	0599 / 042	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	1.186,00
00000032	0599 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	1.186,00
00000032	0599 / 042	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	1.186,00
00000033	0600 / 042	RUSTICA	ROSA RODRIGUEZ FERNANDEZ	108,00
00000034	0606 / 042	RUSTICA	MANUEL FERNANDEZ RODRIGUEZ	129,00
00000035	0605 / 042	RUSTICA	ROSA RODRIGUEZ FERNANDEZ	94,00
00000036	0602 / 042	RUSTICA	EMILIO FERNANDEZ MARTINEZ	224,36
0000037A	0468 / 041	RUSTICA	HERDEIROS DE JUAN ÁLVAREZ GLEZ.	335,00
0000037B	0468/ 041	RÚSTICA	HERDEIROS DE JUAN ÁLVAREZ GLEZ.	67,00
0000038A	0466 / 041	RUSTICA	MARIA ALVAREZ LOPEZ	44,69
00000038	0467 / 041	RUSTICA	BENITA LOPEZ FEIJOO	346,85
00000039	0465 / 041	RUSTICA	JOSEFA SALGADO FEIJOO	20,62
00000040	0603 / 042	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	250,00
00000040	0603 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	250,00
00000040	0603 / 042	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	250,00
00000041	0642 / 042	RUSTICA	BENITA LOPEZ FEIJOO	121,55
00000042	0645 / 042	RUSTICA	ELADIO RAMOS BELLO	6,71
00000043	0646 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	215,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

00000044	0648 / 042	RUSTICA	CARMEN GONZALEZ CABANELAS	150,65
00000045	0649 / 042	RUSTICA	GABRIELA RODRIGUEZ QUINTAS	187,13
00000046	0650 / 042	RUSTICA	JOSEFA SALGADO FEIJOO	209,00
00000047	0651 / 042	RUSTICA	ELVIRA FEIJOO ALVAREZ E OUTROS	215,89
00000048	0652 / 042	RUSTICA	JESUSA DIZ FERNANDEZ	68,82
00000049	0653 / 042	RUSTICA	ELVIRA FEIJOO ALVAREZ	44,67
00000050	0654 / 042	RUSTICA	BENITA LOPEZ FEIJOO	22,29
00000051	0676 / 042	RUSTICA	OLIVA IGLESIAS GRANDE	327,00
00000052	0677 / 042	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	62,72
00000052	0677 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	62,72
00000052	0677 / 042	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	62,72
00000053	0655 / 042	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	1.098,04
00000053	0655 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	1.098,04
00000053	0655 / 042	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	1.098,04
00000054	0675 / 042	RUSTICA	PEDRO FEIJOO ENRIQUEZ	79,91
00000055	0661 / 042	RUSTICA	PEDRO MARTINEZ LORENZO	120,00
00000056	0761 / 042	RUSTICA	GENEROSA GONZALEZ RODRIGUEZ	35,49
00000057	0725 / 042	RUSTICA	IDA ALVAREZ GARRIDO	340,97
00000058	0726 / 042	RUSTICA	MARIA GONZALEZ GONZÁLEZ	140,02
00000059	0727 / 042	RUSTICA	SEGUNDA MARTINEZ QUINTAS	54,08
00000060	0728 / 042	RUSTICA	BENITA LOPEZ FEIJOO	54,00
00000061	0658 / 042	RUSTICA	JUAN CARLOS FEIJOO GONZALEZ	138,86
00000063	0660 / 042	RUSTICA	RICARDO FEIJOO GONZALEZ	69,58
00000064	0663 / 042	RUSTICA	BLANCA MEDELA MARTINEZ	178,00
00000066	0671 / 042	RUSTICA	ELADIO RAMOS BELLO	48,50
00000067	0674 / 042	RUSTICA	HROS. DE RAMONA LOPEZ FEIJOO	22,74
00000068	0322 / 041	RUSTICA	HROS. DE RAMONA LOPEZ FEIJOO	21,73

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

00000069	0323 / 041	RUSTICA	FRANCISCO E JUAN DIZ LOPEZ	125,72
00000070	0324 / 041	RUSTICA	DESCOÑECIDO	118,88
00000071	0325 / 041	RUSTICA	SEGUNDA MARTINEZ QUINTAS	181,30
00000072	0327 / 041	RUSTICA	JORGE SAL MARTINEZ	287,81
00000073	0328 / 041	RUSTICA	MARIA ELVIRA CONDE FERNANDEZ	110,33
00000074	0329 / 041	RUSTICA	HROS. DE JOSE GONZALEZ ALVAREZ	21,21
00000076	0735 / 042	RUSTICA	CARMEN GONZALEZ CABANELAS	20,66
00000077	0737 / 042	RUSTICA	JOSEFA SALGADO FEIJOO	54,40
00000078	0738 / 042	RUSTICA	BENITA LOPEZ FEIJOO	12,04
00000079	0796 / 042	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	144,35
00000079	0796 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	144,35
00000079	0796 / 042	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	144,35
00000080	0797 / 042	RUSTICA	MANUEL FERNANDEZ RODRIGUEZ	87,64
00000081	0798 / 042	RUSTICA	FRANCISCO PEREZ CABANELAS	71,28
00000082	0799 / 042	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	91,92
00000082	0799 / 042	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	91,92
00000082	0799 / 042	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	91,92
00000083	0800 / 042	RUSTICA	LUCINDA MARTINEZ DOMINGUEZ E OUTROS	108,88
00000084	0347 / 041	RUSTICA	LUCINDA MARTINEZ DOMINGUEZ E OUTROS	28,87
00000085	0331 / 041	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	49,81
00000085	0331 / 041	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	49,81
00000085	0331 / 041	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	49,81
00000086	0332 / 041	RUSTICA	MARIA ALVAREZ LOPEZ	15,21
00000087	0333 / 041	RUSTICA	FRANCISCO PEREZ CABANELAS	26,70
00000088	0334 / 041	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	23,47
00000089	0335 / 041	RUSTICA	LUCINDA MARTINEZ DOMINGUEZ E OUTROS	92,01

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

00000090	0336 / 041	RUSTICA	MARINA MARTINEZ FERNANDEZ	17,65
00000090	0336 / 041	RUSTICA	DEMETRIO MARTINEZ FERNANDEZ	17,65
00000090	0336 / 041	RUSTICA	ALBINA MARTINEZ FERNANDEZ	17,65
00000091	0337 / 041	RUSTICA	JOSEFA SALGADO FEIJOO	33,94
00000092	0801 / 042	RUSTICA	ROSA GONZALEZ GONZÁLEZ	475,64
00000093	0802 / 042	RUSTICA	BERNARDINA ALVAREZ GARRIDO	475,74
00000094	0803 / 042	RUSTICA	DESCOÑECIDO	323,99
00000095	0257 / 042	RUSTICA	JOSE LUIS ALVAREZ DE LA TORRE	8,17
00000106	0034 / 041	RUSTICA	GUMERSINDA SALGADO MARTINEZ E OUTROS	715,16
00000107	0035 / 041	RUSTICA	GRACINDA RODRIGUEZ FERNANDEZ E OUTROS	77,46
00000108	0033 / 041	RUSTICA	MANUEL ALVAREZ FEIJOO	151,27
00000109	0031 / 041	RUSTICA	JOSE DE LA TORRE RODRIGUEZ	544,85
00000110	0183 / 042	RUSTICA	NESTOR DE LA TORRE ALVAREZ	94,49

6º.- Notificarlles este acordo aos interesados de conformidade coa lexislación vixente.

16º.- MOCIÓN DO BNG PARA A DECLARACIÓN DE PERSOA NON GRATA A DEPUTADOS/AS DA PROVINCIA QUE APROBARON A QUITACIÓN DAS PARTICIPACIÓN PREFERENTES.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para que defenda o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o goberno de Mariano Rajoy se caracterizou por desenvolver unhas estritas políticas para beneficiar á banca en detrimento das persoas afectadas pola estafa das preferentes e subordinadas, que contou co indubidábel apoio de deputadas e deputados galegos do Partido Popular que permitiron a quita e o troco por accións. É o resultado dun modelo de banca especulativa e espoliadora e dun goberno do Partido Popular que se converteu no brazo executor dos ditados desa banca. O sistema financeiro do Estado español non só non foi penalizado polas súas irresponsábeis prácticas especulativas e as perdas que ocasionaron, senón que mesmo recibiu o auxilio incondicionado, sen exixir responsabilidades a cambio, do goberno central. En xullo de 2012, o goberno do PP, asinou o memorando de entendemento coa Unión Europea onde asumiu unhas condicións gravosas para a maioría da cidadanía, dado que as persoas contribuíntes en xeral han de realizar enormes esforzos para rescatar a banca privada do Estado español, e dun xeito especialmente grave para milleiros de pequenos e pequenas aforradores e aforradoras, posuidores de participacións preferentes e de débeda subordinada. Neste memorando recóllese expresamente a obriga de que se adoptarán no Estado español medidas para que esas persoas aforradoras que, con engano, son agora titulares de participacións preferentes ou débeda subordinada, vexan obrigatoriamente convertido o diñeiro depositado en accións con descontos considerábeis, isto é, de vérense esfumados os seus aforros en papel de escaso valor. Estas medidas, adoptadas a través de diversos reais decretos aprobados polo goberno central e sempre validados co apoio dos deputados/as galegos/as do Partido Popular, supoñen un durísimo golpe para milleiros de familias que asisten á legalización do roubo dos seus aforros perpetrado coa conivencia do goberno do Partido Popular, no canto de contribuír a facilitarlles a devolución íntegra do diñeiro depositado como lle correspondería xestionar e defender a quen representa a cidadanía. Neste sentido, son moi graves os prexuízos que as políticas de Mariano Rajoy e das deputadas e deputados e galegos no Congreso lle causan a Galiza e, en concreto, á nosa cidadanía. O Partido Popular pasou de ser cómplice da banca especuladora a culpábel do espolio do aforro dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

galegos e das galegas, pois vén de legalizar o roubo de persoas que foron vítimas dunha estratexia agresiva dos directivos das entidades para capitalizarse que colocaron produtos financeiros tóxicos con fraude, ocultación de información e abuso de confianza. O Partido Popular rexeitou retirar o Real decreto lei 6/2013, de 22 de marzo, de protección a titulares de determinados produtos de aforro e investimento de carácter financeiro que autoriza e regula definitivamente o procedemento para facer efectiva a quitación das participacións preferentes e subordinadas e o posterior cambio en accións de nula solvencia, en vez de adoptaren medidas ao servizo do pobo, como demanda o BNG para recuperar o 100% do diñeiro depositado nestes produtos financeiros, toda vez que se recoñeceu e se demostrou a súa colocación con engano e á mantenta en Galiza entre decenas de miles de persoas aforradoras e pequenas investidoras sen formación nin experiencia financeira. Foron as deputadas e os deputados galegos, quen legalizaron esta estafa para a captación de fondos de milleiros de familias que tiñan depositados os seus pequenos aforros nas entidades bancarias, e entre eles, de xeito sobranceiro, os escollidos pola circunscrición provincial de Ourense: don Celso Delgado, don Guillermo Collarte e dona Ana Belén Vázquez. Serán, pois, máis de 600 millóns de euros de aforros galegos que emigrarán fóra do noso país en canto se consume este roubo individual ás persoas directamente afectadas e a Galiza no seu conxunto. Esta é unha realidade que, por desgraza, coñecen moi ben centos de familias de Ourense que levan ano e medio de loita e outras moitas que aínda veñen de saber que están afectadas por esta fraude cando se lles comunicou nas últimas dúas semanas a aprobación da quitación autorizada polo goberno do Partido Popular. Por todo isto, o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1º.- Rexeitar as políticas do goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que vén como o Partido Popular legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia. 2º.- Declarar persoas non gratas na nosa provincia aos 3 deputados e deputadas do PP de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que legalizan as quitas ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lles causan a milleiros de pequenos/as aforradores/as e investidores/as desta provincia.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, dálle a benvida aos afectados polas preferentes que se atopan no salón de plenos, que por desgraza teñen que estar unha vez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

máis neste salón porque ven unha vez máis que o seu problema segue sen solucionarse. O PSdeG considera que o importante é resolver os problemas das persoas que están padecendo as consecuencias dunha política financeira depredadora. A quitación é unha solución coa que non están de acordo. Xa dixeron no Pleno do 22 de marzo que desde as institucións hai que ofrecer solucións e apoiar aos afectados pola estafa que supuxo a venda de preferentes e subordinadas. Pídelle ao Sr. presidente que lembre que nese Pleno do 22 de marzo se comprometeu a poñer a disposición dos afectados os servizos xurídicos da Deputación, pero as semanas pasaron e tivo que ser unha vez máis a presión dos afectados a que fixo efectivo o cumprimento do acordado unánimemente por todos os grupos da Corporación Provincial. Teñen entendido que houbo unha pequena regueifa para chegar a un acordo ao que xa se comprometera. Lémbrelle á Presidencia que os técnicos están para axudar e non para enfrontarse aos afectados polas preferentes. En canto á moción do Bloque Nacionalista Galego, di que o seu grupo considera que este tipo de reprobacións que propón o BNG non son a solución para o drama que están vivindo os preferentistas. No PSdeG consideran que as reprobacións son cuestións que debe resolver a cidadanía cos seus votos cando corresponde ou coas manifestacións que considere. Os representantes dos cidadáns, máxime en momentos de grave crise económica e de valores como a que estamos vivindo, teñen que asumir a responsabilidade de ofrecer solucións e tratar de achegar posturas. As reprobacións só redundan na imaxe de confrontación que percibe a cidadanía por parte da clase política. Os cidadáns non nos queren ver enfrascados en longos debates con moita dialéctica e pouca efectividade real. A veciñanza non quere que esteamos sentados nunha cadeira de brazos teorizando sobre os seus problemas, quere que nos involucremos, que os escoitemos e que tratemos de ofrecer alternativas, solucións, resultados e compromisos. E esa responsabilidade a ten o grupo de goberno, pero tamén eles dende a oposición. Xulgar o posicionamento de concelleiros, deputados ou senadores respecto dun determinado tema con declaracións de persoas non gratas non é a solución. Hai que pór en valor a política e o servizo público que esta representa na defensa dos intereses xerais do conxunto da cidadanía. Reiteran o seu posicionamento contrario á solución que o Partido Popular lles ofrece aos afectados polas preferentes e subordinadas; cren que a quitación é unha estafa; pensan que con este tipo de políticas se lles está atacando unha vez máis aos afectados. Non acaban de comprender ao Partido Popular que aquí na Deputación defende a postura dos afectados e en Madrid votan a contraria, pero pensan que declarar persoas non gratas a tres deputados no Congreso non soluciona o problema, polo que anuncian a súa abstención neste punto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que por unha vez coincide en case todo coa Sra. Morenza. Di que o grupo de goberno non vai entrar outra vez máis nun debate provocado non sabe ben por qué razóns. A postura dos grupos desta Deputación está o suficientemente clara. Lembra que hai un mes, no Pleno de marzo, se acordou por unanimidade o seguinte (algo co que están e que manteñen): “O Pleno da Deputación rexeita o procedemento artellado polo goberno do Estado que supón unha quita de máis do 50% aos aforradores e aforradoras. O Pleno da Deputación insta ao goberno da Xunta de Galicia e goberno do Estado para que garantan das entidades bancarias a devolución íntegra dos ingresos dos aforradores/as. A Deputación buscará mecanismos de apoio e asesoramento para a busca dunha solución viable para recuperar o diñeiro investido. Un destes mecanismos é a posta a disposición dos servizos xurídicos do ente provincial para os afectados pola compra de preferentes e subordinadas”. Esta é a postura do grupo de goberno e nese sentido algunhas das xestións feitas desde a Presidencia foron as seguintes: hai uns días reuniuse cos representantes dos afectados, manifestando o seu apoio e tratando de avanzar nas axudas que esta Deputación, de conformidade dos medios dos que dispón, pode ofertarlles; creouse unha conta de correo electrónico para os efectos informativos; púxose a disposición dos afectados o Gabinete Xurídico desta Deputación un día á semana; remitíuselles información a todos os concellos da provincia para que os seus alcaldes, se así o estiman conveniente, lles dean traslado de todo isto aos seus veciños. Entenden as reivindicacións dos afectados, e nese sentido con todo o seu apoio total e decidido, e, na medida do posible, coas axudas que se lles poidan ofrecer desde esta institución. Para nada van entrar en máis “chascarrillos” porque nada teñen que ver coa seriedade que se lles esixe. Non vai repetir o que xa dixo hai un mes sobre quen gobernaba cando se produciu isto. De todos os xeitos, nunha entrevista de hai uns días o propio Sr. Rubalcaba dixo o seguinte “*nos sentimos doblemente responsables de la estafa de las preferentes, ya que se subscribieron en nuestro tiempo de gobierno*”. En todo caso, con asumir culpas non se lles resolve o problema aos afectados, senón que se resolve con apoio e con medidas positivas. Neso están e non en “chascarrillos”.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que non sabe a que se refire o Sr. Álvarez Dobaño coa palabra “chascarrillo”. Neste tema os “chascarrillos” son ben claros. As medidas, adoptadas a través de diversos reais decretos aprobados polo Goberno central e sempre validados co apoio dos deputados/as galegos/as do Partido Popular, supoñen un durísimo golpe a milleiros de familias que asisten á legalización do roubo dos seus aforros

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

perpetrado coa conivencia do goberno do Partido Popular, no canto de contribuír a facilitarlles a devolución íntegra do diñeiro depositado como lle correspondería xestionar e defender a quen representa a cidadanía. Aquí sempre se ataca ao BNG dicindo que pensan unha cousa nun sitio e outra noutro, e isto demostra que o Grupo Popular aquí di unha cousa e os deputados de Madrid fan outra cousa totalmente contraria e iso non é “*chascarrillo*” é a realidade. O que ten que facer o Grupo Popular desta Deputación é pedirilles contas aos deputados da circunscrición de Ourense, porque están actuando en contra do que se di aquí. En todo caso, hai que ter coidado co que se di, porque hai uns días se puido comprobar como o presidente tiña que saír a dar a cara porque non se aplicara un acordo tomado por unanimidade no Pleno, e saíu porque os cidadáns tiveron que tanguelo, senón o tempo ía pasando e calábase o conto. Hai un prexuízo na nosa provincia co PP, que pasou de cómplice da banca especuladora a culpábel do espolio do aforro dos galegos e das galegas, pois vén de legalizar o roubo de persoas que foron vítimas dunha estratexia agresiva dos directivos das entidades para capitalizarse, que colocaron produtos financeiros tóxicos con fraude, ocultación de información e abuso de confianza. Os deputados de Madrid neste momento están votando isto, e é a eles aos que o Sr. presidente, como presidente do PP de Ourense, lles ten que pedir contas e responsabilidades. De todos os xeitos, o que aconteceu é revelador de varias cousas, entre elas, que o Sr. presidente non é crible e que os deputados desta provincia lle fan pouco ou ningún caso. Neste asunto está en contradición a suposta actuación do Sr. presidente desta Deputación e a que teñen os deputados de Madrid. Di suposta porque ata que viñeron aquí novamente os afectados aínda non se lles fixera ningún caso e non sabían nin onde dirixirse. Esta pode ser unha forma de evitar problemas e enfrontamentos coa cidadanía, porque a primeira moción que presentou o BNG sobre as preferentes, que viña case na mesma liña, o grupo de goberno votou en contra dela, e aínda lembra determinados elementos que tirou a xente (unha restra de chourizos) debido ao seu cabreo. Grazas á dignidade das persoas e a súa presión isto está tomando camiño, senón ocultaríase, que foi o que pasou con esta asesoría xurídica. Insiste en pedirlle ao Sr. presidente congruencia coas decisións que se toman e que lles pida responsabilidades aos deputados da circunscrición de Ourense en Madrid, que foron os que decidiron votar a favor dese roubo masivo aos afectados. O BNG seguirá apoiando incondicionalmente aos que están todos os días partindo o peito na rúa, que están sendo roubados descaradamente polos especuladores e pola banca. Esta é a única solución que poden atopar.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, sen ánimo de colgar medallas, dille ao portavoz do Grupo Popular que só lle faltou dicir que foi o Partido Socialista o que fixo a proposta para que se puxeran os servizos de asesoría xurídica ao dispor dos afectados polas preferentes. Chegados a este punto queren facer unha reflexión: as entidades que sufriron un problema maior en relación co tema das preferentes foron as que se fusionaron (o PSdeG no seu día votou en contra). Por culpa desta fusión estanse pechando oficinas e os afectados non poden ir chamarlles a atención aos que lles venderon o produto. Orixinariamente non queren buscar culpables, pero pídenlle e esíxenlle ao Partido Popular de Ourense que defina cal é a súa postura sobre este tema, porque non se pode votar unha cousa aquí e outra en Madrid. Lémbbralles aos deputados do grupo de goberno que foron eles os que propiciaron a fusión das dúas caixas, a fusión de dous enfermos, un cunha enfermidade grave e outro cunha simple gripe, e estes son os resultados.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Morenza que falando de fusionés non fale moi alto, porque igual hai que lembrar cal era a que defendía o Partido Socialista. Cada un toma as decisións cando as toma e se se equivoca o asume. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que o BNG apoiou durante máis de cinco anos consecutivos a política económica do Sr. Zapatero e preguntalle onde estaban cando naceu todo isto. En canto a declarar persoa non grata, lembra que grazas aos votos de dous deputados do BNG saíu reprobada aquela insigne ministra, dona Magdalena Álvarez, que nos tachaba de “*gallegos de mierda*”. En canto a palabra “*chascarrillo*” di que a dixo en referencia a mesturar allos con bugallos. Pedir a reprobación de tres deputados lexitimamente elixidos polos cidadáns de Ourense é un tema serio; se se equivocan haberá que recriminarllo, pero cada un aos seus. Na moción presentada mestúranse os allos cos bugallos e o único que buscan é a ver se o PP toma algunha decisión para que poidan montar un cirio, e non vai ser así. O Grupo Popular está onde está, xa dixo cal era a súa postura. En canto á tardanza sobre o que se acordou no Pleno anterior, di que se intentou tomar algún tipo de medida que non foi posible realizar, dado que o colectivo dos profesionais do Dereito non o entendeu así. Non se pode intentar manipular á xente que descoñece o procedemento da administración, e non se debe mesturar un problema gravísimo das nosas familias e dos nosos veciños con algo que non ten nada que ver con iso. En todo caso, sobre o solicitado no punto segundo e sobre o reflectido no punto quinto da exposición de motivos, que salienta que semella ruín que o BNG empregue un asunto tan serio e de sensibilidade social como base para tentar facer oposición deste xeito tan lamentable,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

obviando por completo que nun sistema democrático a lexitimidade vén da man da cidadanía, das urnas e dos votos. Amósase incomprendible que o tempo transcorrido desde novembro do ano 2011 e ata a actualidade, non fora dabondo para assimilar que o pobo lle deu un apoio cinco veces superior ao PP que ao BNG. Os resultados electorais foron os que foron e tempo para dixerilos tiveron suficiente. Que o PP quintuplicara os votos obtidos polo BNG foi froito da vontade popular, e a estas alturas xa deberían telo interiorizado. Son as urnas as que reparten papeis e as que ditan quen exercerá o papel de goberno e quen o da oposición. Todos saben que cada organización política ten a súa estratexia, os seus principios e os seus valores e pode afirmar que o PP non empregará nunca a persoas enganadas, ou que pretenden enganar, para valerse delas e aproveitarse da súa desesperación para facer oposición. O PP non cae tan baixo e se iso fose así el deixaría de estar aquí. Para finalizar e resumindo, pide que se fagan propostas a favor da provincia e non en contra das persoas.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que chamarlle a el manipulador cando é un afectado é vergoñento. Dille ao Sr. Baltar que ademais de presidente da Deputación é o presidente provincial do Partido Popular, e polo tanto, ten unha responsabilidade directa sobre o que fan os deputados e deputadas do seu partido, ou deixan de facer, porque foron electos por esta circunscrición. De todos modos, o que acaba de acontecer é revelador de varias cousas: que o Sr. presidente non é crible, e que polo que se ve os deputados desta provincia fanlle pouco ou ningún caso. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que nin madalenas nin biscoitos, con rodas de muíño é co que lles quere facer comulgar, exercendo de policías bos para evitar conflitos e ter que darlles explicacións á xente roubada, porque se están directamente relacionando coa xente, moito máis directamente que se relacionan os seus compañeiros de Madrid, que prefiren poñerse ao lado dos especuladores e dos ladróns, antes que do lado dos cidadáns estafados, enganados e roubados polas entidades financeiras. O Grupo Popular non vai ás convocatorias ás que lles chaman para protestar, así que agora non pode vir falando nin sendo fariseos. O grupo de goberno séntese cómodo formando parte desa cova de ladróns, e o que o realmente lles produce incomodidade é tomar medidas a favor da xente roubada, e o que fan é porque os tanguen a cidadanía e se non fose pola cidadanía isto xa tería rematado, como se puido comprobar hai uns días. O corpo neste momento pídelles decláralos a todos persoas non gratas, non só aos deputados de Madrid, porque coa súa actitude farisaica se algún xesto fan polos cidadáns é para evitar problemas, tratándoos de parvos dicíndolles que si para que calen.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

Intervén o **Sr. presidente** para aclarar que se reuniu cos representantes dos preferentistas, porque así llo pediron, despois do acordo unánime do pleno anterior no que se pretendía a devolución íntegra de todos os aforros investidos e rexeitar as políticas que se puxeron en marcha en relación con este tema, así como, a proposta do Grupo Socialista, poñer a disposición dos afectados por este grave problema os servizos xurídicos. Nesa reunión informou de cómo ían as xestións ata ese momento. Nun primeiro momento, o decano do Colexio de Avogados dixo que se podería asinar un convenio con eles para que se ocupasen deste asunto. Nunha reunión da Xunta de Goberno do Colexio de Avogados considerouse que isto non se podía facer, argumentando que era unha competencia desleal, e entón os servizos xurídicos da Deputación se puxeron con isto. O día que se reuniu cos preferentistas eran doce os afectados que solicitaran o servizo, a día de hoxe son vinte e dúas as persoas. Esta semana, en relación co compromiso ao que chegou porque así llo demandaron os representantes dos preferentistas, se lles remitiu a todos os concellos para a súa máxima difusión, tanto por correo electrónico como por correo ordinario, o acordo do Pleno así como a disposición dos servizos xurídicos, incluíndo teléfono e enderezo electrónico e os días e as horas dispoñibles. Isto foi o que se fixo desde que se tomou o mencionado acordo plenario.

Non se producen máis intervencións, e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e co voto favorable dos deputados do BNG (2), o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), a moción queda rexeitada.

17º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O DESMANTELAMENTO DOS SERVIZOS NO RURAL.-

O Sr. presidente cédella a palabra á Sra. Lama Fernández, para que defenda o contido da moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que o portavoz popular fai referencia a que a oposición non fai propostas e hoxe quere presentar unha moción que seguro lles toca bastante a pel a todos os que están sentados fronte ela. O PSdeG-PSOE ven denunciando o que está a suceder dun tempo a esta parte cos servizos públicos básicos, e que se mostra xa como a crónica dunha morte anunciada. O desmantelamento que se está a levar a cabo é froito dunha estratexia ideolóxica do Partido Popular xustificada polas medidas de austeridade e estabilidade, que non fan máis que asfixiar os concellos privando á veciñanza dos servizos mais elementais como a sanidade a educación ou o transporte. Este tipo de políticas están abocando a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

moitas familias a abandonar o mundo rural ante a redución dos servizos referidos, facendo que o seu modo de vida sexa unha odisea, e truncando proxectos vitais de moitos anos e moito esforzo. Os socialistas sabemos que detrás de cada recorte no rural está o desmantelamento e a persecución para que moitas familias abandonen as aldeas e se concentren nas vilas e mesmo na capitalidade da provincia, onde é máis fácil e máis barato o acceso a sanidade e a educación, como principais piares dos servizos públicos. Noticias como a desaparición de centros escolares en boa parte da provincia como Calvos de Randín, Baltar, Blancos, Punxín... etcétera, crean alarma social e fan que moitas familias abandonen unha forma de vida moi lexítima, e que cumpre tamén a función de coidar do medio natural, referímonos ó sector primario como sustento principal de moitos deles. A supresión do número de médicos nos centros de saúde rurais é tamén moi preocupante, cun só médico de familia e un enfermeiro nestes centros das pequenas vilas, sen atender a dispersión dos núcleos, fan imposible prestar un servizo óptimo. Por desgraza, estes médicos cada día teñen máis traballo, porque a poboación rural envellece día a día. Tamén cabe sinalar que a gravidade da situación financeira na que se atopan as entidades bancarias, abocan ao peche da maioría das oficinas que a día de hoxe teñen presenza nas pequenas vilas, obrigando aos clientes a desprazarse para calquera tipo de operación, mesmo para cobrar as pensións cada mes. Existen concellos como o de Rairiz de Veiga que hoxe se mostra como o paradigma onde conflúen todos os aspectos negativos que acabamos de relatar, onde existe residencia de anciáns, centro de día, escola infantil e centro de saúde con dous médicos de familia, e mesmo oficinas bancarias: todos estes servizos están en risco de desaparecer por vontade dun alcalde, que no día de onte convocou un Pleno para as 7.30 da mañá a petición da oposición, lexítimamente, e que nun alarde de prepotencia non só se negaba a debater, senón que mesmo se levantou da cadeira de brazos e pretendía pechar un acto lexítimo e democrático de debate, onde a oposición lle reclamaba que defendese os intereses dos seus veciños, e lonxe disto está disposto a por en risco a toda a poboación do concello. Resumindo, unha serie de recortes nos servizos básicos, que serán coma sempre, soportados polos mais febles, polos mais vellos, polos de menores ingresos e con maior dificultade de desprazamento. Despois de asistir na década dos 80 ao peche de escolas nos pobos, vimos como nos 90 se pechaban tendas e bares, que exercían de auténticos centros cívicos e sociais, e agora assistimos ao desmantelamento nas capitais, facendo da vida no rural unha odisea difícil de soportar, sen outro motivo que o puramente ideolóxico, en pos do máis rendible en termos económicos. Pesan máis os números que as persoas, esa parece ser a máxima onde goberna o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

PP. Por todo o anteriormente exposto o Grupo Socialista propón a adopción do seguinte acordo: 1º.- Instar aos concellos ourensáns a non saír do Consorcio Galego de Benestar alí onde se presten servizos de residencias de Anciás, centros de día ou escolas infantís. 2º.- Esixirlle á Xunta de Galicia o mantemento do segundo médico de familia, nos concellos onde se superen o número de cartillas mínimas para un só médico e que se teña en conta o indicador de dispersión poboacional. 3º.- Facer as xestións oportunas diante da dirección de Novagaliciabanco para manter abertas o maior número de oficinas nos pobos do rural ourensán, polo menos algúns días por semana. 4º.- Cooperar cos concellos que teñen en risco de peche os centros escolares fomentando conxuntamente a fixación de familias con menores no rural da provincia de Ourense.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, adianta que van apoiar a moción do Grupo Socialista. As políticas que se están a acometer no medio rural galego non axudan en moito a paliar o abandono. Neste salón están moitos veciños e veciñas do rural así como alcaldes e parece difícil facer unha pregunta que vén a raíz de todo isto, qué a seguinte ¿considera o Partido Popular que o noso rural ten futuro? Posiblemente, a nivel individual, moitos dos que gobernan eses concellos pensen que si, pero coas políticas que se están a acometer el pensa que non. Pode que o rural sexa custoso para as arcas públicas, pero é necesario porque sen rural este país no que vivimos non existe. Isto é o que hai que ter en conta e hai que deixar de pensar no criterio economicista. Hai homes e mulleres que están intentando sobrevivir no pouco rural que nos queda, polo que hai que intentar cambiar esas políticas. Para isto non fai falta artellar nada novo, hai que mirar para fóra, para outros países europeos (Alemaña, Holanda, Francia) que ningún deles descoida o sector primario, porque queren avanzar. Aquí estamos terciarizando sectores ata que o esmaguemos de todo. Para manter o sector primario hai que manter os servizos básicos, para que a xente siga establecida nos nosos pobos. O portavoz do Grupo Popular dilles que o BNG se avergoña de pasar polo bipartito, e dille (a título persoal) que se sente orgulloso de ter estado no bipartito polas políticas innovadoras que exerceron sobre o rural galego.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Lama que non vai entrar a valorar opinións que nalgúns casos rozan o apocalipse, non sabe se será porque vive nunha vila importante e ben coidada e cun gran alcalde, e ao mellor ve as cousas distintas aos que son de aldeas pequenas. Non están de acordo co que se propón nos puntos primeiro e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

segundo da moción e pregúntase quen son eles para por en cuestión se os concellos deben saír ou non do Consorcio Galego de Servizos Sociais. Pídelle respecto para a autonomía municipal e dille que se algún día chega a ser alcaldesa seguro que verá con máis claridade todo isto. Os veciños e veciñas dos nosos pobos elixen aos seus representantes para que os gobernen e dille á Sra. Lama que non infravalore o voto dos seus veciños nin o voto dos veciños dos concellos máis pequenos, que son os que poñen ou quitan aos políticos cando o estiman conveniente, e hoxe quen goberna é o PP e non van dar consellos como os que se dixeron, porque os que son municipalistas de corazón así o senten e así o pensan. Por outro lado, o Grupo Socialista insiste unha e outra vez en que se deben manter dous médicos nos concellos pequenos onde se supere o número de cartillas mínimas para uso médico e pregúntalle á Sra. Lama en que número pon ese límite e cal é o límite de sobrepasalo. A verdade é que ás veces, a demagogia que mostra o Grupo Socialista nas súas propostas sorprende, nun partido con vocación de goberno, pero parece que andan un pouco desnortados. Non teñen nada en contra dos puntos terceiro e cuarto, e votarían a favor deles se se votasen por separado. En canto ao punto terceiro, referido a Novagaliciabanco, di que no pasado pleno se aprobou unha moción do Grupo Popular e lémbrale o que se acordou. O Sr. presidente fixo xestións e segue a facelas e nalgún caso pagou a pena, pero non podemos esquecer que é unha empresa. Con respecto ao alcalde de Rairiz de Veiga, di que parece que lle teñen un pouco de manía, e das noticias das que dispón conclúese que os servizos que se puxeron en cuestión se van seguir mantendo. Non sabe onde está o problema como non sexa a convocatoria do pleno para as 7.30 da mañá. En canto ás décadas dos 80 e dos 90 lembra quen gobernou nunha boa parte desas dúas décadas. Anuncia que votarán en contra da moción se se presenta no seu conxunto, e se se vota por separado votarían a favor dos puntos terceiro e cuarto, o terceiro porque xa se está facendo e o cuarto porque é evidente que tamén se está facendo.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, non acepta a votación por separado dos puntos da moción. Di que é unha municipalista convencida e que respecta a autonomía municipal, pero cando fala de instar aos concellos para que non saian do Consorcio Galego de Benestar é porque supoñen, así o din os números, que se un concello non pode pagar o 33%, que é o que lle esixe o consorcio para manter o servizo, dificilmente poderá asumir o 100% como dixo o alcalde de Rairiz que ía asumir, porque petróleo en Rairiz non hai. En Rairiz hai unha residencia de 25 persoas maiores, e algún máis no centro de día, que están atendidos por vinte e unha persoas. Pregúntalle ao Sr. Álvarez Dobaño se sabe que tras todo iso, e tamén do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

punto de educación infantil que pretende crear, está, probablemente, a privatización do servizo, dándolle un servizo público a unha empresa privada porque lle é moito máis rendible. Isto é unha cuestión ideolóxica, quitar servizos básicos no rural significa, por un lado privatizar servizos que antes eran públicos, e, por outro, volver meter ás mulleres nas casas para que volvan ser as coidadoras da xente maior e dos nenos. Con respecto a se sabe onde estaría o límite de cartillas, manifesta que ela non é unha técnica nin unha especialista da Consellería de Sanidade para establecer este número, agora ben, pode asegurar que cun só médico nun núcleo de 1.700 habitantes, malamente se pode atender a toda a poboación (ten médicos na familia). Polo que respecta á xestión dos concellos está segura que moitos estarán ben xestionados, como o que dirixe alguén que foi portavoz do BNG nesta Deputación, que está moito mellor xestionado que o de Rairiz. Tras todo isto está o *austericidio* que lles mandan desde Madrid e desde Santiago para atacar o mundo rural, porque así se baleiran os pobos e as xentes van vivir ás grandes vilas ou á capitalidade da provincia. Estamos asistindo ao desmantelamento dos servizos públicos, e os que están nos concellos pequenos débennos saber mellor que ela, que con tanto esforzo se construíron. Elimínanse urxencias nos centros de saúde, péchanse aulas e centros de ensino de primaria e fan recaer nos alcaldes a responsabilidade de que se xunten para ver onde se levan aos nenos. Hai nenos que tardan máis dunha hora en chegar a un centro escolar de Xinzo, porque están a vinte e dous ou vinte e tres quilómetros de distancia. O PP pretende agora facerlles pagar ás familias dos transportados os comedores escolares, algo que non ocorreu en democracia, e dentro de pouco tamén lles van facer pagar polo transporte. Isto non é ningunha visión apocalíptica, é a realidade. Isto é o que lles teñen que explicar aos veciños e, ao mellor, na seguinte cita electora igual non lles dan tanta razón, que se lla deron foi porque os enganaron vilmente dicíndolles *“esto lo soluciono yo cuando gobierne”*, pero a patada veu no día de onte, con 6.202.700 parados, co 50% da taxa de paro xuvenil, e resulta que a Sra. ministra de Traballo di que isto se chama mobilidade exterior, e isto chámase emigración, como se chamou sempre. Xa está ben de demagogia, de querer ocultar a cabeza baixo da ala, de dicirlles aos cidadáns que aquí no pasa nada e que todo está moi ben, que o tempo é o que é e que estamos vivindo unha situación moi difícil. Para todo isto hai solucións e estas solucións están nas mans dos políticos do Partido Popular que é quen goberna aquí, na maioría dos concellos da provincia e en Madrid e Santiago. Pídelles que se poñan mans á obra, porque o que lle importa á xente é que lle resolvan os seus problemas, que neste momento son moitos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, faille graza que se fale de respecto á autonomía municipal. El entende como autonomía municipal a capacidade dos que gobernan os concellos, que foron elixidos para iso, para tomar decisións, pero tanto na Xunta como en Madrid se están aprobando medidas que o único que fan é que os alcaldes só sirva para asinar (aínda que hai cuños que xa imitan a sinatura). Pídelle ao grupo de goberno que deixe de tirar pedras contra o seu propio tellado, porque coas medidas políticas que se están tomando se está a esnaquizar o rural. Con todo o respecto para o alcalde de Rairiz e para os seus electores, lembra que aquí se criticaba cando recibía máis servizos do consorcio que o resto, e agora deféndeno. En canto ás décadas dos 80 e dos 90 di que non podemos mirar cara atrás, hai que falar das políticas que se están acometendo neste momento, que derivan dun axuste económico que nos está implantando a Unión Europea. Quedan dúas opcións, agochar a cabeza e dicir a todo que si, ou defender aos nosos veciños e veciñas que nos elixiron para gobernar ou para estar na oposición nos respectivos concellos. Se este é o concello dos concellos e a maior parte dos concellos son rurais, esta terá que ser a Deputación do medio rural.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, na primeira intervención dixo que a Sra. Lama tiña unha visión aproximada o apocalipse, agora di que si a ten. En canto ao respecto á autonomía municipal, dicíao referido ao que se pide na moción de instar aos concellos e dilles que lles pregunten aos concellos que se van do consorcio por qué se van. En canto ás tarxetas sanitarias di que (de datos que lle dan porque el tampouco é técnico especialista) o número estipulado de tarxetas sanitarias está en 1.200 en concellos de elevada dispersión de poboación e 1.500 nos que teñen a poboación máis concentrada. En canto ao criterio economicista di que é o hai que aplicar, aínda que non guste. Pon exemplos de cando gobernaba o bipartito, como o de que un médico de Cartelle o levaron para Celanova, un médico de Vilardevós levárono para Verín e un de Trasmiras para Xinzo, e incluso Trasmiras ten hoxe 1.400 tarxetas. Pide que lles pregunten aos responsables da consellería naquel momento por qué o fixeron. En canto a Rairiz, pide respecto porque o alcalde está aí por vontade popular. Pregúntalle ao Sr. Iglesias Pérez se tamén se sentiu copartícipe dos gobernos dos anos 80 e 90. Só se referiu a eses anos porque na moción se fala deles e por iso el dixo que algo tería que ver o goberno socialista.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que os socialistas asumen os erros e non para mirar cara atrás, senón para mirar cara adiante. Dálle igual quen o fixera, só quere dicir que estaba mal feito, pero dos erros tamén se aprende. En canto ás tarxetas sanitarias, di que agora goberna o PP e se antes estaba mal feito agora o poden facer ben. As cousas pódense reparar e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

antes de que se sigan facendo mal é mellor pórles remedio, por iso presentan a moción. É lóxico que non lles guste a moción, porque nela dáselles un pequeno tirón de orellas.

Non se producen máis intervencións, e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, que obtén o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que queda rexeitada.

18º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE XANEIRO DE 2013 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE SETEMBRO, 2º DE NOVEMBRO E 1º DE DECEMBRO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de xaneiro de 2013 e dos seguintes adicionais: 2º de setembro, 2º de novembro e 1º de decembro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

19º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE XANEIRO DE 2013 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 1º DE OUTUBRO, 2º DE NOVEMBRO E 1º DE DECEMBRO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de xaneiro de 2013 e dos seguintes adicionais: 1º de outubro, 2º de novembro e 1º de decembro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

20º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que hai unha moción de urxencia, presentada polo Grupo Socialista, e pide o pronunciamento sobre a urxencia neste debate.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o mecanismo da presentación da moción foi o da urxencia, pero xa tiñan anunciado que a ían presentar.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, considera que a moción pode ser urxente e eles teñen unha postura respecto ao seu voto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que as formas recollen que primeiro hai que recoñecer a urxencia da moción e votala, e logo, se se acepta a urxencia, pásase ao seu debate. Non só consideran a moción urxente, senón urxentísima, por se hai que sacar da Presidencia ao Sr. Baltar Blanco.

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade de todos os presentes declárase urxente a seguinte moción:

20ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A PETICIÓN DE DIMISIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que defenda o seu contido.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que non é que sexa urxentísima, e sabe que o van *bronquear* como fai o Sr. vicepresidente desta Deputación noutros sitios con bastante pouca educación. Antes de comezar coa exposición da moción, quere dicir que no nome do Grupo Socialista se vai dirixir ao Sr. presidente, que é con quen queren debater esta moción. Isto non é por faltarlle ao respecto ao portavoz do Grupo Popular, senón todo o contrario, xa que ten un respecto absoluto polo Sr. Álvarez Dobaño como rival político, pero neste caso cren (como noutras veces aínda que haxa quen se alporiza) que quen debe responder e dar a cara é o Sr. presidente e non o portavoz do grupo. Esta moción está fundamentada nas propias reflexións da Presidencia nun programa de televisión. Todos temos mellores e peores días e pensan que ese non foi o mellor día do presidente. Cando se referiron nun pleno á dimisión do Sr. Freire Couto (que xa está valorando se o fai ou non como dixo na prensa) o presidente dicía que as dimisións eran de carácter persoal. O presidente pretende ser o rei do eufemismo sen conseguilo. En canto á dimisión do Sr. Freire Couto si que é certo que as dimisións son de carácter persoal, pero se o presidente o cesase sería crible para conseguir seguir sendo o presidente da Deputación. O presidente presume de ourensanía e o mellor favor que lle podía facer a esta provincia era dimitir, porque é un escravo do seu pasado e do pasado desta casa por razóns obvias. O dito pasado cada día se fai máis prexudicial para a imaxe da nosa provincia, que está sendo lamentable e avergonza moito aos ourensáns. Aos deputados do Grupo Popular dálles as risa, pero non lles dá a risa aos ourensáns que cobran 1.000 euros ou non cobran nada. Del non se vai rir ninguén na vida, porque ten honradez política. Se segue o Sr. Baltar Blanco na Presidencia o futuro que nos imos atopar vai ser aínda máis escandaloso. O Sr. Baltar Blanco foi o máis beneficiado dalgunhas cousas que se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

fixeron nesta casa. Esta Deputación, a través do ex - presidente, está acusada neste momento por unha prevaricación continuada por 104 contratos. Os responsables son moitos, pero o máximo responsable é o Sr. presidente, porque non pode obviar o pasado por razóns evidentes. Isto non o di el como portavoz socialista, senón que o di un xuíz nun auto no que se di que *curiosamente saíu elixido o seu fillo*. O problema xudicial que ten esta institución non remata aquí, e non se lles pode acusar a eles de xudicializar a política, e nesta casa o que se aproveitou desas prácticas perversas foi o Grupo Popular. O Sr. presidente non só é o máximo responsable senón que é o máximo beneficiario, aínda que despois se queira desmarcar dos seus benfeitores. Non pode ser crible unha persoa que non pon a man no lume polo seu máximo benfeitor, que fixo que hoxe fose presidente da Deputación. Pregúntalle ao Sr. presidente se se dá o caso de que esta casa, a través do seu ex - presidente, acabe condenada por prevaricación (o auto é moi contundente nese aspecto) se pode seguir nese cargo herdado por esa cuestión. O Grupo Socialista cre que non, que non pode seguir de presidente. Pregúntalle tamén se pensa que pode seguir no cargo cando algún dos seus deputados non o apoian. Moitos deses deputados empezaron co anterior presidente e o actual presidente está aquí grazas a eles, pero eles fixérono por agradecemento ao ex - presidente (pai do actual). Reitera que o presidente é un escravo do pasado e ten que facer cousas (segundo el mesmo) coas que non está de acordo, como co INORDE ou Urbaourense. Nun caso di que é ridículo o orzamento para investimentos no INORDE (como xa dixeron eles) e logo o presidente do organismo di que o presidente non sabe como funciona o dito organismo (unha razón máis para que non siga sendo presidente), porque xa leva 445 días de presidente e isto debería sabelo. No caso de Urbaourense o Sr. presidente dixo que ademais de ser un abuso era intolerable que o xerente cobrase o que cobraba. Certo é que se desfixo Urbaourense, pero non do seu xerente, porque o contratou como o seu asesor co mesmo custo para esta casa, ou superior ao de antes. Como pode representar a esta institución unha persoa que non é capaz de tomar decisións en clave do que el mesmo di que pensa, como declarou nun programa de televisión. Con isto só se demostra que está atado de pes e mans para tomar decisións. Non é tolerable que unha persoa que está representando unha institución e que ten o poder de gobernala, teña unha actitude na que non poida tomar decisións que supoñan o mellor para todos.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que para o BNG, o menos relevante que se ten producido na provincia e na Deputación de Ourense, politicamente falando, é o Congreso provincial do PP, que elevou ao actual presidente da Deputación á presidencia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

provincial do seu partido. Outra cousa ben distinta, e aquí é onde cobra especial relevancia este tema, é a forma e maneira en que o presidente chegou ao cargo, cuestión que a criterio do xuíz está vinculada ás múltiples irregularidades nas contratacións de distinto persoal na institución provincial, coa utilización de cartos públicos, nas datas previas á celebración do conclave. O problema é que se circunscribimos o problema a pedir a dimisión do presidente da Deputación, deberíamos facer o propio co resto dos deputados/as provinciais do PP e de todos os concelleiros do PP que o puxeron aí, e teren deste xeito, avalado durante moitos anos prácticas políticas deplorables que deron como resultado final unha situación anémica dos concellos, unha debilidade financeira á vista, a utilización perversa de fondos públicos para a subsistencia dun modelo caciquil e anacrónico, perda de poboación, abandono, deterioro produtivo (situación actual da provincia).

Neste momento prodúcese un cambio de impresións entre deputados e o Sr. presidente pídelle ao Sr. Rodríguez Puga que siga co debate.

Continúa o **Sr. Rodríguez Puga** dicindo que non poden compartir o relatorio na súa totalidade.

O **Sr. presidente** cédelle a palabra ao portavoz do Grupo Popular, aínda que non lle guste ao Sr. Gómez Pérez, porque os grupos son os que se teñen que pronunciar e votar.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a ver se pon un pouco de sosego xa que hoxe parece que andan un pouco alterados. Dille ao Sr. Gómez Pérez, desde o mesmo respecto que el lle procesa, que isto é unha ocorrencia máis. Pregúntase que dirán os cidadáns de Ourense, coa que está a caer, cos problemas que teñen as nosas familias para poder sobrevivir (baste ver as dramáticas listas do paro) e que nos vexan aquí debatendo liortas sen sentido e sen contido. A moción reproduce parágrafos dun auto xudicial (nalgún apartado non moi afortunado na redacción). Preténdese pedir a dimisión do presidente e máis parece un debate do estado da Deputación. Os cidadáns de Ourense esperan máis dos deputados e o seu grupo non vai perder o tempo debatendo estas ocorrencias, xa que están aquí para cousas máis serias. O Grupo Socialista presentou esta moción por urxencia do día 24 de abril (data do Rexistro Xeral), pero curiosamente anunciaron a súa presentación doce días antes nunha rolda de prensa (o concepto da urxencia é un pouco peculiar). 444 ou 445 días despois de ser elixido presidente o Grupo Socialista di que foi o último colocado polo Sr. Baltar Pumar, faltándolles ao respecto manifestamente aos deputados e aos compromisarios do Partido Popular, que foron democraticamente elixidos nas xuntas locais. Lembra que o XV Congreso

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

do PP tivo lugar o día 30 de xaneiro de 2010. A este congreso asistiron 1.212 compromisarios (incluído el) elixidos previamente nas distintas xuntas locais. O resultado dese congreso foi: candidato José Manuel Baltar, 763 votos (o 63%), candidato Sr. Jiménez, 433 votos (o 37%), é dicir, 26 puntos por enriba porque así o quixeron os compromisarios en voto secreto. É certo que naqueles meses o Sr. presidente asinou 104 contratos temporais, cun máximo de tres meses de duración cada un. Deses 104 contratos, 41 entraron a traballar nesta Deputación antes do 30 de xaneiro (data do XV Congreso do PP) e tan só seis (o 0,49% dos 1.212) foron compromisarios. Reitera que o voto foi secreto en urna no congreso e secreto aquí cando se elixiu ao actual presidente da Deputación. Pide respecto para o seu voto e para o dos seus compañeiros, a el ninguén lle di nunca o que ten que votar. Pregunta que se pretende con isto, á parte de enredar e de tratar de saír nos medios de comunicación cunha ocorrencia máis ou menos simpática. Ao mellor o que pretenden é tapar as súas vergoñas, porque non se poñen de acordo nin na provincia, nin en Galicia, e moito menos no Estado. O Grupo Socialista xa pediu a dimisión de case todos, incluída a súa, e non sabe cal será a seguinte ou as seguintes. Dille aos deputados do Grupo Socialista que traballen pola provincia e que se deixen de enredos, e tamén lles di o mesmo que lle dixo ao portavoz do BNG: fagan propostas a favor da provincia e non en contra das persoas, déixense de “*caralladiñas*”.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que sabe que hoxe o portavoz popular está a comer un marrón. Hai que ter cara para dicirlles a eles que traballen por esta provincia cando o PP o único que fai é traficar cos postos de traballo desta provincia, algo que xa o dixo un xuíz, de momento. O portavoz popular estase a queimar, cando quen se ten que queimar é o presidente. Quere dirixirse ao Sr. presidente, porque é cómplice do que pasaba antes e pregúntalles aos deputados do Grupo Popular se tamén votaban por el cando o nomearon delegado de Agricultura. Que ninguén pense que son parvos e que non sabían o que pasaba e o Sr. presidente, de momento, pola súa propia iniciativa aínda non conseguiu nada. É respectuoso co voto de todos, alá cada quen, pero os deputados votaron o que dixo o anterior presidente que votasen. Quere que fale o Sr. presidente, que non dá a cara e se agocha. Pregunta se o congreso ao que se referiu o Sr. Álvarez Dobaño é o que non pagaron, pregunta que fixo o Grupo Socialista e aínda están esperando contestación a esa ocorrencia, porque é máis grave do que se pensa. En canto ás cifras que se deron de que se só eran 6 compromisarios dos 104 contratados, dille que non os fagan parvos, porque todos saben que se non eran compromisarios os mesmos contratados o eran os seus familiares ou achegados. Toda a cidadanía sabe o que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

fixo o PP durante todos estes anos, e eses 104 contratos non son nada comparado con outros moitos que foron votar ao congreso (en secreto e en urna) que xa estaban traballando na Deputación ou nos concellos. O Grupo Socialista non chupa o dedo despois de máis de vinte anos nesta Deputación. Cando se defende algo hai que utilizar outros argumentos, porque os que deron o único que fan e darlles máis a razón. No Partido Socialista pode haber liortas, como en todos os sitios, pero non trafican coas institucións nin cos votos da xente. Cando fala de traficar di que se refire a comprar vontades con traballos públicos. Reitera que o máximo beneficiario de todo foi o presidente e pídelle que lles explique como se pagou ese congreso e en canto ás cifras pídelle que lle dean o tanto por cento dos compromisarios que eran traballadores desta casa ou dos seus familiares. Se fai estes números o Sr. presidente se dará conta de que non chegou aquí polos seus propios méritos, e iso é triste. Recoñece que si dixo que o presidente era o último colocado do anterior presidente, porque iso é así. Colocouno aí o anterior presidente e as outras persoas que dalgún modo se beneficiaron das institucións en favor do Partido Popular. O Grupo Socialista non foi o que falou dos contratos, e senón lembren ao señor que agora está na executiva, Sr. Jiménez Morán, que acusou a esta casa do mesmo que está dicindo el agora, traficar con contratos públicos, aínda que agora se desdiga. O pasado está aí e non se pode borrar, e para este presidente non é o máis axeitado. Non só vai ser problema o pasado, senón que o problema vai ser este presente e o futuro que se ve bastante mal.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que para o BNG o que subxace na cuestión é unha forma de facer política nesta provincia, personificada en José Luís Baltar, e da que o presidente é un fiel seguidor, que os grupos da oposición levan lustros denunciándoa, e polo que se ve ata o de hoxe, con escaso ou nulo resultado. O triste de todo isto é que ten que vir alguén de fóra para abrírnos os ollos. As deputacións provinciais préstanse a este xeito de facer política. Por iso, o problema non se arranxa coa dimisión de José Manuel Baltar, senón coa desaparición destas institucións, exemplificadas nesta Deputación, que ao longo dos anos, se converteron en máquinas clientelares de compra de vontades con diñeiro de todos. O dramático de todo isto é que produto dunha corrupción sistémica terrible, co silencio cómplice de moitos, se lle permita a un señor que se xubile tranquilamente, e se lle impute cando xa deixou a política activa.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, falando de imputacións di que debemos ser prudentes, porque mocións como esta habería que presentala noutros sitios como no Concello, porque hai imputacións, incluso dos que apoiaron durante anos. De cousas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

que se fixeron supostamente no Concello de Ourense terían tanta responsabilidade os dun equipo como os doutro, porque había un cogoberno ou un bigoberno. Para nada cuestionou os 104 contratos dos que se falan, senón que quen os nomeou foi el, e dixo que só foran seis os compromisarios, pero o Sr. Gómez estende a mancha de aceite a todos os familiares, e o seu control debe chegar a tal nivel que ata sabe que familiares teñen os traballadores desta Deputación e o que votaron. En canto ao pago do Congreso, pensa que se refire ao local onde tivo lugar, porque coa ansía de enzoufar todo daba outra sensación, dille ao Sr. Gómez que terá cumprida información. Non sabe por que lles preocupa tanto e que interese tan manifesto teñen por un congreso de hai tres anos, que é algo interno dun partido democrático. Parece que a oposición padece de “*baltaritis*” e vanlle pedir ao presidente que en vez de Manuel Baltar se chame Manuel B. Blanco. Hai un par de meses houbo outro congreso e o Sr. presidente volveu saír elixido, pensa que por algo sería. Anuncia que o Grupo Popular vai votar en contra desta ocorrencia, porque non están aquí para isto.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que se queren presentar iniciativas no Concello de Ourense que o fagan, xa que alí está unha persoa que está cobrando un soldo de aquí, para facer política, aínda que alí a persoa implicada dimitiu, cousa que non pasa aquí e el non vén aquí discutir do Concello de Ourense. Non lles preocupa o que pasa nun congreso do Partido Popular, senón que o que lles preocupa é que se xogue e se comercie con postos de traballo a conta desta institución. Tamén lle preocupa que non se pague o local onde tivo lugar, porque con iso demostran que utilizan esta casa para o seu propio beneficio como partido político e non para o beneficio dos cidadáns, e é evidente que o Sr. presidente é partícipe daquel congreso. Adianta que ao mellor aparecen cousas derivadas daquel congreso aínda máis graves, e despois dirán que son ocorrencias. Seguen pedindo a dimisión do Sr. Baltar, aínda que como persoa contra el non teñen nada, por un problema político tanto do anterior presidente como do actual, porque non son simples irregularidades como pretenden demostrar. O Grupo Socialista, como grupo maioritario da oposición, ten que defender isto, porque senón lle estarían facendo un fraco favor á sociedade. As ocorrencias que teñen fan que o Sr. presidente se poña nervioso e lle entre ao trapo ao humilde portavoz que fala, e tamén fai que os deputados estean nerviosos, pero cada día saen máis ocorrencias que acaban sendo reais. Lembra o que pasou coas publicacións dos bens dos señores deputados, por diferentes notas de prensa e os deputados do PP tiveron que publicar as súas ás presas e correndo un venres pola tarde. Hai que ser responsables e a responsabilidade do Grupo Socialista hoxe é pedir a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

dimisión do Sr. presidente, pero non de cara ao seu grupo, senón polo ben da provincia, da institución e dos cidadáns que xa non pasan nin unha máis. O futuro desta Deputación non pode estar representado por alguén que é escravo do pasado. Esta é a súa postura, pedir a dimisión do presidente da Deputación José Manuel Baltar.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que o Sr. Gómez Pérez mencionou unha nota de prensa, que pasará á historia, na que lle chaman José Manuel Baltar Pumar, creando o concepto “*adaliz*” como concepto da *democrazia* con z, imaxina que é porque senten nostalxia pola persoa de León que gobernou este país. O certo é que lle están facendo un favor con esta iniciativa, imaxina que en positivo como todas as que teñen presentado. Esta iniciativa refírese a un congreso da provincia de hai tres anos. Leva aquí 445 días e hoxe pídennlle a dimisión por urxencia. Estamos a falar dun congreso de hai tres anos cando deberían estar falando doutros congresos que se deben celebrar. Dille ao Sr. Gómez se lembra o congreso deles de hai tres anos, que era próximo, útil e forte, coas iniciais PUF e se lle engadimos as de Ourense todos sabemos que palabra aparecería. Poderíalles dar propostas para ese congreso que deben facer en Galicia se queren que siga liderando o partido a persoa que o lidera hoxe. Non sabe se leron a entrevista do Sr. Pérez Touriño, ao que nunca invocan (igual porque non se lembran del), que foi o último presidente socialista que tivo Galicia e di que o seu partido é un círculo pechado, afastado dos cidadáns, un círculo de profesionais do aparato, dedicado ao seu, e non teñen nin proxecto, nin proposta, nin idea, nin liderado. Isto o dixó hai catro días, e é bo dicilo porque debuxa un pouco o carácter e a filosofía desta iniciativa que presentan hoxe aquí. Non sabe como non piden tamén a dimisión dos deputados do BNG, porque o Sr. Gómez concedeulle unha entrevista a unha axencia de noticias hai uns días, que se distribuíu o 20 de abril, na que dicía que só o PSOE facía oposición na Deputación de Ourense, o BNG non se mete tanto co presidente porque non queren ou porque non lles dá a gana; e tamén di que politicamente está moi formado. Entende que presenten esta iniciativa, igual que o Grupo Socialista vai entender o sentido do voto do Grupo Popular. Lembra que despois daquel congreso os cidadáns faláron en tres eleccións democráticas (locais e estatais de 2011 e autonómicas de 2012) e iso é o que lles debe preocupar e non o resultado daquel congreso. Di todo isto en sentido positivo e quere que o Sr. Gómez siga así, porque é, sen dúbida, o mellor concelleiro dos 224 que ten o PSOE na provincia, e é unha persoa que di todo con rigor, sen tremer nin berrar, que estuda os temas, institucional ao 100%. Deséxalle que teña os mellores éxitos na política, que seguro serán os maiores éxitos para este grupo de goberno. Quere que conste en acta o recoñecemento polo seu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

bo facer, non pide que dimita e quere que o siga facendo así, porque cada vez que intervén é unha gran satisfacción para todos os membros do grupo de goberno, aos que lles está agradecido pola mostra de confianza cando chegou a esta institución, e son realmente os que están apoiando en todas as cousas que están facendo nesta Deputación e que tanto lle doen ao Grupo Socialista, razón segura de que o están a facer razoablemente ben.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ao obter o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do BNG (2), a moción queda rexeitada.

21º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, pregúntalle ao presidente se non lle parece que despois das barbaridades que dixo nun programa de televisión con respecto ao presidente do INORDE e deputado provincial, tamén coñecido como o defraudador Freire Couto, que dixo textualmente que considera ridículo que o INORDE só dedique 3.000 euros a investimento, ademais de recoñecer que é un disparate que o presidente do INORDE cobre un salario de 50.000 euros ao ano, e que considera que non é o modelo de comportamento por ser recoñecido pola facenda pública como o defraudador doloso, o lóxico sería que non estivese nin un minuto máis á fronte do INORDE nin como deputado provincial.

Pregúntalle tamén como pode dicir que non ten potestade para esixirlle o cese como presidente do INORDE, cando o artigo 12 dos seus estatutos din: o presidente será nomeado e cesado polo Pleno da Deputación a proposta do seu presidente.

Expón que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de pronunciar a seguinte sentenza: estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa Espina y Delfín contra o convenio concertado entre a Deputación Provincial e o Concello de Pereiro, de asistencia técnica integral e cooperación financeira para a xestión do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, e anulamos o convenio por ser contrario a dereito. Ao xuízo do BNG esta sentenza supón un pau para a Deputación, por canto ao criterio do tribunal as prestacións concertadas exceden ás que a Deputación podería revestir en materia xurídica, económico financeira e técnica, con infracción dos principios de publicidade, igualdade e libre concorrência, que rexen en materia de contratación das administracións públicas. En consecuencia, esta sentenza abre moitos interrogantes respecto dos distintos convenios asinados con outros concellos e/ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

mancomunidades, pois poderían estar incorrendo nos mesmos vicios administrativos que os postos de manifesto polo tribunal. Por todo o anterior pregunta se a Deputación ten constancia de máis recursos contra os convenios; qué ten pensado facer a Deputación neste caso concreto; cá l é a analogía, a xuízo da Presidencia, co resto dos convenios asinados.

Quere facer un rogo con respecto á retransmisión do Pleno por Internet, xa que teñen constancia, a través de varias persoas, de que nesas retransmisións se producen cortes cando interveñen os deputados do Bloque Nacionalista Galego. Descoñecen se é debido a problemas técnicos, pero en todo caso piden que se reparen coa maior celeridade posible.

Pregunta tamén, porque non o teñen claro, se o alcalde de Baltar forma parte do Grupo Provincial Popular ou non, xa que nas comisións e como deputado actúa dentro do Partido Popular e o Sr. presidente dixo na prensa que estaba afastado do Grupo Popular, pero a realidade é que vota co Partido Popular.

O Sr. presidente dille ao Sr. Rodríguez Puga que tamén el pode votar co Partido Popular aínda que sexa militante e deputado do BNG.

Tamén lle di que toma nota do rogo, porque lle estraña profundamente que a retransmisión do Pleno por Internet se corte xusto cando intervén o BNG.

En canto ao alcalde de Baltar, Sr. Feijóo Alonso, di que si forma parte do Grupo Popular e para iso non ten que ter a condición de afiliado ao Partido Popular. Ten a suspensión de militancia no Partido Popular, que poderá recuperar.

Con respecto á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que preguntou, contesta que está recorrida en casación e dálle a palabra ao Sr. secretario para que explique esta cuestión.

O Sr. secretario, di que efectivamente esa sentenza está recorrida en casación. Este é o único suposto dun convenio de cooperación entre a Deputación e outros concellos que fose obxecto de impugnación. Sinala que todos os convenios que subscribe a Deputación se publican íntegros no Boletín Oficial da Provincia con indicación expresa de recursos, por se alguén quere impugnalos. Foi o único caso (xa hai algúns anos) e desde o seu punto de vista é unha sentenza errónea, porque trata un convenio entre un concello e unha deputación como se fose un contrato administrativo, xa que o exercicio dunha función pública non supón o exercicio dunha actividade económica no marco institucional de mercado, non hai vulneración dos principios de publicidade e igualdade de concorrancia na contratación pública, porque en todo caso se a Deputación lle encomenda algunha das funcións que conveña cos concellos a unha sociedade mixta, esta creouse

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

conforme cun concurso público de procedemento aberto adxudicado por este Pleno no seu momento. En todo caso, esa cuestión está á espera dun recurso de casación, e ao día da data non hai ningún outro recurso coñecido. Tamén é certo que o caso do convenio impugnado é diferente ou un pouco peculiar dentro da oferta de convenios de cooperación que ten esta Deputación, porque é un convenio cun contido moi amplo. Supón que esa amplitude, que procurou unha asistencia ao concello que xestiona o servizo, cun carácter integral, foi o que puido levar ao Tribunal Superior a entender que ese convenio encubre un contrato entre dúas administracións (concello e deputación).

Continúa o **Sr. presidente** invitando ao Sr. Rodríguez Puga (en relación co programa de televisión ao que se fixo referencia) a que pida íntegra a gravación realizada ese día, que durou 96 minutos, e que a compare cos 16 minutos e 20 segundos que foron emitidos.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, en relación cos convenios cos concellos para contratación de choferes de máquinas rozadoras, roga que libere aos concellos de ter que rozar tantos quilómetros na rede viaria provincial, porque de 12.000 euros que se subvencionaban por concello pasamos a 9.000, despois a 7.000, e parece ser que agora van ser 4.500 euros, pero os metros que hai que rozar seguen sendo os mesmos. O ano pasado eran 20 quilómetros.

O **Sr. presidente** contesta que o grupo de goberno xa se adiantou a ese rogo, porque iso xa se aprobou en Xunta de Goberno.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que todos os xeitos lle parecen demasiado, porque hai concellos que non teñen máis de dous quilómetros de estradas da Deputación e se teñen que desprazar 40 quilómetros, como é o seu caso, que ten que rozar en Sobradelo, e iso non lle parece xusto.

Manifesta que hai unha serie de concellos, non sabe cantos, que teñen a páxina web do concello dentro do servidor da Deputación e ao parecer houbo un cambio no servidor e non se lles dixo nada aos concellos, e ao día de hoxe a páxina do concello non aparece.

O **Sr. presidente** pregúntalle que desde cando ten coñecemento disto, ao que responde o **Sr. Bautista Carballo** que desde o martes, día no que chamou aos servizos da Deputación e lle dixeran que era un problema técnico por un cambio no servidor e tamén lle dixeran que lle ían responder e a día de hoxe aínda non lle responderon nada. Entende que isto debería comunicárselles aos concellos.

O **Sr. presidente** dille que toma nota deste rogo para solucionalo canto antes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, dille ao presidente que xa que alardea tanto de transparencia, pregúntalle por que non lles enviaron a ordenanza do pavillón Paco Paz, que xa solicitaron hai 20 días. Pregunta tamén se o PP tiña que pagar ou non polo uso dese local para a celebración do congreso. E en terceiro lugar pregunta por que se lles cobraba a equipos ou clubs se non había ordenanza.

O **Sr. presidente** contesta que neste caso debería alardear de rapidez na resposta. Ten que entender que o Grupo Socialista fixo unha gran cantidade de preguntas. Desde a súa chegada á Presidencia a actividade dese grupo incrementou máis que notablemente, porque pasou de facer 63 preguntas en 2009, 35 en 2010, 60 en 2011, pasaron a 229 en 2012 e no que levamos de 2013 xa fixeron 118. Unha vez que teñan os datos para contestalas serán respondidas inmediatamente.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pregunta, en relación co plan da Xunta da rede viaria e a área de influencia, se a Deputación presentou algunha alegación.

O **Sr. presidente** contesta que se presentou un recurso e que tan pronto como finalice esta sesión lle fará chegar unha copia ao Sr. Iglesias Pérez en relación co Plan sectorial de San Cibrao das Viñas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, xa que o Sr. presidente prepara todo tan ben, pregunta se lle pode dicir por que hai un avogado (que coincide coa defensa do anterior presidente) que ten os honorarios que ten por defender a esta institución (mostra un documento do 14 de setembro de 2012 no que figura unha factura 35.000 euros), cando esta casa ten dabondo.

Rógalle ao presidente que lles diga aos asesores que nomea que cando estamos neste plenario, eses asesores non se dediquen nas redes a debater politicamente as cuestións que se aproban aquí, porque deberían estar traballando noutra cousa. O Sr. presidente institucionalmente saberá moito pero de cómo funciona a administración non ten nin idea, porque nunca ocupou un cargo polos seus propios méritos.

Tamén lle gustaría saber se cando fala o Sr. presidente e di que non poñía a man no lume polo anterior presidente, se refería a esas contratacións das que se falou, e se iso é así, pensa que como é o presidente da Deputación debería saber do tema, porque se non é así é unha inaptitude manifesta.

O **Sr. presidente** contesta, en relación coa pregunta sobre o letrado (que foi Decano do Colexio de Avogados de Ourense) que é un procedemento completamente normal e suxeito a dereito.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de abril de 2013

En canto ao rogo dos asesores, pregunta se o Sr. Gómez Pérez está en contra da liberdade de expresión, porque todo o mundo ten dereito a expresar o que queira.

Con respecto á pregunta de poñer a man no lume, contesta que nesa entrevista el dixo que non poñía a man no lume por ninguén, non personalizou. Incluso non a poría nin polo Sr. Gómez Pérez ao que aprecia moitísimo.

E, ás 15:15 horas do citado día vinte e seis de abril de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,